**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 2 de febreiro de 2023. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís **D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade**, **D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema e D.ª Susana Soneira Lema**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

Desculpan as súas ausencias as señoras concelleiras **D.ª Eudoxia María Neira Fernández e D.ª Isabel Faraldo Calvo**, e o señor concelleiro **D. José Manuel**

***SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA DOS DE FEBRERO DE DOS MIL VEINTITRÉS***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 2 de febrero de 2023. Bajo la presidencia de la* ***Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,*** *y con la asistencia de los ediles* ***D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema y D.ª Susana Soneira Lema*** *se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito* ***secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez****, hallándose además presente el* ***interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

*Disculpan sus ausencias las señoras concejalas* ***D.ª Eudoxia María Neira Fernández y D.ª Isabel Faraldo Calvo****, y el señor concejal* ***D. José Manuel Lage***

**Lage Tuñas**.

Ás dez horas e sete minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

**Intervencións**

**Presidencia**

Moi bo día a todos e a todas. Damos inicio a este pleno ordinario correspondente ó mes de febreiro saudando a todos os membros da Corporación, señor secretario, señor interventor, persoal municipal que nos acompaña, aqueles que nos siguen a través do *streaming* municipal e os xornalistas presentes na sala.

**I – PARTE RESOLUTIVA**

**ASUNTO 1**

**COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA**

**16. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.**

**Presidencia**

Parte resolutiva, asunto número un, señor secretario.

**Señor Secretario**

En primeiro lugar, desculpar a inasistencia da señora Faraldo Calvo, do señor Lage Tuñas e da señora Neira Fernández por cuestións de carácter persoal.

Asunto número un, Parte Resolutiva, Comunicacións da Alcaldía.

**Presidencia**

***Tuñas***.

*A las diez horas y siete minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Muy buenos días a todos y a todas. Damos inicio a este pleno ordinario correspondiente al mes de febrero saludando a todos los miembros de la Corporación, señor secretario, señor interventor, personal municipal que nos acompaña, aquellos que nos siguen a través de la retransmisión municipal y los periodistas presentes en la sala.*

***I – PARTE RESOLUTIVA***

***ASUNTO 1***

***COMUNICACIONES DE La ALCALDÍA***

***16. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista.***

***Presidencia***

*Parte resolutiva, asunto número uno, señor secretario.*

***Señor Secretario***

*En primer lugar, disculpar la inasistencia de la señora Faraldo Calvo, del señor Lage Tuñas y de la señora Neira Fernández por cuestiones de carácter personal.*

*Asunto número uno, Parte Resolutiva, Comunicaciones de la Alcaldía.*

***Presidencia***

Nas Comunicacións da Alcaldía, como saben, o pasado 14 de setembro de 2015 aprobouse por unanimidade unha moción conxunta sobre a violencia de xénero na que se establecía iniciar cada pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior Pleno.

*En las Comunicaciones de la Alcaldía, como saben, el pasado 14 de septiembre de 2015 se aprobó por unanimidad una moción conjunta sobre la violencia de género en la que se establecía iniciar cada pleno ordinario esperando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior Pleno.*

Según datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, infórmase que o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascende a 49 no ano 2022, a seis no ano 2023 e a 1.188 desde o 1 de xaneiro de 2003.

*Según datos de la Delegación del Gobierno contra la violencia de género, se informa que el número de mujeres asesinadas por violencia de género en España asciende a 49 en el año 2022, a seis en el año 2023 y a 1.188 desde el 1 de enero de 2003.*

O número de menores asasinados ascende a un no ano 2023 e a 49 desde o 1 de xaneiro do ano 2013, quedando 388 menores orfas ou orfos desde 2013.

*El número de menores asesinados asciende a uno en el año 2023 y a 49 desde el 1 de enero del año 2013, quedándose 388 menores huérfanas o huérfanos desde 2013.*

Desde o Pleno do 12 de xaneiro ata este pleno confirmáronse tres mulleres e un menor asasinados por violencia de xénero, polo que deberemos gardar catro minutos de silencio polas vítimas que a continuación se relacionan:

- O 8 de xaneiro: Natalia Mosquera, en Málaga, de 46 anos.

- O 18 xaneiro: unha muller de apelidos descoñecidos, de 38 anos, en Lleida. Deixa 3 fillas e 2 fillos menores de idade.

- O 23 xaneiro: Paloma Pinedo, de 45 anos, en Valladolid.

- E o 23 de xaneiro unha menor de 8 anos, filla da anterior vítima, tamén en Valladolid.

Solicito a todos os presentes que se poñan en pé para agardar 4 minutos de silencio.

*Desde el Pleno de 12 de enero hasta este pleno se confirmaron tres mujeres y un menor asesinados por violencia de género, por lo que deberemos guardar cuatro minutos de silencio por las víctimas que a continuación se relacionan:*

- *El 8 de enero: Natalia Mosquera, en Málaga, de 46 años.*

- *El 18 enero: una mujer de apellidos desconocidos, de 38 años, en Lleida. Deja 3 hijas y 2 hijos menores de edad.*

- *El 23 enero: Paloma Pinedo, de 45 años, en Valladolid.*

- *Y el 23 de enero una menor de 8 años, hija de la anterior víctima, también en Valladolid.*

*Solicito a todos los presentes que se pongan en pie para esperar 4 minutos de silencio.*

**(Gárdanse 12 minutos de silencio).**

**17. Aprobación de actas.**

**Aprobación dos borradores das actas das sesións plenarias seguintes, celebradas no 2022:**

**- Extraordinaria, do 29 de novembro de 2022.**
**- Ordinaria, do 13 de decembro de 2022.**

**Presidencia**

Na Parte Resolutiva están tamén as Comunicacións da Alcaldía coa aprobación dos borradores das actas das sesións plenarias extraordinaria e urxente do 29 de novembro de 2022 e ordinaria do 13 de decembro de 2022.

Pasamos xa ós asuntos dous, tres e catro. Señor secretario.

**Señor Secretario**

Asunto número dous, Aprobación provisional da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña no ámbito do Polígono O30.2 "Avenida Joaquín Planells Riera". Asunto número tres, Aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM 2013 no polígono POL O.30.1 y PE O29, e asunto número catro, Aprobación provisional da modificación puntual do PXOM da Coruña, execución sentenza sobre o PXOM 2013, Starco Invest S.A.

Os tres asuntos requiren maioría absoluta legal e de conformidade co sinalado na Comisión de Portavoces serán obxecto de tratamento conxunto nun único turno de cinco minutos.

***(Se guardan 12 minutos de silencio).***

***17. Aprobación de actas.***

***Aprobación de los borradores de las actas de las sesiones plenarias siguientes, celebradas en el 2022:***

***- Extraordinaria, de 29 de noviembre de 2022.***
***- Ordinaria, de 13 de diciembre de 2022.***

***Presidencia***

*En la Parte Resolutiva están también las Comunicaciones de la Alcaldía con la aprobación de los borradores de las actas de las sesiones plenarias extraordinaria y urgente de 29 de noviembre de 2022 y ordinaria de 13 de diciembre de 2022.*

*Pasamos ya a los asuntos dos, tres y cuatro. Señor secretario.*

***Señor Secretario***

*Asunto número dos, Aprobación provisional de la modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña en el ámbito del Polígono O30.2 "Avenida Joaquín Planells Riera". Asunto número tres, Aprobación definitiva de la modificación puntual del PGOM 2013 en el polígono POL O.30.1 y PE O29, y asunto número cuatro, Aprobación provisional de la modificación puntual del PGOM de A Coruña, ejecución sentencia sobre lo PGOM 2013, Starco Invest S.A.*

*Los tres asuntos requieren mayoría absoluta legal y de conformidad con lo señalado en la Comisión de Portavoces serán objeto de tratamiento conjunto en un único turno de cinco minutos.*

**Presidencia**

Ben, pois como acaba de explicar o secretario, estes tres asuntos se tratarán de maneira conxunta. Empezará o concelleiro de Urbanismo expoñendo os asuntos e despois haberá unha única quenda de intervención de cinco minutos.

**URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

**Urbanismo**

**ASUNTO 2**

**18. Expte. 631/2019/100 (MPX 7/19) Aprobación provisional da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña no ámbito do Polígono O30.2 "Avenida Joaquín Planells Riera".**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda en sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 2023, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego e da concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema, propoñendo ó Pleno municipal a adopción por maioría absoluta legal dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- Aprobar o informe de contestación ás alegacións do 22.09.2022, redactado polo equipo redactor, e o informe de alegacións municipal do 27.12.2022 confirmatorio do anterior.

SEGUNDO.- Prestar conformidade ao Convenio urbanístico de planeamento e execución referido ás parcelas catastrais

***Presidencia***

*Bien, pues cómo acaba de explicar el secretario, estos tres asuntos se tratarán de manera conjunta. Empezará el concejal de Urbanismo exponiendo los asuntos y después habrá un único turno de intervención de cinco minutos.*

***URBANISMO, VIVIENDA, INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD***

***Urbanismo***

***ASUNTO 2***

***18. Expte. 631/2019/100 (MPX 7/19) Aprobación provisional de la modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña en el ámbito del Polígono O30.2 "Avenida Joaquín Planells Riera".***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda en sesión celebrada el día 30 de enero de 2023, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego y de la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema, proponiendo al Pleno municipal la adopción por mayoría absoluta legal de los acuerdos siguientes:*

*PRIMERO.- Aprobar el informe de contestación a las alegaciones de 22.09.2022, redactado por el equipo redactor, y el informe de alegaciones municipal de 27.12.2022 confirmatorio del anterior.*

*SEGUNDO.- Prestar conformidad al Convenio urbanístico de planeamiento y ejecución referido a las parcelas*

7600906nh4979n0001ld e 7600911nh4979n0001fd, sitas na Avenida do Ferrocarril (antes, Avenida Joaquín Planells Riera) na redacción outorgada logo do período de información ao público e unha vez que foi obtida a aceptación polo representante da entidade “Fomento de Explotaciones Agropecuarias S.L.” ao ser a persoa que subscribiu o texto inicial do convenio. Xúntase o texto do dito convenio como anexo ao presente acordo e á dita modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal.

*catastrales 7600906nh4979n0001ld y 7600911nh4979n0001fd, sitas en la Avenida del Ferrocarril (antes, Avenida Joaquín Planells Riera) en la redacción otorgada después del período de información al público y una vez que fue obtenida la aceptación por el representante de la entidad “Fomento de Explotaciones Agropecuarias S.L.” al ser la persona que suscribió el texto inicial del convenio. Se adjunta el texto de dicho convenio como anexo al presente acuerdo y a la dicha modificación puntual del Plan general de ordenación municipal.*

TERCEIRO.-Aprobar provisionalmente o documento denominado “Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de A Coruña no ámbito do Polígono O30.2 “Avenida Joaquín Planells Riera”. Documento para aprobación provisional. Xaneiro 2023”, redactado pola Oficina de Planeamento, S.A., presentado o 18.01.2023 asinado polo arquitecto D. Alfonso Díaz Revilla, por encargo do Concello da Coruña, coas emendas introducidas polos Servizos técnicos e xurídicos municipais o 20.01.2023.

*TERCERO.- Aprobar provisionalmente el documento denominado “Modificación puntual del Plan general de ordenación municipal de A Coruña en el ámbito del Polígono O30.2 “Avenida Joaquín Planells Riera”. Documento para aprobación provisional. Enero 2023”, redactado por la Oficina de Planeamiento, S.A., presentado el 18.01.2023 firmado por el arquitecto D. Alfonso Díaz Revilla, bajo encargo del Ayuntamiento de A Coruña, con las enmiendas introducidas por los Servicios técnicos y jurídicos municipales el 20.01.2023.*

CUARTO.- Achegar o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da Xunta de Galicia, para a emisión do informe preceptivo previsto no artigo 60.15 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

*CUARTO.- Remitir el expediente completo, debidamente diligenciado, a la Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda, de la Xunta de Galicia, para la emisión del informe preceptivo previsto en el artículo 60.15 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero , del Suelo de Galicia.*

QUINTO.- Notificar este acordo á Sección segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, aos Departamentos municipais e ao ADIF, interesados na súa tramitación.

*QUINTO.- Notificar este acuerdo a la Sección segunda de la Sala de lo contencioso administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a los Departamentos municipales y al ADIF, interesados en su tramitación.*

**ASUNTO 3**

***ASUNTO 3***

**19. Expte. 631/2019/273 (MPX 10/19) Aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM 2013 no polígono POL O.30.1 y PE O29.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda en sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 2023, cos votos a favor dos Grupos Municipais Socialista e Popular, e a abstención dos Grupos Municipais de Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego e da concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema, propoñendo ó Pleno municipal a adopción por maioría absoluta legal dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO POLÍGONO O30.1 E NO PE O29 DA CORUÑA. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA. SETEMBRO 2022", subscrito pola arquitecta municipal do Departamento de Planeamento, o xefe do Departamento de Planeamento e o xefe do Servizo de Planeamento e Xestión do Solo municipais o 27.09.2022, coa emenda no plano O6 de ordenación introducida o 17.01.2023.

SEGUNDO.- Realizar os trámites previstos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e artigos 199, 209 e 212 do Regulamento para o desenvolvemento da lei anterior para a entrada en vigor do documento aprobado.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos Departamentos municipais interesados na súa tramitación.

CUARTO.- Facultar á Alcaldía–Presidencia do Concello para a execución de cuantos actos, trámites e xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

***19. Expte. 631/2019/273 (MPX 10/19) Aprobación definitiva de la modificación puntual del PGOM 2013 en el polígono POL O.30.1 y PE O29.***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda en sesión celebrada el día 30 de enero de 2023, con los votos a favor de los Grupos Municipales Socialista y Popular, y la abstención de los Grupos Municipales de Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego y de la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema, proponiendo al Pleno municipal la adopción por mayoría absoluta legal de los acuerdos siguientes:*

*PRIMERO.- Aprobar definitivamente la "MODIFICACIÓN PUNTUAL DEL PGOM EN EL POLÍGONO O30.1 Y EN EL PE O29 DE A CORUÑA. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA. SEPTIEMBRE 2022", subscrito por la arquitecta municipal del Departamento de Planeamiento, el jefe del Departamento de Planeamiento y el jefe del Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo municipales el 27.09.2022 con la enmienda en el plano O6 de ordenación introducida el 17.01.2023.*

*SEGUNDO.- Realizar los trámites previstos en los artículos 82 y 88 de la Ley 2/2016, del suelo de Galicia y artículos 199, 209 y 212 del Reglamento para el desarrollo de la ley anterior para la entrada en vigor del documento aprobado.*

*TERCERO.- Notificar este acuerdo a los Departamentos municipales interesados en su tramitación.*

*CUARTO.- Facultar a la Alcaldía–Presidencia del Ayuntamiento para la ejecución de cuantos actos, trámites y gestiones sean procedentes para el buen fin de los acuerdos adoptados.*

**ASUNTO 4**

**20. Expte. 631/2017/76 (MPX-3/17) Aprobación provisional da modificación puntual do PXOM da Coruña, execución sentenza sobre o PXOM 2013, Starco Invest S.A.**

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda en sesión celebrada o día 29 de novembro de 2021, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica e Bloque Nacionalista Galego, propoñendo ó Pleno municipal a adopción por maioría absoluta legal dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- Prestar conformidade ao informe ás alegacións formuladas durante o trámite de información pública do expediente, emitido polo xefe do Departamento de Planeamento e o xefe de Servizo de Planeamento e Xestión do Solo, o 3 de xuño do 2019.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente o documento denominado "MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA, EXECUCIÓN SENTENZA SOBRE O PXOM2013. Starco Invest S.A. Setembro 2021", redactado polas arquitectas María Calvo e Ana Marquina Torres, e o avogado Pablo Fraga Varela, coa modificación dos usos sinalada no informe municipal do 21 de outubro de 2021 e as emendas na documentación do plano "P.ORD_6 O6_Zonificación. PXOM modificado" e a ficha da área de normalización "AR L27", indicadas no informe do 22 de novembro de 2021, que xa foron incorporadas segundo a documentación técnica asinada

***ASUNTO 4***

***20. Expte. 631/2017/76 (MPG-3/17) Aprobación provisional de la modificación puntual del PGOM de A Coruña, ejecución sentencia sobre el PGOM 2013, Starco Invest S.A.***

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda en sesión celebrada el día 29 de noviembre de 2021, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica y Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno municipal a adopción por mayoría absoluta legal de los acuerdos siguientes:*

*PRIMERO.- Prestar conformidad al informe de las alegaciones formuladas durante el trámite de información pública del expediente, emitido por el jefe del Departamento de Planeamiento y el jefe de Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo, el 3 de junio del 2019.*

*SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente el documento denominado "MODIFICACIÓN PUNTUAL DEL PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA, EJECUCIÓN SENTENCIA SOBRE EL PGOM2013. Starco Invest S.A. Septiembre 2021", redactado por las arquitectas María Calvo y Ana Marquina Torres, y el abogado Pablo Fraga Varela, con la modificación de los usos señalada en el informe municipal de 21 de octubre de 2021 y las enmiendas en la documentación del plano "P.ORD_6 O6_Zonificación. PGOM modificado" y la ficha del área de normalización "AR L27", indicadas en el informe de 22 de noviembre de 2021, que ya fueron incorporadas según la documentación técnica firmada*

dixitalmente o 24 de novembro de 2021 polo equipo redactor no documento para aprobación provisional.

*digitalmente el 24 de noviembre de 2021 por el equipo redactor en el documento para aprobación provisional*

TERCEIRO.- Achegar copia do expediente completo debidamente dilixenciado á consellería competente en materia de ordenación do territorio, para a emisión do informe preceptivo e vinculante previsto no artigo 60, parágrafo 15, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (artigo 144.15 do Regulamento de desenvolvemento da Lei) e do documento técnico aprobado ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

*TERCERO.- Adjuntar copia del expediente completo debidamente diligenciado a la consellería competente en materia de ordenación del territorio, para la emisión del informe preceptivo y vinculante previsto en el artículo 60, parágrafo 15, de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia (art. 144.15 del Reglamento de desarrollo de la Ley) y del documento técnico aprobado al Tribunal Superior de Justicia de Galicia.*

Achégase como anexo o informe do 25 de novembro de 2021 da Xefatura do Servizo de Plan e Xestión do Chan e da Xefatura do Departamento de Planeamento.

*Se adjunta como anexo el informe de 25 de noviembre de 2021 de la Jefatura del Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo y de la Jefatura del Departamento de Planeamiento.*

ANEXO

*Asunto:*

**21081 INFORME REVISIÓN DOCUMENTO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL CON EMENDAS, ACHEGADO O 25.11.2021.**

Para os efectos de dar cumprimento ao sinalado polo Secretario Xeral no seu informe do 23/11/2021 o xefe de Servizo de Planeamento e Xestión do Solo solicitou mediante mensaxe electrónica ao equipo redactor da modificación puntual do PXOM/13 no ámbito do polígono POL L27 “Lugar de Mouras Rejas”, a realización das emendas sinaladas nos informes municipais do 21.10.2021 e 22.11.2021, para os efectos de incorporalas no documento de aprobación provisional e non diferilas ao de aprobación definitiva.

O 25.11.2021 enviouse a documentación emendada mediante enlace de descarga á plataforma Wetransfer, achegada por mensaxe electrónica ao xefe do Departamento de Planeamento.

Toda esta documentación queda incorporada ao expediente administrativo da modificación puntual.

Analizado o contido da documentación presentada compróbase o seguinte:

A documentación achegada é o arquivo “150308_MP15PXOM_202109_AP.zip”, que se renomea como “150308_MP15PXOM_202109_AP01.zip” (art. 11.1.d) da Orde do 11.11.2019).

O citado arquivo contén os seguintes ficheiros editábeis e non editábeis:

| Nombre | Tamaño comprimido | Fecha de modificación |
|---|---|---|
| 15030_MPPXOM_202111_AP_DECLARACIÓN RESPONSABLE_25.11.21_signed | 12 KB | 25/11/2021 0:29 |
| 150308_MP15PXOM_202109_AP_01PDF | 67.962 KB | 24/11/2021 21:20 |
| 150308_MP15PXOM_202109_AP_01PDF.zip.hashb64 | 1 KB | 24/11/2021 23:58 |
| 150308_MP15PXOM_202109_AP_02EDIT | 225.189 KB | 25/11/2021 0:25 |
| 150308_MP15PXOM_202109_AP_02EDIT.zip.hashb64 | 1 KB | 25/11/2021 0:27 |

Que se corresponde coa estrutura exixida polo Anexo IV da citada Orde.

Analizados os ficheiros, compróbase que conteñen os mesmos directorios e arquivos que a documentación presentada o 21.11.2021 polo equipo redactor (que foi informada polo XSPX e XDP o 22.11.2021), con modificacións introducidas nos seguintes arquivos non editábeis:

a) 150308_MP15PXOM_202109_AP_MX_02XUS.PDF (Memoria xustificativa), e

b) 150308_MP15PXOM_202109_AP_PORD_6O6_ZONIFICACION.PXOM MODIFICADO.PDF (Plano de ordenación).

e nos seus ficheiros editábeis correspondentes.

Revisado o contido destes documentos, compróbase que incorporan os seguintes cambios:

**a) Memoria xustificativa.**

Páxinas:19, 24, 27 e 28, para a incorporación dos usos solicitados nos informes municipais de referencia. Non obstante o antedito, comprobouse que na Norma Zonal 4, subzona 7A, o equipo redactor incorporou os usos previstos polo PXOM/13 na ordenanza orixinal, polo mesmo razoamento empregado para a Norma Zonal 6, determinación que se considera axeitada.

Anexo V: Ficha AN L27, para a actualización dos datos de superficies indicados no informe municipal.

**b) Plano de ordenación.**

P.ORD_6 O6_Zonificación, para a emenda da nomenclatura da área de normalización e identificación correcta das normas zonais de aplicación 6.2A e 4.7A.

Mantendo o resto dos documentos o mesmo contido cá documentación achegada o 21.10.2021.

En consecuencia, foi dado cumprimento aos informes emitidos polo Departamento de Planeamento do 21.10.2021 e 22.11.2021, téndose incorporada a documentación que dá cumprimento ás observación sinaladas nos ditos informes.

O que se informa para producir os efectos conseguintes.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento.

O xefe do Departamento de Planeamento

O xefe de Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

| **Intervencións** | ***Intervenciones*** |
|---|---|
| **Presidencia** | ***Presidencia*** |
| Señor Díaz Gallego, ten a palabra. | *Señor Díaz Gallego, tiene la palabra.* |
| Grazas, señora alcaldesa. | *Gracias, señora alcaldesa.* |
| Bos días. Quero comezar hoxe este pleno sinalando que é o primeiro no que os veciños da marxe dereita do Ofimático non teñen que manifestarse na porta do Palacio municipal para reclamar, non?, os seus dereitos, as súas reivindicacións con respecto ás súas vivendas porque foi este goberno municipal quen esta mesma semana deulles xa solución ós seus problemas, que acumulaban máis de 15 anos sen solucionar. Quero, dende logo, agradecer nesta solución o impulso da alcaldesa e a confianza na Concellería de Urbanismo para chegar a este punto. Dende logo, agradecer ós afectados a súa xenerosidade, a súa colaboración para chegar a este acordo ó que hemos chegado e polo menos tamén, loxicamente, ós meus compañeiros da Concellería de Urbanismo polo traballo intenso destes últimos dous anos. | *Buenos dilas. Quiero comenzar hoy este pleno señalando que es el primero en el que los vecinos de la margen derecha del Ofimático no tienen que manifestarse en la puerta del Palacio municipal para reclamar, ¿no?, sus derechos, sus reivindicaciones con respecto a sus viviendas porque fue este gobierno municipal quien esta misma semana les dio ya solución a sus problemas, que acumulaban más de 15 años sin solucionar. Quiero, desde luego, agradecer en esta solución el impulso de la alcaldesa y la confianza en la Concejalía de Urbanismo para llegar la este punto. Desde luego, agradecer a los afectados su generosidad, su colaboración para llegar a este acuerdo al que hemos llegado y por lo menos también, lógicamente, a mis compañeros de la Concejalía de Urbanismo por el trabajo intenso de estos últimos dos años.* |
| Traemos hoxe a Pleno, este pleno de | *Traemos hoy a Pleno, este pleno de* |

febreiro de 2023, tres expedientes de planeamento en diferentes fases de tramitación, dous relativos á estación intermodal e a súa contorna e outro relativo ó polígono coñecido no Plan Xeral como A Moura-Rejas na avenida de Fisterra. Dous deles, ademais —e creo que é relevante deixar constancia deste feito aquí— en execución de sentenza: o Polígono N27 de Moura-Rejas e o Polígono 30.2 de Joaquín Planells, polo cal, a necesidade da súa aprobación vén motivada nunha sentenza xudicial favorable á propiedade, que no seu momento presentou recurso contra a aprobación do Plan Xeral de 2013.

*febrero de 2023, tres expedientes de planeamiento en diferentes fases de tramitación, dos relativos a la estación intermodal y su entorno y otro relativo al polígono conocido en el Plan General como A Moura-Rejas en la avenida de Fisterra. Dos de ellos, además —y creo que es relevante dejar constancia de este hecho aquí— en ejecución de sentencia: el Polígono N27 de Moura-Rejas y el Polígono 30.2 de Joaquín Planells, por lo cual, la necesidad de su aprobación viene motivada en una sentencia judicial favorable a la propiedad, que en su momento presentó recurso contra la aprobación del Plan General de 2013.*

No caso de Polígono N27 de Moura-Rejas, a súa tramitación foi iniciada no mandato anterior, na Xunta de Goberno Local de 25 de agosto de 2017 e unha vez recabados todos os informes necesarios foi aprobado inicialmente no Pleno do 9 de abril do 2018. No período de exposición ó público tivo entrada unha única alegación dun dos propietarios do ámbito que foi estimada parcialmente. Os cambios introducidos dende a aprobación inicial consisten na exclusión da área de normalización prevista da parcela do alegante e dun conxunto de vivendas situada na avenida de Fisterra que pasan a manterse dentro da Ordenanza 4, dando continuidade ó núcleo da Silva e ó da Fontenova. Unha ordenación, a que traemos hoxe aquí para a súa aprobación provisional, que fronte á existente previamente no Plan, atende máis á realidade construída da zona.

*En el caso de Polígono N27 de Moura-Rejas, su tramitación fue iniciada en el mandato anterior, en la Junta de Gobierno Local de 25 de agosto de 2017 y una vez recabados todos los informes necesarios fue aprobado inicialmente en el Pleno de 9 de abril del 2018. En el período de exposición al público tuvo entrada una única alegación de uno de los propietarios del ámbito que fue estimada parcialmente. Los cambios introducidos desde la aprobación inicial consisten en la exclusión del área de normalización prevista de la parcela del alegante y de un conjunto de viviendas ubicado en la avenida de Fisterra que pasan a mantenerse dentro de la Ordenanza 4, dando continuidad al núcleo de la Silva y al de la Fontenova. Una ordenación, la que traemos hoy aquí para su aprobación provisional, que frente a la existente previamente en el Plan, atiende más a la realidad construida de la zona.*

No que respecta ó Polígono 030.2 de Joaquín Planells trátase, como dicía tamén, dunha execución de sentenza que obriga o Concello a modificar o Plan Xeral para delimitar como solo urbano consolidado o polígono que figuraba no

*En lo que respecta al Polígono 030.2 de Joaquín Planells se trata, como decía también, de una ejecución de sentencia que obliga al Ayuntamiento a modificar el Plan General para delimitar como suelo urbano consolidado el polígono que*

Plan Xeral de 2013. En tanto que solo urbano consolidado, as dotacións previstas polo Plan, tanto equipamentos como zonas verdes, terían que ser expropiadas polo Concello para a súa obtención, pero grazas ás negociacións levadas a cabo na Concellería de Urbanismo puido ser asinado un convenio coa propiedade no que se mantén a ordenación prevista do Plan Xeral de 2013 en solo urbano consolidado, cedendo a propiedade de forma gratuíta tanto as zonas verdes e viarios como o antigo concesionario de Conde Medín para o seu uso dotacional. Ademais se ceden ó Concello terreos incluídos na propiedade que pasarán a formar parte da nova intermodal da Coruña e se inclúe un 10 % de vivenda protexida, estándar que non sería obrigatorio en solo urbano consolidado, pero que foi conseguido por este goberno local de Inés Rey nas negociacións que se mantiveron.

*figuraba en el Plan General de 2013. En tanto que suelo urbano consolidado, las dotaciones previstas por el Plan, tanto equipamientos como zonas verdes, tendrían que ser expropiadas por el Ayuntamiento para su obtención, pero gracias a las negociaciones llevadas a cabo en la Concejalía de Urbanismo pudo ser firmado un convenio con la propiedad en el que se mantiene la ordenación prevista del Plan General de 2013 en suelo urbano consolidado, cediendo la propiedad de forma gratuita tanto las zonas verdes y viarios como el antiguo concesionario de Conde Medín para su uso dotacional. Además se ceden al Ayuntamiento terrenos incluidos en la propiedad que pasarán a formar parte de la nueva intermodal de A Coruña y se incluye un 10% de vivienda protegida, estándar que no sería obligatorio en suelo urbano consolidado, pero que fue conseguido por este gobierno local de Inés Rey en las negociaciones que se mantuvieron.*

Por último, traemos tamén a Pleno a aprobación definitiva do Plan Especial da estación intermodal da Coruña, un paso máis, xa o derradeiro en materia de planeamento, no desenvolvemento da estación intermodal da cidade, proxecto impulsado dende o minuto un pola alcaldesa, que conseguiu desbloquear as negociacións entre administracións, asinar o convenio e o pasado ano 2022 iniciar as obras, tanto da estación de autobuses como da estación de trens e de elementos comúns. Con esta aprobación de planeamento, sumada á do ámbito de Joaquín Planells e á do Polígono da Sardiñeira, xa aprobado tamén definitivamente neste mandato, damos por concluída a tramitación urbanística da intermodal. Se a iso sumamos os tres proxectos xa redactados para a urbanización da contorna e a consecución por parte deste goberno

*Por último, traemos también a Pleno la aprobación definitiva del Plan Especial de la estación intermodal de A Coruña, un paso más, ya el último en materia de planeamiento, en el desarrollo de la estación intermodal de la ciudad, proyecto impulsado desde el minuto uno por la alcaldesa, que consiguió desbloquear las negociaciones entre administraciones, firmar el convenio y el pasado año 2022 iniciar las obras, tanto de la estación de autobuses como de la estación de trenes y de elementos comunes. Con esta aprobación de planeamiento, sumada a la del ámbito de Joaquín Planells y a la del Polígono de la Sardiñeira, ya aprobado también definitivamente en este mandato, damos por concluida la tramitación urbanística de la intermodal. Si a eso sumamos los tres proyectos ya redactados para la urbanización del entorno y la consecución*

local de 9 millóns de euros para financiar a parte municipal das obras, podemos afirmar que este goberno local remata o primeiro mandato con deberes ben feitos.

*por parte de este gobierno local de 9 millones de euros para financiar a parte municipal de las obras, podemos afirmar que este gobierno local finaliza el primer mandato con deberes bien hechos.*

Por todo isto, traemos hoxe a Pleno estes expedientes para a súa aprobación pola Corporación recordando unha vez máis que dous deles son obxecto de sentenza xudicial, que polo tanto o impulso da súa tramitación é unha obriga desta corporación.

*Por todo esto, traemos hoy a Pleno estos expedientes para su aprobación por la Corporación recordando una vez más que dos de ellos son objeto de sentencia judicial, que por lo tanto el impulso de su tramitación es una obligación de esta corporación.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

Ben, Moitas grazas, señor Díaz.

Comezamos a quenda de debates. Señora Soneira, ten vostede a palabra.

Non ten micro. A ver, un momento. Podemos por favor... Non hai micro aí? Pódese colocar ese, grazas.

***Presidencia***

*Bien, Muchas gracias, señor Díaz.*

*Comenzamos el turno de debates. Señora Soneira, tiene usted la palabra.*

*No tiene micro. A ver, un momento. Podemos por favor... ¿No hay micro ahí? Se puede colocar ese, gracias.*

**Señora Soneira Lema**

Bos días, señora alcaldesa, concelleiros, concelleiras, persoal que nos sigue, cidadáns que nos siguen a través de *straming*, medios de comunicación, bos días todos e a todas.

Con respecto a estos tres asuntos, non teño nada que comentar destos tres asuntos. Vistos en Comisión parece que cumpren o requerido, polo tanto non me vou opoñer a súa aprobación.

***Señora Soneira Lema***

*Buenos días, señora alcaldesa, concejales, concejalas, personal que nos sigue, ciudadanos que nos siguen a través de la retransmisión en directo, medios de comunicación, buenos días todos y a todas.*

*Con respecto a estos tres asuntos, no tengo nada que comentar de estos tres asuntos. Vistos en Comisión parece que cumplen lo requerido, por lo tanto no me voy a oponer su aprobación.*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Señora Martínez.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Señora Martínez.*

**Señora Martínez Lema**

Moitas grazas. Moi bos días a todos.

Estamos diante dun proceso esencial para que a intermodal sexa unha realidade. Coa parte das obras que lle corresponden á Xunta e ó Adif xa comezadas, con esta aprobación poderanse acometer todas as interaccións no que é a intermodalidade entre ferrocarril e a estación de autobuses e todos os servizos exteriores. Podía terse feito antes tendo en conta que desde agosto do ano pasado xa se tiña o informe urbanístico, pero aplaudo que a lo menos se vaia facer antes de que acabe o mandato.

O meu voto será, pois, a favor dunha aprobación fundamental para poñer en marcha o proceso e que por fin se resolvan todas as necesidades para poñer en marcha dunha vez a necesaria estación intermodal.

**Presidencia**

Moitas grazas.

Turno para o Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

**Señora Veira González**

Si. En primeiro lugar saudar os compañeiros e compañeiras da Corporación, o persoal municipal que permite que se realice esta sesión plenaria e tamén os medios de comunicación e a cidadanía que nos seguen polo *streaming*.

Tal e como sinalamos na aprobación inicial e provisional da modificación puntual do PXOM no POL O30.1 e P029 da Coruña, hai cuestións desta modificación puntual que non nos

***Señora Martínez Lema***

*Muchas gracias. Muy buenos días a todos.*

*Estamos ante de un proceso esencial para que la intermodal sea una realidad. Con la parte de las obras que le corresponden a la Xunta y al Adif ya comenzadas, con esta aprobación se podrán acometer todas las interacciones en lo que es la intermodalidad entre ferrocarril y la estación de autobuses y todos los servicios exteriores. Podía haberse hecho antes teniendo en cuenta que desde agosto del año pasado ya se tenía el informe urbanístico, pero aplaudo que por lo menos se vaya a hacer antes de que acabe el mandato.*

*Mi voto será, pues, a favor de una aprobación fundamental para poner en marcha el proceso y que por fin se resuelvan todas las necesidades para poner en marcha de una vez la necesaria estación intermodal.*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Turno para el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.*

***Señora Veira González***

*Sí. En primer lugar saludar a los compañeros y compañeras de la Corporación, al personal municipal que permite que se realice esta sesión plenaria y también a los medios de comunicación y a la ciudadanía que nos siguen a través de la retransmisión en directo.*

*Tal y como señalamos en la aprobación inicial y provisional de la modificación puntual del PGOM en el POL O30.1 y P029 de A Coruña, hay cuestiones de esta modificación puntual que no nos gustan, a*

gustan, malia que recoñezamos que é unha versión do planeamento arredor da intermodal más axustada ós tempos que nos corresponden. Xa falamos en dúas ocasións disto. Elimínanse a totalidade de metros cadrados de usos residenciais, a totalidade dos 10.000 de hoteleiros, 45.000 de terciario, pero mantéñense 5.100 en aplicación do convenio.

*pesar de que reconozcamos que es una versión del planeamiento alrededor de la intermodal más ajustada a los tiempos que nos corresponden. Ya hablamos en dos ocasiones de esto. Se eliminan la totalidad de metros cuadrados de usos residenciales, la totalidad de los 10.000 de hoteleros, 45.000 de terciario, pero se mantienen 5.100 en aplicación del convenio.*

Iso parécennos, eses 5.000 m2, parécennos a parte máis conflitiva —desde logo para nós— desta modificación puntual porque —xa o sinalamos nas outras aprobacións— a ficha do PXOM recolle o uso dos 5.100 m2 de complementarios de carácter lucrativo e até un máximo do 50 % das superficies de edificabilidade para usos industriais, comerciais e de servizos asociados ou ferroviario, todo isto sen concretarse os usos na ficha do PXOM. Falamos no anterior Pleno no que tratamos isto que a ficha do PXOM se limita a sinalar que o Adif terá que presentar un plan especial de infraestruturas para o desenvolvemento do que se recolle na ficha sen, cando menos, adiantar e recoller nesa ficha o que se vai poder instalar ou non dentro dese 50 % da superficie construída nin nos 5.100 m2. Esta é unha cuestión que nos preocupa, preocúpanos que isto vai ter impacto sobre o comercio dos Mallos, xa o temos comentado durante os debates de aprobación inicial e provisional.

*Eso nos parece, esos 5.000 m2, nos parecen la parte más conflictiva —desde luego para nosotros— de esta modificación puntual porque —ya lo señalamos en las otras aprobaciones— la ficha del PGOM recoge el uso de los 5.100 m2 de complementarios de carácter lucrativo y hasta un máximo del 50 % de las superficies de edificabilidad para usos industriales, comerciales y de servicios asociados o ferroviario, todo esto sin concretarse los usos en la ficha del PGOM. Dijimos en el anterior Pleno en el que tratamos esto que la ficha del PGOM se limita a señalar que el Adif tendrá que presentar un plan especial de infraestructuras para el desarrollo de lo que se recoge en la ficha sin, cuando menos, adelantar y recoger en esa ficha lo que va a poder instalarse o no dentro de ese 50 % de la superficie construida ni en los 5.100 m2. Esta es una cuestión que nos preocupa, nos preocupa que esto va a tener impacto sobre el comercio de los Mallos, ya lo hemos comentado durante los debates de aprobación inicial y provisional.*

Obviamente, esta é unha modificación do planeamento e polo tanto corresponde falar do continente, non?, do que é fisicamente a intermodal e a regulación do desenvolvemento deste edificio e dos servizos que cómpre recoller no PXOM. Ben sabemos que isto non é cuestión da modificación puntual, recoller cuestións relativas ó contido dos servizos

*Obviamente, esta es una modificación del planeamiento y por lo tanto corresponde hablar del continente, ¿no?, de lo que es físicamente la intermodal y la regulación del desarrollo de este edificio y de los servicios que hace falta recoger en el PGOM. Bien sabemos que esto no es cuestión de la modificación puntual, recoger cuestiones relativas al contenido*

ferroviarios que vaian desenvolverse na estación intermodal, mais si consideramos pertinente falar politicamente neste pleno dos contidos da intermodal, que intermodalidade vai haber dentro desta estación. Isto tamén nos preocupa e parécenos pertinente. Vai haber servizos ferroviarios de calidade alén das conexións con Santiago de Compostela e Vigo?

*de los servicios ferroviarios que se vayan a desarrollar en la estación intermodal, pero sí consideramos pertinente hablar políticamente en este pleno de los contenidos de la intermodal, qué intermodalidad va a haber dentro de esta estación. Esto también nos preocupa y nos parece pertinente ¿Va a haber servicios ferroviarios de calidad más allá de las conexiones con Santiago de Compostela y Vigo?*

Cómpre reivindicarmos desde este pleno e tamén correspóndelle ó Goberno municipal reivindicar todas as melloras no ferrocarril, un tren de proximidade que nos conecte realmente coa comarca e mellorar as conexións con Ferrol e Lugo. Só así de verdade haberá unha real intermodalidade.

*Hace falta reivindicar desde este pleno y también le corresponde al Gobierno municipal reivindicar todas las mejoras en el ferrocarril, un tren de cercanías que nos conecte realmente con la comarca y mejorar las conexiones con Ferrol y Lugo. Solo así de verdad habrá una real intermodalidad.*

E no que ten a ver coa aprobación provisional da modificación puntual do PXOM no ámbito do Polígono 030.2, avenida de Joaquín Planells, ben, xa comentamos tamén que esta modificación puntual ten a súa orixe na execución dunha sentenza, como dixo o propio concelleiro de Urbanismo, unha sentenza contra o PXOM que sinalaba que era solo urbano non consolidado, mais os tribunais determinaron que o que é é solo urbano consolidado.

*Y en lo referido a la aprobación provisional de la modificación puntual del PGOM en el ámbito del Polígono 030.2, avenida de Joaquín Planells, bien, ya comentamos también que esta modificación puntual tiene su origen en la ejecución de una sentencia, como dijo el propio concejal de Urbanismo, una sentencia contra el PGOM que señalaba que era suelo urbano no consolidado, pero los tribunales determinaron que lo que es es suelo urbano consolidado.*

Ben, coa modificación que se propón para dar cumprimento á sentenza, se ben é certo que se manteñen, como dixo o concelleiro, a cesión gratuíta ó Concello das dotacións públicas cualificadas no PXOM, o certo é que a porcentaxe de vivenda suxeita a réxime de protección pública queda só nun 10 %, e é certo, xa o sabemos, que en solo urbano consolidado non é obrigatorio que haxa vivendas de protección pública, mais a documentación —e así o sinalamos na aprobación inicial— tamén fala dunha alternativa para a modificación do

*Bien, con la modificación que se propone para dar cumplimiento a la sentencia, si bien es cierto que se mantienen, como dijo el concejal, la cesión gratuita al Ayuntamiento de las dotaciones públicas calificadas en el PGOM, lo cierto es que el porcentaje de vivienda sujeta a régimen de protección pública se queda solo en un 10 %, y es cierto, ya lo sabemos, que en suelo urbano consolidado no es obligatorio que haya viviendas de protección pública, pero la documentación —y así lo señalamos en la aprobación inicial— también habla de*

PXOM que consistía en manter a ordenación prevista polo Plan Xeral fixando a totalidade do aproveitamento para destino a vivenda suxeita a algún réxime de protección pública, obtendo as parcelas polo sistema de expropiación. Esta alternativa consideramos que non se desenvolveu suficientemente na documentación que se nos achegou e limítase no informe proposta a xulgarse como moi onerosa para o Concello. Botamos de menos neste, como noutros casos, un estudo máis polo miúdo das alternativas, e botamos de menos tamén nestes casos un interese maior do Goberno local en estudar ou ter un estudo pormenorizado das alternativas das modificacións puntuais do PXOM, mesmo, mesmo sabendo que o Concello non ten grandes competencias en materia de vivenda, pero que si pode liderar o procurar a implicación doutras administracións que si que teñen competencias e podíao ter feito na modificación do PXOM da que estamos a falar neste caso.

*una alternativa para la modificación del PGOM que consistía en mantener la ordenación prevista por el Plan General fijando la totalidad del aprovechamiento para destino a vivienda sujeta a algún régimen de protección pública, obteniendo las parcelas por el sistema de expropiación. Esta alternativa consideramos que no se desarrolló suficientemente en la documentación que se nos hizo llegar y se limita en el informe propuesta a juzgarse como muy onerosa para el Ayuntamiento. Echamos de menos en este, como en otros casos, un estudio más pormenorizado de las alternativas, y echamos de menos también en estos casos un interés mayor del Gobierno local en estudiar o tener un estudio pormenorizado de las alternativas de las modificaciones puntuales del PGOM, incluso, incluso sabiendo que el Ayuntamiento no tiene grandes competencias en materia de vivienda, pero que sí puede liderar el procurar la implicación de otras administraciones que sí que tienen competencias y lo podía haber hecho en la modificación del PGOM de la que estamos hablando en este caso.*

En todo caso, remato xa coa cuestión da execución das sentenzas sobre o PXOM de Starco Invest. No que ten a ver con este asunto imos votar a favor, tal e como fixemos na sesión de aprobación inicial polo 2018.

*En todo caso, finalizo ya con la cuestión de la ejecución de las sentencias sobre lo PGOM de Starco Invest. Con respecto a este asunto vamos a votar a favor, tal y como hicimos en la sesión de aprobación inicial por el 2018.*

**Ás dez horas e vinte e seis minutos sae do Salón de Sesións a señora Soneira Lema.**

***A las diez horas y veintiséis minutos sale del Salón de Sesiones la señora Soneira Lema.***

**Presidencia**

Grazas ó BNG, grazas, señora Veira.

Turno para a Marea Atlántica, señor Martínez.

***Presidencia***

*Gracias al BNG, gracias, señora Veira.*

*Turno para la Marea Atlántica, señor Martínez.*

**Señor Martínez Durán**

***Señor Martínez Durán***

Si. Bo día, alcaldesa, concelleiros, concelleiras, traballadores e traballadoras municipais, medios de comunicación, veciños e veciñas.

A documentación achegada é o arquivo “150308_MP15PXOM_202109_AP.zip”, que se renomea como “150308_MP15PXOM_202109_AP01.zip” (art. 11.1.d) da Orde do 11.11.2019).

O citado arquivo contén os seguintes ficheiros editábeis e non editábeis:

| Nombre | Tamaño comprimido | Fecha de modificación |
|---|---|---|
| 15030_MPPXOM_202111_AP_DECLARACIÓN RESPONSABLE_25.11.21_signed | 12 KB | 25/11/2021 0:29 |
| 150308_MP15PXOM_202109_AP_01PDF | 67.962 KB | 24/11/2021 21:20 |
| 150308_MP15PXOM_202109_AP_01PDF.zip.hashb64 | 1 KB | 24/11/2021 23:58 |
| 150308_MP15PXOM_202109_AP_02EDIT | 225.189 KB | 25/11/2021 0:25 |
| 150308_MP15PXOM_202109_AP_02EDIT.zip.hashb64 | 1 KB | 25/11/2021 0:27 |

Que se corresponde coa estrutura exixida polo Anexo IV da citada Orde.

Analizados os ficheiros, compróbase que conteñen os mesmos directorios e arquivos que a documentación presentada o 21.11.2021 polo equipo redactor (que foi informada polo XSPX e XDP o 22.11.2021), con modificacións introducidas nos seguintes arquivos non editábeis:

c) 150308_MP15PXOM_202109_AP_MX_02XUS.PDF (Memoria xustificativa), e

d) 150308_MP15PXOM_202109_AP_PORD_6O6_ZONIFICACION.PXOM MODIFICADO.PDF (Plano de ordenación).

e nos seus ficheiros editábeis correspondentes.

Revisado o contido destes documentos, compróbase que incorporan os seguintes cambios:

**c) Memoria xustificativa.**

Páxinas:19, 24, 27 e 28, para a incorporación dos usos solicitados nos informes municipais de referencia. Non obstante o antedito, comprobouse que na Norma Zonal 4, subzona 7A, o equipo redactor incorporou os usos previstos polo PXOM/13 na ordenanza orixinal, polo mesmo razoamento empregado para a Norma Zonal 6, determinación que se considera axeitada.

Anexo V: Ficha AN L27, para a actualización dos datos de superficies indicados no informe municipal.

**d) Plano de ordenación.**

P.ORD_6 O6_Zonificación, para a emenda da nomenclatura da área de normalización e

identificación correcta das normas zonais de aplicación 6.2A e 4.7A.

Mantendo o resto dos documentos o mesmo contido cá documentación achegada o 21.10.2021.

En consecuencia, foi dado cumprimento aos informes emitidos polo Departamento de Planeamento do 21.10.2021 e 22.11.2021, téndose incorporada a documentación que dá cumprimento ás observación sinaladas nos ditos informes.

O que se informa para producir os efectos conseguintes.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento.

O xefe do Departamento de Planeamento

O xefe de Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

| **Intervencións** | ***Intervenciones*** |
| --- | --- |
| **Presidencia** | ***Presidencia*** |
| Pasamos ó asunto número cinco, Área de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego. | *Pasamos ya al asunto número cinco, Área de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria y Empleo.* |
| Señor secretario. | *Señor secretario.* |
| **EDUCACIÓN, MEMORIA HISTÓRICA, INNOVACIÓN, INDUSTRIA E EMPREGO** | ***EDUCACIÓN, MEMORIA HISTÓRICA, INNOVACIÓN, INDUSTRIA Y EMPLEO*** |
| **Educación** | ***Educación*** |
| **ASUNTO 5** | ***ASUNTO 5*** |
| **21. Expte. 236/2022/269**<br>**Aprobación definitiva da modificación do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello da Coruña.** | ***21. Expte. 236/2022/269***<br>***Aprobación definitiva de la modificación del Reglamento de organización y funcionamiento de las escuelas infantiles integradas en la Red de Escuelas Infantiles Municipales del Ayuntamiento de A Coruña.*** |
| Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral en sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 2023, | *Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Administración General en sesión celebrada el día 30 de enero de 2023, con* |

co voto a favor do Grupo Municipal Socialista e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego e da concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema, propoñendo ó Pleno municipal a adopción dos acordos seguintes:

*el voto a favor del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego y de la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema, proponiendo al Pleno municipal la adopción de los acuerdos siguientes:*

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións número 1 e número 2 por non ser obxecto os artigos 7 e 11 referenciados do acordo adoptado polo pleno da corporación municipal de aprobación inicial da modificación do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello da Coruña.

*PRIMERO. - Desestimar las alegaciones número 1 y número 2 por no ser objeto los artículos 7 y 11 referenciados del acuerdo adoptado por el pleno de la corporación municipal de aprobación inicial de la modificación del Reglamento de organización y funcionamiento de las escuelas infantiles integradas en la Red de Escuelas Infantiles Municipales del Ayuntamiento de A Coruña.*

SEGUNDO.- Desestimar a alegación número 3 por entender, por unha banda, que non procede modificar o que vén establecido nun Decreto do órgano competente na materia, a Consellería de Educación; e, por outra banda, que pode resultar beneficiosa para o interese público a apertura durante os doce meses do ano das escolas, de cara a adoptar medidas de conciliación que poden chegar a ser demandadas nun futuro pola cidadanía.

*SEGUNDO.- Desestimar la alegación número 3 por entender, por una parte, que no procede modificar lo que viene establecido en un Decreto del órgano competente en la materia, la Consellería de Educación; y, por otra parte, que puede resultar beneficiosa para el interés público la apertura durante los doce meses del año de las escuelas, de cara a adoptar medidas de conciliación que pueden llegar a ser demandadas en un futuro por la ciudadanía.*

TERCEIRO.- Desestimar a alegación número 4 por tratarse dunha mellora social por parte da/s empresa/s adxudicataria/s de cara aos e ás traballadores/as, establecida no convenio regulador dos centros de educación infantil, así como na cláusula derivada da interpretación do devandito convenio e incluída nos pregos polos que se regulan os contratos en vigor das escolas municipais, no sentido de que o Concello non ten a obriga de soportar ese custo.

*TERCERO. - Desestimar la alegación número 4 por tratarse de una mejora social por parte de la/s empresa/s adjudicataria/s de cara a los y a las trabajadores/as, establecida en el convenio regulador de los centros de educación infantil, así como en la cláusula derivada de la interpretación de dicho convenio e incluida en los pliegos por los que se regulan los contratos en vigor de las escuelas municipales, en el sentido de que el Ayuntamiento no tiene el deber de soportar ese coste.*

CUARTO.- Desestimar a alegación

*CUARTO. - Desestimar la alegación*

número 5 por non ser de aplicación retroactiva a modificación proposta do regulamento, en tanto en canto derivaría nunha modificación substancial dos contratos actuais, vulnerando os principios que deben presidir toda contratación pública: liberdade da competencia, igualdade de trato e transparencia.

*número 5 por no ser de aplicación retroactiva la modificación propuesta del reglamento, en tanto en cuanto derivaría en una modificación sustancial de los contratos actuales, vulnerando los principios que deben presidir toda contratación pública: libertad de la competencia, igualdad de trato y transparencia.*

QUINTO.- Aprobar definitivamente as modificacións do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello da Coruña e proceder á publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

*QUINTO. - Aprobar definitivamente las modificaciones del Reglamento de organización y funcionamiento de las escuelas infantiles integradas en la Red de Escuelas Infantiles Municipales del Ayuntamiento de A Coruña y proceder a la publicación íntegra de su texto en el Boletín Oficial de la Provincia.*

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas.

*Gracias.*

Ten a palabra o señor Celemín para explicar o asunto e a continuación haberá unha única quenda de intervención de tres minutos.

*Tiene la palabra el señor Celemín para explicar el asunto y a continuación habrá un único turno de intervención de tres minutos.*

Señor Celemín, ten a palabra.

*Señor Celemín, tiene la palabra.*

***Señor Celemín Santos***

**Señor Celemín Santos**

*Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días a todas e a todos.*

Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todas y a todos.

*O punto de orde que traemos á aprobación deste pleno é un paso máis á mellora da vida da cidadanía desta cidade. Son momentos en que a política recobra un sentido esencial e dignifícaa porque se trata de ofrecer e establecer as pautas que redundarán en dar un bo servizo ás familias da Coruña. O que traemos hoxe é a aprobación definitiva do Regulamento de Organización e funcionamento das escolas infantís*

El punto de orden que traemos a la aprobación de este pleno es un paso más a la mejora de la vida de la ciudadanía de esta ciudad. Son momentos en que la política recobra un sentido esencial y la dignifica porque se trata de ofrecer y establecer las pautas que redundarán en dar un buen servicio a las familias de A Coruña. Lo que traemos hoy es la aprobación definitiva del Reglamento de Organización y funcionamiento de las

*integradas na Rede de Escolas Municipais do Concello da Coruña, cuxo punto principal é o aumento da xornada lectiva de seis a oito horas.*

**Ás dez horas e corenta e seis minutos sae do Salón de Sesións a señora Cendán Gayoso.**

*O Concello da Coruña foi pioneiro en Galicia en facer a súa rede de escolas infantís municipais cunha longa traxectoria. Un servizo gratuíto para contribuír, axudar na conciliación da vida laboral e familiar, pero tamén para mellorar a educación dos nosos pequenos.*

*A principios de mandato, da man do Grupo Municipal Marea Atlántica, co Goberno de Inés Rey, elaboraron un regulamento de escolas infantís actualizado e en abril do ano de 2020 aprobouse en Xunta de Goberno Local os cambios normativos para eliminar os custos do servizo para as familias, cambio que foi aprobado en Pleno o 14 de maio dese mesmo ano e que permitiu que desde o 2021 as escolas infantís sexan gratuítas na Coruña. A Xunta de Galicia copiaría un ano despois a nosa iniciativa, do cal nos felicitamos, pois é o prezo que as administracións contribúan a facilitar a vida das persoas e máis nunha comunidade na que as cifras de natalidade son especialmente baixas.*

*Hai 35 anos que A Coruña conta cunha rede propia de escolas infantís, sendo os primeiros en Galicia tamén nese ámbito. Fómolo de novo coa gratuidade e o que facemos é mellorar o servizo que viñamos prestando aumentando o horario de atención que pasará de seis horas a oito. A nosa intención coa aprobación definitiva do Regulamento*

escuelas infantiles integradas en la Red de Escuelas Municipales del Ayuntamiento de A Coruña, cuyo punto principal es el aumento de la jornada lectiva de seis a ocho horas.

***A las diez horas y cuarenta y seis minutos sale del Salón de Sesiones la señora Cendán Gayoso.***

El Ayuntamiento de A Coruña fue pionero en Galicia en hacer su red de escuelas infantiles municipales con una larga trayectoria. Un servicio gratuito para contribuir, ayudar en la conciliación de la vida laboral y familiar, pero también para mejorar la educación de nuestros pequeños.

A principios de mandato, de la mano del Grupo Municipal Marea Atlántica, con el Gobierno de Inés Rey, elaboraron un reglamento de escuelas infantiles actualizado y en abril del año de 2020 se aprobó en Junta de Gobierno Local los cambios normativos para eliminar los costes del servicio para las familias, cambio que fue aprobado en Pleno el 14 de mayo de ese mismo año y que permitió que desde el 2021 las escuelas infantiles sean gratuitas en A Coruña. La Xunta de Galicia copiaría un año después nuestra iniciativa, de lo cual nos felicitamos, pues es el precio que las administraciones contribuyan a facilitar la vida de las personas y más en una comunidad en la que las cifras de natalidad son especialmente bajas.

Hace 35 años que A Coruña cuenta con una red propia de escuelas infantiles, siendo los primeros en Galicia también en ese ámbito. Lo fuimos de nuevo con la gratuidad y lo que hacemos es mejorar el servicio que veníamos prestando aumentando el horario de atención que pasará de seis horas a ocho. Nuestra intención con la aprobación definitiva del

*de escolas infantís é que as nais, pais e familias poidan beneficiarse xa do novo horario neste curso, previsiblemente durante o primeiro semestre. Trátase dun cambio que permitirá mellorar as posibilidades de conciliación nesta cidade e a diferenza do que ofrecen outras administracións, facelo sempre desde un servizo público.*

*Tamén é preciso sinalar que o Goberno fixo un esforzo importante ao licitar uns novos contratos de servizo acordes aos tempos, con catro anos de duración, a todas as escolas da rede, que foron adxudicados o 30 do 7 do 22.*

*Por tanto, sería estupendo que neste punto coincidísemos todos os grupos políticos porque a ninguén se lle escapa que estamos nunha das modificacións que melloran a calidade de vida das coruñesas, os coruñeses e as familias da contorna.*

*Nada máis e moitas grazas.*

**Ás dez horas e corenta e nove minutos entra no Salón de Sesións a señora Cendán Gayoso.**

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señor Celemín.

Turno para a señora Soneira.

**<u>Señora Soneira Lema</u>**

Grazas, señora alcaldesa.

Este é un asunto de obvia aprobación. O informe de propuesta ó Pleno é moi claro co razóns dadas para desestimar as cinco alegacións presentadas polas empresas que xestionan as escolas infantís municipais. Por elo, o meu voto vai a ser a favor, porque todo o que sea mellorar a

Reglamento de escuelas infantiles es que las madres, padres y familias puedan beneficiarse ya del nuevo horario en este curso, previsiblemente durante el primer semestre. Se trata de un cambio que permitirá mejorar las posibilidades de conciliación en esta ciudad y a diferencia del que ofrecen otras administraciones, hacerlo siempre desde un servicio público.

También es preciso señalar que el Gobierno hizo un esfuerzo importante al licitar unos nuevos contratos de servicio acordes a los tiempos, con cuatro años de duración, a todas las escuelas de la red, que fueron adjudicados el 30 del 7 del 22.

Por tanto, sería estupendo que en este punto coincidiéramos todos los grupos políticos porque a nadie se le escapa que estamos en una de las modificaciones que mejoran la calidad de vida de las coruñesas, los coruñeses y las familias del entorno.

Nada más y muchas gracias.

***A las diez horas y cuarenta y nueve minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Cendán Gayoso.***

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor Celemín.*

*Turno para la señora Soneira.*

***<u>Señora Soneira Lema</u>***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Este es un asunto de obvia aprobación. El informe de propuesta al Pleno es muy claro con el razones dadas para desestimar las cinco alegaciones presentadas por las empresas que gestionan las escuelas infantiles municipales. Por ello, mi voto va a ser a*

vida dos cidadáns e as cidadáns é positivo.

*favor, porque todo lo que sea mejorar la vida de los ciudadanos y las ciudadanos es positivo.*

Entendo que ampliar o horario de seis a oito horas é moi importante para os pais, nais, familias, porque así poden conciliar moitísimo mellor a súa vida laboral e persoal, e por tanto vai a derivar unha mellor calidade de vida.

*Entiendo que ampliar el horario de seis a ocho horas es muy importante para los padres, madres, familias, porque así pueden conciliar muchísimo mejor su vida laboral y personal, y por tanto va a derivar una mejor calidad de vida.*

Penso que este tipo de medidas terían que ser moito máis habituais, non?

*Creo que este tipo de medidas tendrían que ser mucho más habituales, ¿no?*

Nada máis.

*Nada más.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Señora Martínez.

*Señora Martínez.*

**Señora Martínez Lema**

***Señora Martínez Lema***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Tendo votado afirmativamente na aprobación provisional, pois confirmo o meu voto a favor nesta aprobación definitiva.

*Habiendo votado afirmativamente en la aprobación provisional, pues confirmo mi voto a favor en esta aprobación definitiva.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas.

*Gracias.*

Turno para o BNG, señora Veira.

*Turno para el BNG, señora Veira.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Ben, neste asunto da orde do día, aínda que obviamente somos favorábeis porque así demandamos, non? con que se amplíen as horas gratuítas a oito horas, porque así tamén o sinalamos nas aprobacións da outra vez que se modificou o Regulamento da Rede de

*Bien, en este asunto del orden del día, aunque obviamente somos favorables porque así demandamos, ¿no? que se amplíen las horas gratuitas a ocho horas, porque así también lo señalamos en las aprobaciones de la otra vez que se modificó el Reglamento de la Red de*

Escolas Infantís Municipais nas que se implementaban as seis horas gratuítas, xa sinalabamos desde o BNG que eran insuficientes, que tiñan que ser oito horas porque a realidade das familias así o precisaban, non? O certo é que a maior parte das familias teñen xornadas laborais cando menos de oito horas diarias e o lóxico é que se se quere dar un servizo de conciliación, pois as horas se axusten, non? cando menos a esa xornada laboral. Logo apareceu a Xunta de Galiza coa súa nova lexislación e obrigaba ou..., si, obrigaba a que todas as escolas infantís tivesen esa gratuidade de oito horas, non?

Tardou o Goberno local en darse conta de que isto había que aprobalo, que había que traelo a Pleno. En principio negábase a aprobalo porque dicía que oito horas lectivas eran moitas horas para as rapazas e os rapaces. Ó final acabouno traendo a Pleno, pero había na aprobación inicial, e así o sinalamos desde o BNG, unha cuestión que sinalaba o interventor, que era o que esa ampliación de horas ía supor para os contratos vixentes de xestión das escolas infantís municipais e o certo é que temos que lamentar que desde novembro até agora, até febreiro, o Goberno local non teña pechado con cada unha das concesionarias ese reequilibrio económico. É absolutamente incríbel que o Goberno local, non é que non o trouxese xa traballado ó Pleno de novembro coas concesionarias das escolas infantís municipais, é que neste mes, neste mes, en febreiro, aínda non o ten pechado e a verdade é que nos parece incríbel que traian este asunto a Pleno así, sen dialogar coas concesionarias das escolas infantís municipais, e digo sen dialogar non só porque non teñan pechado ese reequilibrio económico, senón porque é que ademais non falaron coas escolas infantís municipais, non

*Escuelas Infantiles Municipales en las que se implementaban las seis horas gratuitas, ya señalábamos desde el BNG que eran insuficientes, que tenían que ser ocho horas porque la realidad de las familias así lo necesitaban, ¿no? Lo cierto es que la mayor parte de las familias tienen jornadas laborales cuando menos de ocho horas diarias y lo lógico es que si se quiere dar un servicio de conciliación, pues las horas se ajusten, ¿no? cuando menos a esa jornada laboral. Luego apareció la Xunta de Galicia con su nueva legislación y obligaba o..., sí, obligaba a que todas las escuelas infantiles tuvieran esa gratuidad de ocho horas, ¿no?*

*Tardó el Gobierno local en darse cuenta de que esto había que aprobarlo, que había que traerlo a Pleno. En principio se negaba a aprobarlo porque decía que ocho horas lectivas eran muchas horas para las niñas y los niños. Al final lo acabó trayendo a Pleno, pero había en la aprobación inicial, y así lo señalamos desde el BNG, una cuestión que señalaba el interventor, que era lo que esa ampliación de horas iba a suponer para los contratos vigentes de gestión de las escuelas infantiles municipales y lo cierto es que tenemos que lamentar que desde noviembre hasta ahora, hasta febrero, el Gobierno local no haya cerrado con cada una de las concesionarias ese reequilibrio económico. Es absolutamente increíble que el Gobierno local, no es que no lo trajera ya trabajado al Pleno de noviembre con las concesionarias de las escuelas infantiles municipales, es que en este mes, en este mes, en febrero, aun no lo ha cerrado y la verdad es que nos parece increíble que traigan este asunto a Pleno así, sin dialogar con las concesionarias de las escuelas infantiles municipales, y digo sin dialogar no solo porque no hayan cerrado ese reequilibrio económico, sino porque es que además no hablaron con las escuelas infantiles*

dialogaron para ver se se podían admitir ou non, se se podía tramitar unha modificación do Regulamento da Rede de Escolas Infantís Municipais para ter en conta as súas alegacións. É que non hai diálogo do Goberno municipal coas concesionarias das escolas infantís municipais e a nós iso parécenos moi negativo, e temos que dicilo nesta sesión plenaria neste punto da orde do día.

*municipales, no dialogaron para ver si se podían admitir o no, si se podía tramitar una modificación del Reglamento de la Red de Escuelas Infantiles Municipales para tener en cuenta sus alegaciones. Es que no hay diálogo del Gobierno municipal con las concesionarias de las escuelas infantiles municipales y a nosotros eso nos parece muy negativo, y tenemos que decirlo en esta sesión plenaria en este punto del orden del día.*

Lamentamos que o Goberno local non teña diálogo coas concesionarias, que non falase coas concesionarias para ver de que maneira se podían admitir as súas alegacións. Evidentemente, algunhas poderán admitirse dunha maneira e outras doutra, pero non houbo diálogo con elas e desde logo, no que ten que ver co financiamento destas oito horas de balde, non houbo diálogo coas escolas infantís e non está pechado o asunto do reequilibrio económico, e parécenos **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** grave porque a xente vai ter dereito a esas oito horas gratuítas, non van ter que pagar a diferenza entre as seis horas gratuítas e as oito horas, esas dúas horas que estaban aboando as familias, xa non llas vai aboar ás concesionarias e polo tanto as concesionarias van ter un déficit económico.

*Lamentamos que el Gobierno local no tenga diálogo con las concesionarias, que no hablara con las concesionarias para ver de qué manera se podían admitir sus alegaciones. Evidentemente, algunas podrán admitirse de una manera y otras de otra, pero no hubo diálogo con ellas y desde luego, en lo relativo a la financiación de estas ocho horas gratuitas, no hubo diálogo con las escuelas infantiles y no está cerrado el asunto del reequilibrio económico, y nos parece* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *grave porque la gente va a tener derecho a esas ocho horas gratuitas, no van a tener que pagar la diferencia entre las seis horas gratuitas y las ocho horas, esas dos horas que estaban abonando las familias, ya no se las va a abonar a las concesionarias y por lo tanto las concesionarias van a tener un déficit económico.*

Así que a min gustaríame que o Goberno local dese a cara neste asunto e respondese por que, por que non está pechado este asunto.

*Así que a mí me gustaría que el Gobierno local diese la cara en este asunto y respondiera por qué, por qué no está cerrado este asunto.*

Nada máis.

*Nada más.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Veira.

*Muchas gracias, señora Veira.*

Turno para a Marea Atlántica, señora

*Turno para la Marea Atlántica, señora*

Cameán.

*Cameán.*

**Señora Cameán Calvete**

***Señora Cameán Calvete***

Si, moitísimas grazas, señora alcaldesa, moi bo día.

*Sí, muchísimas gracias, señora alcaldesa, muy buen día.*

**Ás dez horas e cincuenta e catro minutos sae do Salón de Sesións a señora Soneira Lema.**

***A las diez horas y cincuenta y cuatro minutos sale del Salón de Sesiones la señora Soneira Lema.***

Ben, tráese a aprobación definitiva a modificación do Regulamento das escolas infantís municipais coa finalidade fundamentalmente, como xa se dixo, de ampliar a gratuidade da atención educativa, pasando se seis a oito horas. É unha medida que dende o Grupo Municipal da Marea Atlántica levamos tempo demandando, que é coherente co xa pactado anteriormente, que é coherente co feito tamén no anterior mandato do Goberno de Xulio Ferreiro e que, como xa na aprobación inicial fixemos, imos apoiar.

*Bien, se trae a aprobación definitiva la modificación del Reglamento de las escuelas infantiles municipales con la finalidad fundamentalmente, como ya se dijo, de ampliar la gratuidad de la atención educativa, pasando se seis a ocho horas. Es una medida que desde el Grupo Municipal de la Marea Atlántica llevamos tiempo demandando, que es coherente con lo ya pactado anteriormente, que es coherente con lo hecho también en el anterior mandato del Gobierno de Xulio Ferreiro y que, como ya en la aprobación inicial hicimos, vamos a apoyar.*

Queremos lembrar que xa no anterior mandato as tarifas das escolas infantís municipais foron rebaixadas moi notablemente, case nun 90 %, e co fin de asegurar que as familias con menos recursos tivesen acceso a esta etapa educativa que é absolutamente fundamental, mais ó inicio deste mandato consideramos que era imprescindible continuar avanzando e por iso chegamos a un pacto de investidura co Partido Socialista Obreiro Español no que se incluíu a gratuidade completa nas escolas infantís municipais. Neste sentido queremos lembrar que unha vez que a Xunta de Galicia se sumou a esta medida, estableceu tamén a gratuidade na educación infantil en todo Galicia, tanto na rede autonómica como na rede privada, con máis intensidade —temos

*Queremos recordar que ya en el anterior mandato las tarifas de las escuelas infantiles municipales fueron rebajadas muy notablemente, casi en un 90 %, y con el fin de asegurar que las familias con menos recursos tuvieran acceso a esta etapa educativa que es absolutamente fundamental, pero al inicio de este mandato consideramos que era imprescindible continuar avanzando y por eso llegamos a un pacto de investidura con el Partido Socialista Obrero Español en el que se incluyó la gratuidad completa en las escuelas infantiles municipales. En este sentido queremos recordar que una vez que la Xunta de Galicia se sumó a esta medida, estableció también la gratuidad en la educación infantil en todo Galicia, tanto en la red autonómica como en la red privada, con más intensidad —tenemos que decirlo— la red privada, pues era*

que dicilo— la rede privada, pois era preciso axustar este número de horas, non? e que a rede municipal tivese o mesmo número de horas gratuítas que o resto de redes.

*preciso ajustar este número de horas, ¿no? y que la red municipal tuviera el mismo número de horas gratuitas que el resto de redes.*

Así foron as cousas que o Goberno local comprometeuse a rematar con este agravio comparativo, comprometeuse a facelo ademais no presente curso educativo. Acaban de sinalar que no primeiro semestre, e neste sentido queremos sinalarlles que é preciso maior celeridade, que é preciso —xa o comentamos no anterior debate na aprobación inicial— modificar os actuais contratos das escolas infantís para dar cabida a esta ampliación horaria, non?

*Así fueron las cosas que el Gobierno local se comprometió a finalizar con este agravio comparativo, se comprometió a hacerlo además en el presente curso educativo. Acaban de señalar que en el primer semestre, y en este sentido queremos señalarles que es preciso mayor celeridad, que es preciso —ya lo comentamos en el anterior debate en la aprobación inicial— modificar los actuales contratos de las escuelas infantiles para dar cabida a esta ampliación horaria, ¿no?*

De todos os xeitos, estamos preocupadas, estamos preocupadas pola renuncia do Goberno por segunda vez neste mandato a elaborar uns orzamentos municipais e consideramos que dende logo é unha absoluta falta de dilixencia que cuestións tan importantes como a que estamos aprobando hoxe aquí, que é a gratuidade nas escolas infantís municipais por oito horas, pois probablemente non vaian a poder ser efectivas por falta de créditos orzamentarios. Dende a Marea Atlántica levamos tempo solicitando ó Goberno que presente unha proposta de orzamentos municipais. Levamos tempo solicitando unha proposta de modificativo de crédito. Estamos a febreiro e nada sabemos.

*De todas formas, estamos preocupadas, estamos preocupadas por la renuncia del Gobierno por segunda vez en este mandato a elaborar unos presupuestos municipales y consideramos que desde luego es una absoluta falta de diligencia que cuestiones tan importantes como la que estamos aprobando hoy aquí, que es la gratuidad en las escuelas infantiles municipales por ocho horas, pues probablemente no vayan a poder ser efectivas por falta de créditos presupuestarios. Desde la Marea Atlántica llevamos tiempo solicitando al Gobierno que presente una propuesta de presupuestos municipales. Llevamos tiempo solicitando una propuesta de modificativo de crédito. Estamos a febrero y nada sabemos.*

**Ás dez horas e cincuenta e sete minutos entra no Salón de Sesións a señora Soneira Lema.**

***A las diez horas y cincuenta y siete minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Soneira Lema.***

Como nada sabemos tampouco doutras medidas que foron pactadas con este grupo municipal e que foron incumpridas polo Goberno local. Voume

*Como nada sabemos tampoco de otras medidas que fueron pactadas con este grupo municipal y que fueron incumplidas por el Gobierno local. Me voy a centrar*

centrar solo en dúas relativas ó ámbito que nos ocupa neste debate, como é a creación dunha nova escola infantil no barrio de Xuxán, nada sabemos; como foi un programa educativo que actualmente está de actualidade porque vimos como lamentablemente foron despedidos, non? —estou a falar de Ibrahima e Magatte— acordamos un programa educativo para, bueno pois a non violencia e para loitar pola diversidade e nada sabemos; e dende logo, decímolo, bueno, pois con pesar, o balance da Área de Educación ó noso..., na nosa opinión non é positivo, non?

Acabamos de ver as memorias do 2021, as memorias do Concello de xestión. Podemos comprobar que a execución durante o 2021 foi moi baixa, dun 56,96 %, pero tamén **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** hai máis datos preocupantes, non? O número de persoas usuarias de programas educativos pasou de 40.000 no 2019 a 9.000 no 2021; o gasto adxudicado en programas educativos pasou de 1 millón en 2019 a 250.000 € en 2021; e o número de menores de 0 a 3 anos matriculados nas escolas infantís pasaron de 829 no 2019 a 782 no 2021. É obvio que o balance non é positivo. Perdemos tamén unha escola infantil, a escola Carmen Cervigón, co cal temos menos prazas.

De tódolos xeitos, a pesares do balance crítico, imos a votar a favor desta medida.

Moitas grazas.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señora Cameán, grazas á Marea Atlántica.

*solo en dos relativas al ámbito que nos ocupa en este debate, como es la creación de una nueva escuela infantil en el barrio de Xuxán, nada sabemos; como fue un programa educativo que actualmente está de actualidad porque vimos cómo lamentablemente fueron despedidos, ¿no? —estoy hablando de Ibrahima y Magatte— acordamos un programa educativo para, bueno pues la no violencia y para luchar por la diversidad y nada sabemos; y desde luego, lo decimos, bueno, pues con pesar, el balance del área de Educación a nuestro..., en nuestra opinión no es positivo, ¿no?*

*Acabamos de ver las memorias del 2021, las memorias del Ayuntamiento de gestión. Podemos comprobar que la ejecución durante lo 2021 fue muy baja, de un 56,96 %, pero también* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *hay más datos preocupantes, ¿no? El número de personas usuarias de programas educativos pasó de 40.000 en el 2019 a 9.000 en el 2021; el gasto adjudicado en programas educativos pasó de 1 millón en 2019 a 250.000 € en 2021; y el número de menores de 0 a 3 años matriculados en las escuelas infantiles pasaron de 829 en el 2019 a 782 en el 2021. Es obvio que el balance no es positivo. Perdimos también una escuela infantil, la escuela Carmen Cervigón, con lo cual tenemos menos plazas.*

*De todas las maneras, a pesar del balance crítico, vamos a votar a favor de esta medida.*

*Muchas gracias.*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señora Cameán, gracias a la Marea Atlántica.*

Turno para o Partido Popular, señor Varela.

*Turno para el Partido Popular, señor Varela.*

***<u>Señor Varela Vázquez</u>***

**<u>Señor Varela Vázquez</u>**

*Grazas, señora alcaldesa, bos días.*

Gracias, señora alcaldesa, buenos días.

**Ás dez horas e cincuenta e nove minutos sae do Salón de Sesións o señor Martínez Durán.**

***A las diez horas y cincuenta y nueve minutos sale del Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.***

*O pasado 18 de xaneiro as empresas xestoras das sete escolas infantís municipais presentaron un escrito de alegacións contra a aprobación inicial no Pleno extraordinario das modificacións no Regulamento da REIM ante a necesidade de ofertar unha atención educativa gratuíta de oito horas. Entre as cinco alegacións, vou falar da cuarta, sobre o artigo 30.1, Financiamento das escolas, que establece que o custo da praza escolar que dá dereito ás oito horas será financiado na súa totalidade polo Concello, ben con fondos propios ou con outros doutra administración, neste caso na súa totalidade pola Xunta de Galicia. Con todo as empresas alegan que a escolaridade dos fillos das súas traballadoras está a ser financiada polas empresas, xa que se desconta o seu importe da cantidade mensual que o Concello lles abona.*

El pasado 18 de enero las empresas gestoras de las siete escuelas infantiles municipales presentaron un escrito de alegaciones contra la aprobación inicial en el Pleno extraordinario de las modificaciones en el Reglamento de la REIM ante la necesidad de ofertar una atención educativa gratuita de ocho horas. Entre las cinco alegaciones, voy a hablar de la cuarta, sobre el artículo 30.1, Financiación de las escuelas, que establece que el coste de la plaza escolar que da derecho a las ocho horas será financiado en su totalidad por el Ayuntamiento, bien con fondos propios o con otros de otra administración, en este caso en su totalidad por la Xunta de Galicia. Sin embargo las empresas alegan que la escolaridad de los hijos de sus trabajadoras está siendo financiada por las empresas, ya que se descuenta su importe de la cantidad mensual que el Ayuntamiento les abona.

*A Concellería desestima esta alegación e interpreta que o XII Convenio colectivo establece que cando se exceda a cota de cada aula e idade será a empresa quen asuma o custo, pero excédase ou non a cota, o marco legal deste convenio que é do ano 2019, non ten nada que ver coa Orde do 22 de xullo do 22 da Xunta que cambiou drasticamente o escenario ao establecer a gratuidade total para todas as prazas das escolas infantís de 0 a 3 públicas e*

La Concejalía desestima esta alegación e interpreta que el XII Convenio colectivo establece que cuando se exceda el cupo de cada aula y edad será la empresa quien asuma el coste, pero se exceda o no el cupo, el marco legal de este convenio que es del año 2019, no tiene nada que ver con la Orden de 22 de julio del 22 de la Xunta que cambió drásticamente el escenario al establecer la gratuidad total para todas las plazas de las escuelas infantiles de 0 a 3 públicas y privadas de Galicia. Es la

*privadas de Galicia. É a normativa da Xunta a que recoñece un dereito preferente aos fillos das súas traballadoras nas súas escolas por unha cuestión lóxica de conciliación, non diferenciando o pago entre as prazas cubertas. Noutras palabras, resulta incomprensible como este carácter gratuíto non é igual tamén para todas as prazas ocupadas na REIM.*

*Fagamos memoria. Este goberno municipal solicitou á Xunta tarde, mal e arrastras, por máis de 1.000.000 € axudas para o mantemento das escolas e para a gratuidade universal de 0 a 3. Agora mesmo pódese dar unha situación esperpéntica como que nunha escola municipal unha traballadora teña que pagar pola súa filla e, con todo, se a escolariza noutra escola, non pague nada.*

*Estamos ao 2 de febreiro e as escolas infantís municipais están aínda nunha situación que está resolta no resto das escolas da cidade desde fai seis meses. Tres consecuencias: un, a REIM ten hoxe 56 vacantes fronte ás escolas autonómicas e privadas, que apenas dispoñen delas; dous, perderon vostedes unha escola pola saída da Carmen Cervigón. Neste momento, os dous programas franquía da oferta educativa municipal, "Bolsas Canadá" e a REIM sofren un recorte de 15 bolsas e 95 prazas respectivamente; tres, as familias das escolas infantís municipais que necesitan as oito horas para conciliar están a pagar desde fai seis meses as dúas horas que non son gratuítas.*

*Terceira vez que fago a mesma pregunta neste pleno: vai este goberno municipal a compensar economicamente polas horas pagas a estas familias discriminadas en relación ao resto das familias desta cidade?*

normativa de la Xunta la que reconoce un derecho preferente a los hijos de sus trabajadoras en sus escuelas por una cuestión lógica de conciliación, no diferenciando el pago entre las plazas cubiertas. En otras palabras, resulta incomprensible cómo este carácter gratuito no es igual también para todas las plazas ocupadas en la REIM.

Hagamos memoria. Este gobierno municipal solicitó a la Xunta tarde, mal y arrastras, por más de 1.000.000 € ayudas para el mantenimiento de las escuelas y para la gratuidad universal de 0 a 3. Ahora mismo se puede dar una situación esperpéntica como que en una escuela municipal una trabajadora tenga que pagar por su hija y, sin embargo, si la escolariza en otra escuela, no pague nada.

Estamos a 2 de febrero y las escuelas infantiles municipales están todavía en una situación que está resuelta en el resto de las escuelas de la ciudad desde hace seis meses. Tres consecuencias: uno, la REIM tiene hoy 56 vacantes frente a las escuelas autonómicas y privadas, que apenas disponen de ellas; dos, han perdido ustedes una escuela por la salida de la Carmen Cervigón. En este momento, los dos programas franquicia de la oferta educativa municipal, "Becas Canadá" y la REIM sufren un recorte de 15 becas y 95 plazas respectivamente; tres, las familias de las escuelas infantiles municipales que necesitan las ocho horas para conciliar están pagando desde hace seis meses las dos horas que no son gratuitas.

Tercera vez que hago la misma pregunta en este pleno: ¿va este gobierno municipal a compensar económicamente por las horas pagadas a estas familias discriminadas en relación al resto de las familias de esta ciudad?

*Acabo. No Pleno extraordinario de novembro, a esta pregunta respondeuse por parte do portavoz do Partido Socialista cunha cortina de fume, pretendendo convencernos que foi o trato diferenciado dado, segundo el, ás escolas privadas, o que motivou a negativa inicial deste goberno municipal para solicitar as axudas da Xunta. Isto pareceu non importar á inmensa maioría dos restantes concellos de Galicia gobernados polo Partido Socialista que solicitaron dilixentemente estas axudas. Noutras palabras, este goberno municipal estaba disposto a renunciar a máis de 1 millón de euros anuais da Xunta que podía dedicar a outras necesidades. Estaba disposto a permitir unha discriminación económica entre familias coruñesas* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *—acabo xa, señora alcaldesa— estaba disposto a permitir unha discriminación económica entre familias coruñesas e estaba disposto a recortar prazas de 0 a 3 na Rede municipal.*

*Vostedes cren de verdade que hai algunha familia na Rede municipal que pague polas oito horas gratuítas que lle importe isto? De verdade que se pode crer que esta sexa a razón da torpeza demostrada nesta xestión?*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Varela.

Pecha este debate o concelleiro de Educación, señor Celemín.

***Señor Celemín Santos***

*Moitas grazas, señora alcaldesa.*

Acabo. En el Pleno extraordinario de noviembre, a esta pregunta se respondió por parte del portavoz del Partido Socialista con una cortina de humo, pretendiendo convencernos que fue el trato diferenciado dado, según él, a las escuelas privadas, lo que motivó la negativa inicial de este gobierno municipal para solicitar las ayudas de la Xunta. Esto pareció no importar a la inmensa mayoría de los restantes ayuntamientos de Galicia gobernados por el Partido Socialista que solicitaron diligentemente estas ayudas. En otras palabras, este gobierno municipal estaba dispuesto a renunciar a más de 1 millón de euros anuales de la Xunta que podía dedicar a otras necesidades. Estaba dispuesto a permitir una discriminación económica entre familias coruñesas ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** —acabo ya, señora alcaldesa— estaba dispuesto a permitir una discriminación económica entre familias coruñesas y estaba dispuesto a recortar plazas de 0 a 3 en la Red municipal.

¿Ustedes creen de verdad que hay alguna familia en la Red municipal que pague por las ocho horas gratuitas que le importe esto? ¿De verdad que se puede creer que esta sea la razón de la torpeza demostrada en esta gestión?

Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Varela.*

*Cierra este debate el concejal de Educación, señor Celemín.*

**Señor Celemín Santos**

Muchas gracias, señora alcaldesa.

*Bo, non sei o sentido do voto do Partido Popular. En calquera caso, agradecer a todos os grupos políticos e ás concelleiras non adscritas o voto favorable.*

*Dicirlle, señora Veira —díxeno ben non?, ben, díxeno ben— que si que hai un diálogo constante coas escolas infantís. Hai diálogo practicamente todas as semanas nos consellos de participación. Tivemos reunións para ver este reequilibrio. Levamos traballando moito tempo con elas, pero o que hoxe tocaba é aprobar primeiro o Regulamento, logo virá a modificación dos contratos. Non se pode facer todo á vez e hai que ir paso a paso.*

*En canto a, señor Varela, o seu discurso realmente a min me alucina, non? De que maneira cambia as cousas. Direille que en canto ás alegacións, as alegacións foron desestimadas porque o que se pretende é favorecer primeiro a conciliación familiar, favorecer a participación dos diferentes estamentos educativos do proxecto educativo en cada centro escolar e, por último, garantir o escrupuloso cumprimento da lexislación en materia educativa e de contratación. Nós non nos podemos saltar os convenios colectivos a que chegan distintas, distintas, distintos colectivos e por tanto hai que respectalos. Iso por unha banda.*

*Por outra, chámame poderosamente a atención como vostede, que sempre está a esixir, parece aquel xornalista de Van Gaal cando lle rifaba e dicíalle: todo negativa, nada positivo. Pois así están vostedes, nesa liña, non?, de negalo todo, de poñerse... E con todo non dan as explicacións pertinentes como vostedes implantaron un modelo no cal hai unha discriminación tremenda no*

Bueno, no sé el sentido del voto del Partido Popular. En cualquier caso, agradecer a todos los grupos políticos y a las concejalas no adscritas el voto favorable.

Decirle, señora Veira —lo he dicho bien ¿no?, bien, lo he dicho bien— que sí que hay un diálogo constante con las escuelas infantiles. Hay diálogo prácticamente todas las semanas en los consejos de participación. Hemos tenido reuniones para ver este reequilibrio. Llevamos trabajando mucho tiempo con ellas, pero lo que hoy tocaba es aprobar primero el Reglamento, luego vendrá la modificación de los contratos. No se puede hacer todo a la vez y hay que ir paso a paso.

En cuanto a, señor Varela, su discurso realmente a mí me alucina, ¿no? De qué manera cambia las cosas. Le diré que en cuanto a las alegaciones, las alegaciones fueron desestimadas porque lo que se pretende es favorecer primero la conciliación familiar, favorecer la participación de los diferentes estamentos educativos del proyecto educativo en cada centro escolar y, por último, garantizar el escrupuloso cumplimiento de la legislación en materia educativa y de contratación. Nosotros no nos podemos saltar los convenios colectivos a que llegan distintas, distintas, distintos colectivos y por lo tanto hay que respetarlos. Eso por un lado.

Por otra, me llama poderosamente la atención cómo usted, que siempre está exigiendo, parece aquel periodista de Van Gaal cuando le reñía y le decía: todo negativa, nada positivo. Pues así están ustedes, en esa línea, ¿no?, de negarlo todo, de ponerse... Y sin embargo no dan las explicaciones pertinentes como ustedes han implantado un modelo en el cual hay una discriminación tremenda en

*modelo público e privado, cando vostedes por praza subvencionan ás privadas 306 € por praza nas escolas infantís privadas, pero nas públicas só chegamos a 169 € Por que esa diferenza se son todas escolas infantís? Non se dá conta do dano que están a facer ao ensino público?*

**Ás once horas e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.**

*Nós non temos nada en contra da educación privada, en absoluto, pero si temos en contra, estamos en contra do feito de que desde o público se potencie o privado en detrimento de o que é de todos. Por desgraza, este modelo do Partido Popular, non só nas escolas infantís, senón tamén en todo o sistema educativo, e por suposto a sanidade, que ese é outro tema. Nós temos outro modelo e reivindicamos o noso porque cremos que é un sector público forte que pode ofrecer mellores servizos a todos sen distincións e porque cremos que firmemente que o desmantelamento do público é o que está a potenciar o Partido Popular. Só servirá para profundar nas diferenzas de clases e para minar os logros que durante décadas e da man deste partido permitiron* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, *permitiron que neste país a igualdade de oportunidades estivera por encima das desigualdades sociais.*

*Con todo, eu quixese agradecer que este punto vai saír adiante e por tanto agradecemos que avalen esta modificación, e seguiremos traballando para o seguinte paso, que é modificar os contratos vixentes para establecer as oito horas para o conxunto da Rede.*

*Moitas grazas.*

el modelo público y privado, cuando ustedes por plaza subvencionan a las privadas 306 € por plaza en las escuelas infantiles privadas, pero en las públicas solo llegamos a 169 € ¿Por qué esa diferencia si son todas escuelas infantiles? ¿No se da cuenta del daño que están haciendo a la enseñanza pública?

***A las once horas y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.***

Nosotros no tenemos nada en contra de la educación privada, en absoluto, pero sí tenemos en contra, estamos en contra del hecho de que desde lo público se potencie lo privado en detrimento de lo que es de todos. Por desgracia, este modelo del Partido Popular, no solo en las escuelas infantiles, sino también en todo el sistema educativo, y por supuesto la sanidad, que ese es otro tema. Nosotros tenemos otro modelo y reivindicamos el nuestro porque creemos que es un sector público fuerte que puede ofrecer mejores servicios a todos sin distinciones y porque creemos que firmemente que el desmantelamiento de lo público es lo que está potenciando el Partido Popular. Solo servirá para ahondar en las diferencias de clases y para minar los logros que durante décadas y de la mano de este partido permitieron **(*se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención*)**, permitieron que en este país la igualdad de oportunidades había estado por encima de las desigualdades sociales.

No obstante, yo quisiera agradecer que este punto va a salir adelante y por lo tanto agradecemos que avalen esta modificación, y seguiremos trabajando para el siguiente paso, que es modificar los contratos vigentes para establecer las ocho horas para el conjunto de la Red.

Muchas gracias.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Celemín, grazas a todos.

Procedemos á votación deste asunto que require maioría simple do Pleno.

**Votación do asunto número cinco**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número cinco relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (7 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).

**Presidencia**

Moitas grazas. Queda aprobado.

**Acordo**

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións número 1 e número 2 por non ser obxecto os artigos 7 e 11 referenciados do acordo adoptado polo pleno da corporación municipal de aprobación inicial da modificación do Regulamento

***Presidencia***

Para adxudicar estas prazas, aplicaranse os criterios de baremación aprobados polo concello para o curso escolar de que se tratar, que corresponderán, en todo caso, cos seguintes:

- situación socioeconómica

*2. Reserva de plaza:*

*2.1 Cada menor escolarizado en la REIM tendrá derecho preferente a la renovación de plaza en su escuela, siempre y cuando esté al día en el pago de las tarifas cuando presente la solicitud.*

*2.2 Además, se podrán solicitar las plazas vacantes en otras escuelas de la REIM, siempre que se cumpla con el requisito anterior, si tiene una hermana o hermano escolarizada en la escuela solicitada y, en caso de ser una o un menor con NEAE, no haya otro en la unidad en que se solicite ingresar.*

*2.3 Este proceso será previo y deberá estar finalizado antes de que se abra el plazo de presentación de solicitudes de nuevo ingreso.*

*Artículo 27. Admisión de carácter preferente*

*Tendrán carácter preferente en su admisión:*

*- Las hijas e hijos del personal que trabaja en la escuela de conformidad con su convenio laboral.*

*- Las niñas y niños que cuenten con una hermana/o la escolarizada/o.*

*- Las/os niña/os valoradas/os como urgencia social.*

*Artículo 28. Plazas de nuevo ingreso de carácter ordinario*

*Para adjudicar estas plazas se aplicarán los criterios de baremación aprobados por el ayuntamiento para el curso escolar de que se trate, que se corresponderán, en todo caso, con los siguientes:*

*- Situación socioeconómica*

- situación sociofamiliar
- situación sociolaboral.

*- Situación sociofamiliar*
*- Situación sociolaboral*

Artigo 29. Xestión das baixas e listaxe de agarda

*Artículo 29. Gestión de las bajas y listado de espera*

1. Causarase baixa nas REIM debido aos seguintes motivos:

1.

a) Vontade propia, mediante unha comunicación por escrito das familias ou representantes legais.

b) Non aboar as tarifas correspondentes.

c) Falsidade nos documentos e datos presentados, sen prexuízo das responsabilidades legais que puideren proceder.

d) Falta de asistencia continuada durante 5 días lectivos continuos ou 20 días descontinuos sen causa xustificada.

e) Incumprimento das normas de funcionamento interno das escolas. Neste suposto, resolverá o SME, logo dun informe da Dirección da escola.

2. As baixas cubriranse por orde de puntuación, coas solicitudes da listaxe de agarda correspondente a cada grupo de idade.

*1. Se causará baja en las REIM por los siguientes motivos:*

*a) Voluntad propia mediante comunicación por escrito de las familias o representantes legales.*

*b) No abonar las tarifas correspondientes.*

*c) Falsedad en los documentos y datos presentados, sin perjuicio de las responsabilidades legales que pudieren ser procedentes.*

*d) Falta de asistencia continuada durante 5 días lectivos continuos o 20 días discontinuos sin causa justificada.*

*e) Incumplimiento de las normas de funcionamiento interno de las escuelas. En este supuesto, resolverá el SME, después de un informe de la dirección de la escuela.*

*2. Las bajas se cubrirán por orden de puntuación, con las solicitudes del listado de espera correspondiente a cada grupo de edad.*

**CAPÍTULO VIII. RÉXIME ECONÓMICO**

***CAPÍTULO VIII. RÉGIMEN ECONÓMICO***

Artigo 30. Financiamento das escolas

*Artículo 30. Financiación de las escuelas*

1. O custo da praza escolar que outorgará dereito a oito horas diarias de atención educativa e ao servizo de orientación das nenas e nenos, formará parte do importe do contrato, caso de que for esta a forma de xestión pola que se optar, e será financiado polo concello na súa totalidade, ben con fondos propios ou

*1. El coste de plaza escolar que otorgará derecho a ocho horas de atención educativa y al servicio de orientación de las niñas y niños, formará parte del importe del contrato, en el caso que fuera esta la forma de gestión por la que se opta, y será financiado por el ayuntamiento en su totalidad, bien con fondos propios o*

con outros procedentes doutra administración.

2. No caso dos servizos complementarios (almorzo, comedor, merenda, horario ampliado etc.) todas as persoas usuarias deberán aboar integramente as tarifas fixadas pola Xunta de Goberno Local, que serán as mesmas para todas as escolas infantís municipais.

3. De darse o caso de escolas xestionadas por entidades sen ánimo de lucro, estas serán financiadas de acordo co que establece o convenio nominativo asinado para o efecto ou o concerto social. O importe da achega municipal non poderá ser superior ao que correspondería se a escola for xestionada mediante contrato.

4. As prazas ocupadas por menores con NEAE contabilizarán o dobre e o concello asumirá integramente o custo da praza escolar non ofertada.

Artigo 31. Conservación e mantemento dos edificios de titularidade municipal das escolas xestionadas por empresas adxudicatarias

1. A entidade que xestione a escola non poderá alterar as instalacións fixas na escola nin realizar obras nelas sen autorización por escrito do SME.

2. A entidade que xestione a escola deberá realizar o seu mantemento ordinario. Enténdense por gastos de mantemento os seguintes:

a) Reparacións de avarías relacionadas coa electricidade, fontanaría, carpintaría, cerrallaría, albanelaría e similares.

*con otros procedentes de otra administración*

*2. En el caso de los servicios complementarios (desayuno, comedor, merienda, horario ampliado, etc.) todas las personas usuarias deberán abonar íntegramente las tarifas fijadas por la Junta de Gobierno Local, que serán las mismas para todas las escuela infantiles municipales.*

*3. De darse el caso de escuelas gestionadas por entidades sin ánimo de lucro, estas serán financiadas de acuerdo con lo establecido en el convenio nominativo firmado al efecto o el concierto social. El importe de la aportación municipal no podrá ser superior a lo que correspondería si la escuela fuere gestionada mediante contrato.*

*4. Las plazas ocupadas por menores con NEAE se contabilizarán doble y el ayuntamiento asumirá íntegramente el coste de la plaza escolar no ofertada.*

*Artículo 31. Conservación y mantenimiento de los edificios de titularidad municipal de las escuelas gestionadas por empresas adjudicatarias*

*1. La entidad que gestione la escuela no podrá alterar las instalaciones fijas en la escuela ni realizar obras en estas sin autorización por escrito del SME.*

*2. La entidad que gestione la escuela deberá realizar su mantenimiento ordinario. Se entienden por gastos de mantenimiento los siguientes:*

*a) Reparaciones de averías relacionadas con la electricidad, fontanería, carpintería, cerrajería, albañilería y similares.*

b) Mantemento e reparación de peches, cubertas e tellados, patios, baixantes e canlóns, pintura, rede de sumidoiros e similares.

*b) Mantenimiento y reparación de cierres, cubiertas y tejados, patios, bajantes y canalones, pintura, alcantarillado y similares.*

c) Reposicións de cristais, chans, persianas, elementos de iluminación, cisternas e outros.

*c) Reposiciones de cristales, suelos, persianas, elementos de iluminación, cisternas y otros.*

d) Espazos exteriores (mobiliario, xogos infantís) e xardíns.

*d) Espacios exteriores (mobiliario, juegos infantiles) y jardines.*

3. Serán responsabilidade exclusiva do SME as obras que foren consecuencia da adaptación do edificio á normativa. Neste suposto, o concello asumirá o seu custo total. Asumirá tamén o custo dos labores de mantemento que excedan do mantemento ordinario.

*3. Serán responsabilidad exclusiva del SME las obras que sean consecuencia de la adaptación del edificio a la normativa. En este supuesto, el ayuntamiento asumirá su coste total. También asumirá el coste de las labores de mantenimiento que excedan del mantenimiento ordinario.*

4. Porén, o concello poderá asumir o custo parcial ou total dalgunha obra de mantemento responsabilidade das escolas, por razón da súa contía, coa condición de que non for como consecuencia da neglixencia na conservación do edificio por parte da entidade que a xestionar.

*4. Sin embargo, el ayuntamiento podrá asumir el coste parcial o total de alguna obra de mantenimiento responsabilidad de las escuelas, por razón de su cuantía, con la condición de que no fuera a consecuencia de negligencia en la conservación del edificio por parte de la entidad que la gestione.*

5. O concello tamén poderá realizar, pola súa conta, obras de mellora nas escolas cando as considerar preciso.

*5. El ayuntamiento también podrá realizar, a su costa, obras de mejora en las escuelas cuando las considere necesarias.*

Artigo 32. Conservación e mantemento dos edificios das escolas xestionadas por entidades sen ánimo de lucro

*Artículo 32. Conservación y mantenimiento de los edificios de las escuelas gestionadas por entidades sin ánimo de lucro*

A regulación das obrigas de conservación e de mantemento dos edificios das escolas xestionadas por entidades sen ánimo de lucro será a que se determinar no convenio nominativo ou no concerto social asinado para o efecto.

*La regulación de los deberes de conservación y de mantenimiento de los edificios de las escuelas gestionadas por entidades sin ánimo de lucro será la que se determine en el convenio nominativo o en el concierto social firmado al efecto.*

**DISPOSICIÓN ADICIONAL 1.ª.**

***DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª.***

**Referencias normativas**

As referencias establecidas neste regulamento a normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas a aqueloutras que as substitúan ou modifiquen.

***Referencias normativas***

*Las referencias establecidas en este reglamento a normas legales o reglamentarias se entenderán hechas a aquellas otras que las sustituyan o modifiquen.*

**DISPOSICIÓN ADICIONAL 2.ª. Normativa laboral**

As entidades que xestionen as escolas infantís integradas na REIM deberán respectar o convenio colectivo e a demais normativa laboral de aplicación ás persoas traballadoras contratadas que estean sometidas a el.

***DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª. Normativa laboral***

*Las entidades que gestionen las escuelas infantiles integradas en la REIM deberán respetar el convenio colectivo y además normativa laboral de aplicación a las personas trabajadoras contratadas que estén sometidas a él.*

**DISPOSICIÓN ADICIONAL 3.ª. Imaxe corporativa**

As escolas deberán respectar as normas de identidade corporativa da REIM que indique o SME.

***DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª. Imagen corporativa***

*Las escuelas deberán respetar las normas de identidad corporativa de la REIM que indique el SME.*

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA 1.ª. Coñecemento da lingua galega**

1. O requisito de coñecemento da lingua galega que se establece neste regulamento esixirase para as novas adxudicacións da xestión das escolas, coas excepcións recollidas no parágrafo seguinte.

2. O persoal que á entrada en vigor deste regulamento traballe nalgunha escola infantil municipal non terá que acreditar o coñecemento da lingua galega mentres continúe a prestación laboral, mesmo nos supostos de subrogación, segundo o que dispoñen o convenio colectivo e a outra normativa laboral de aplicación.

***DISPOSICIÓN TRANSITORIA 1ª. Conocimiento de la lengua gallega***

*1. El requisito de conocimiento de la lengua gallega que se establece en este reglamento se exigirá para las nuevas adjudicaciones de la gestión de las escuelas con las excepciones recogidas en el párrafo siguiente.*

*2. El personal que a la entrada en vigor de este reglamento trabaje en alguna escuela infantil municipal no tendrá que acreditar el conocimiento de la lengua gallega mientras continúe la prestación laboral, incluso en los supuestos de subrogación conforme a lo establecido en el convenio colectivo o en otra normativa laboral de aplicación.*

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA 2.ª. Coñecemento da lingua inglesa**

***DISPOSICIÓN TRANSITORIA 2ª. Conocimiento de la lengua inglesa***

O requisito de coñecemento da lingua inglesa que se establece neste regulamento para o persoal esixirase unicamente para o persoal das novas adxudicacións. Non lle será aplicable ao persoal que actualmente traballa nalgunha escola da rede mentres continúe a súa relación laboral, incluso en caso de subrogación.

*El requisito de conocimiento de la lengua inglesa que se establece en este reglamento para lo personal se exigirá únicamente para el personal de las nuevas adjudicaciones, no siendo aplicable al personal que actualmente trabaje en alguna escuela de la red mientras continue su relación laboral, incluso en caso de subrogación.*

As novas licitacións deberán prever a incorporación ao equipo educativo dunha persoa de apoio adicional que acredite un nivel B2 de inglés no MCERL de cara a futuras licitacións. A incorporación deste persoal deberá garantir a posta en práctica do proxecto de aproximación á lingua inglesa, así como as demais funcións que lle correspondan como membro do equipo educativo do centro.

*Las nuevas licitaciones deberán prever la incorporación al equipo educativo de una persona de apoyo adicional que acredite un nivel B2 de inglés en el MCERL de cara a futuras licitaciones. La incorporación de este personal deberá garantizar la puesta en práctica del proyecto de aproximación a lengua inglesa, así como las demás funciones que le correspondan como miembro del equipo educativo del centro.*

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**

***DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA***

Queda derrogado o regulamento anterior

*Queda derogado el reglamento anterior.*

**DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor**

***DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor***

Este regulamento entrará en vigor, cas modificacións introducidas, unha vez sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia e que transcorra o prazo estipulado no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

*El presente reglamento entrará en vigor, con las modificaciones introducidas, una vez sea publicado en el Boletín Oficial de la Provincia y transcurrido el plazo estipulado en el artículo 65.2 de la Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.*

**2º.- Mocións.**

***2º.- Mociones.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi ben. Damos inicio ao debate das mocións. A primeira delas a presentada pola concelleira non adscrita, señora Soneira Lema.

*Muy bien. Damos inicio al debate de las mociones. La primera de ellas la presentada por la concejala no adscrita, señora Soneira Lema.*

Poden saír os concelleiros e concelleiras que o desexen neste momento. Señor Borrego, solicito que me substitúa temporalmente na Presidencia da Corporación.

*Pueden salir los concejales y concejalas que lo deseen en este momento. Señor Borrego, solicito que me sustituya temporalmente en la Presidencia de la Corporación.*

**Ás once horas e nove minutos saen do Salón de Sesións as señoras Cameán Calvete, Sobral Cabanas, Gallego Neira e a señora alcaldesa D.ª Inés Rey García, e pasa a presidir a sesión o señor Borrego Vázquez.**

***A las once horas y nueve minutos salen del Salón de Sesiones las señoras Cameán Calvete, Sobral Cabanas, Gallego Neira y la señora alcaldesa D.ª Inés Rey García, y pasa a presidir la sesión el señor Borrego Vázquez.***

**MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA NON ADSCRITA D.ª SUSANA SONEIRA LEMA**

***MOCIÓN PRESENTADA POR LA CONCEJALA NO ADSCRITA D.ª SUSANA SONEIRA LEMA***

**Única. Moción sobre as vías do tranvía turístico da Coruña.**

***Única. Moción sobre las vías del tranvía turístico de A Coruña.***

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda de adición do Grupo Municipal do Partido Popular.**

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda de adición del Grupo Municipal del Partido Popular.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Bo día. Pois entón, señora Soneira, ten vostede a palabra.

*Buenos días. Pues entonces, señora Soneira, tiene usted la palabra.*

**Señora Soneira Lema**

***Señora Soneira Lema***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

O 10 de maio de 1997 inaugurouse o primeiro tramo do tranvía turístico entre o Castelo de San Antón e a Torre de Hércules. En 1999 prolongouse o percorrido ata a fonte dos surfistas, fronte ao Hotel Meliá María Pita e en 2001 comezou a prestar servizos polo paseo Marítimo. O 7 de xullo de 2011, o tranvía turístico deixou de circular, cando o Goberno local tomou esa decisión ante as graves deficiencias técnicas que se apreciaron na instalación das vías que derivaron nun descarrilamento no que non houbo feridos. Desde entón, alí permanecen as

*El 10 de mayo de 1997 se inauguró el primer tramo del tranvía turístico entre el Castillo de San Antón y la Torre de Hércules. En 1999 se prolongó el recorrido hasta la fuente de los surfistas, frente al Hotel Meliá María Pita y en 2001 comenzó a prestar servicios por el paseo Marítimo. El 7 de julio de 2011, el tranvía turístico dejó de circular, cuando el Gobierno local tomó esa decisión ante las graves deficiencias técnicas que se apreciaron en la instalación de las vías que derivaron en un descarrilamiento en el que no hubo heridos. Desde entonces, allí permanecen las vías al descubierto,*

vías ao descuberto, sendo a causa directa ou indirecta, segundo información de prensa que se refire a fontes municipais, dunha gran cantidade de accidentes sufridos por condutores de distintos tipos de vehículos. Así, a superficie resbaladiza dos raís xunto cos ocos entre estes e o asfaltado provocan os accidentes, sendo máis frecuentes con choiva e de peores consecuencias para os motoristas.

*siendo la causa directa o indirecta, según información de prensa que se refiere a fuentes municipales, de una gran cantidad de accidentes sufridos por conductores de distintos tipos de vehículos. Así, la superficie resbaladiza de los raíles junto con los huecos entre estos y el asfaltado provocan los accidentes, siendo más frecuentes con lluvia y de peores consecuencias para los motoristas.*

O Concello xa foi condenado polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 2 por un destes accidentes sucedido en 2019 no paseo Marítimo, nas Lagoas, onde un turismo se estrelou contra un muro tras patinar sobre os raís nun día de choiva, circulando a unha velocidade normal. Para evitar estes accidentes nos últimos anos cubríronse os raís con asfalto en varios tramos do paseo Marítimo, pero aínda queda moito raíl ao descuberto. Actualmente, segue existindo un tramo moi longo que vai desde o Hotel María Pita ata o Castelo de San Antón e no tramo do sentido contrario que vai desde o Castelo de San Antón ata As Lagoas. Neste último os raís están no carril de bicicletas, polo tanto, non afectan a motos e turismos pero o risco de sufrir caídas para os ciclistas é importante.

*El Ayuntamiento ya fue condenado por el Juzgado de lo Contencioso-administrativo número 2 por uno de estos accidentes sucedido en 2019 en el paseo Marítimo, en As Lagoas, donde un turismo se estrelló contra un muro tras patinar sobre los raíles en un día de lluvia, circulando a una velocidad normal. Para evitar estos accidentes en los últimos años se cubrieron los raíles con asfalto en varios tramos del paseo Marítimo, pero aún queda mucho raíl al descubierto. Actualmente, sigue existiendo un tramo muy largo que va desde el Hotel María Pita hasta el Castillo de San Antón y en el tramo del sentido contrario que va desde el Castillo de San Antón hasta As Lagoas. En este último los raíles están en el carril de bicicletas, por lo tanto, no afectan a motos y turismos pero el riesgo de sufrir caídas para los ciclistas es importante.*

Segundo informacións de prensa, parece que o Goberno local ten previsto cubrir os raís a medida que se vaia intervindo en cada zona do paseo, pero agora, despois de case 12 anos de non funcionar o tranvía, parece que está descartada a súa recuperación. Non ten ningún sentido seguir mantendo as vías ao descuberto esperando a que se dispoña de orzamento para outras obras na zona porque se está a poñer en risco a seguridade dos ocupantes dos vehículos que circulan polos carrís onde aínda se atopan as vías. Convén recordar que a

*Según informaciones de prensa, parece que el Gobierno local ha previsto cubrir los raíles a medida que se vaya interviniendo en cada zona del paseo, pero ahora, después de casi 12 años de no funcionar el tranvía, parece que está descartada su recuperación. No tiene ningún sentido seguir manteniendo las vías al descubierto esperando a que se disponga de presupuesto para otras obras en la zona porque se está poniendo en riesgo la seguridad de los ocupantes de los vehículos que circulan por los carriles donde aún se encuentran las vías.*

vida humana non ten prezo e os riscos sobre ela que se poidan evitar non poden quedar á conveniencia da dispoñibilidade orzamentaria, máis tratándose dunha contía que pode supoñer, neste caso, a cobertura das vías cunha capa de asfalto.

*Conviene recordar que la vida humana no tiene precio y los riesgos sobre ella que se puedan evitar no pueden quedar a la conveniencia de la disponibilidad presupuestaria, más tratándose de una cuantía que puede suponer, en este caso, la cobertura de las vías con una capa de asfalto.*

**Ás once horas e doce minutos sae do Salón de Sesións o señor Celemín Santos.**

***A las once horas y doce minutos sale del Salón de Sesiones el señor Celemín Santos.***

Esta moción vén a recoller esa preocupación e a propoñer a súa solución definitiva, que é algo non só manifestado polos condutores que sufriron algún incidente deste tipo, senón que tamén é proposto por veciños do paseo Marítimo que, con frecuencia, presenciaron incidentes ou accidentes, principalmente de motos e en xornadas con choiva, e tamén é respaldado por profesionais do transporte como son empresarios de reparto e taxistas que, no último ano, destacaron na prensa o risco que supón circular sobre os raís, manifestando a conveniencia da cobertura das vías.

*Esta moción viene a recoger esa preocupación y a proponer su solución definitiva, que es algo no solo manifestado por los conductores que sufrieron algún incidente de este tipo, sino que también es propuesto por vecinos del paseo Marítimo que, con frecuencia, presenciaron incidentes o accidentes, principalmente de motos y en jornadas con lluvia, y también es respaldado por profesionales del transporte como son empresarios de reparto y taxistas que, en el último año, destacaron en la prensa el riesgo que supone circular sobre los raíles, manifestando la conveniencia de la cobertura de las vías.*

Por todo o anterior se propón o seguinte acordo: instar o Goberno municipal a darlles prioridade ás obras de cobertura das vías do tranvía turístico que aínda permanecen ao descuberto para evitar sinistros e os riscos de seguridade que supoñen para os ocupantes dos vehículos que circulen sobre elas.

*Por todo lo anterior se propone el siguiente acuerdo: instar al Gobierno municipal a darles prioridad a las obras de cobertura de las vías del tranvía turístico que aún permanecen al descubierto para evitar siniestros y los riesgos de seguridad que suponen para los ocupantes de los vehículos que circulen sobre ellas.*

Vou aceptar a emenda do Partido Popular porque considero que é conveniente que se acometa un plan para darlles uso ás instalacións do tranvía que están en desuso e ademais xa foron reivindicadas pola Asociación de veciños de Monte Alto.

*Voy a aceptar la enmienda del Partido Popular porque considero que es conveniente que se acometa un plan para darles uso a las instalaciones del tranvía que están en desuso y además ya fueron reivindicadas por la Asociación de vecinos de Monte Alto.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Soneira.

Señora Martínez.

**Señora Martínez Lema**

Moitas grazas.

Sen entrar a valorar o erro ou non que supuxo a decisión de non recuperar o tranvía turístico, alo menos nalgunha das súas partes, coincido coa exposición de motivos e o acordo que propón a señora Soneira. Considero imprescindible que se lle dea xa unha solución a todas as vías que están descubertas. O perigo que supoñen é constatable día si e día tamén. Cada ano entre un 70 e un 80 % dos sinistros que se producen no paseo Marítimo son provocados polas vías do tranvía, directa ou indirectamente. E xa non só accidentes, a existencia das vías provoca que os condutores circulen polo lado esquerdo da calzada practicamente inutilizando o carril dereito, prexudicando así a axilidade na mobilidade por eses treitos.

Nunha cidade que presume de plan de mobilidade e que quere ser exemplo neste sentido non é moi coherente manter esas vías descubertas. O meu voto é favorable para que se cubran canto antes.

**Ás once horas e catorce minutos entra no Salón de Sesións a señora Sobral Cabanas.**

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Martínez.

Señora Veira, ten a palabra.

**Señora Veira González**

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Soneira.*

*Señora Martínez.*

***Señora Martínez Lema***

*Muchas gracias.*

*Sin entrar a valorar el error o no que supuso la decisión de no recuperar el tranvía turístico, por lo menos en alguna de sus partes, coincido con la exposición de motivos y el acuerdo que propone la señora Soneira. Considero imprescindible que se les dé ya una solución a todas las vías que están descubiertas. El peligro que suponen es constatable día sí y día también. Cada año entre un 70 y un 80 % de los siniestros que se producen en el paseo Marítimo son provocados por las vías del tranvía, directa o indirectamente. Y ya no solo accidentes, la existencia de las vías provoca que los conductores circulen por el lado izquierdo de la calzada prácticamente inutilizando el carril derecho, perjudicando así la agilidad en la movilidad por esos tramos.*

*En una ciudad que presume de plan de movilidad y que quiere ser ejemplo en este sentido no es muy coherente mantener esas vías descubiertas. Mi voto es favorable para que se cubran lo antes posible.*

***A las once horas y catorce minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Sobral Cabanas.***

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Martínez.*

*Señora Veira, tiene la palabra.*

***Señora Veira González***

Moitas grazas.

Desde o BNG imos votar a favor desta moción. Consideramos que as vías do tranvía son un perigo actualmente e un feito constatable, como dixo a señora Martínez, día si, día tamén, especialmente os días de choiva onde os coches esvaran constantemente e é un perigo. Ademais, imos votar a favor tamén da moción, consideramos moi axeitado que se lles dea uso ás cocheiras porque para algo se recuperaron e para algo tamén se pagou polos tranvías, non para ter aí morto un espazo que pode ser moi útil para o barrio de Monte Alto, e uns tranvías polos que se pagou tamén diñeiro, e entendemos que algo haberá que facer con eles. Entón, agradecemos que se acepte a moción do Partido Popular, nós iamos votar a favor... a emenda do Partido Popular, que iamos votar a favor dela e nada máis. Pola nosa banda conten co voto favorable do BNG.

*Muchas gracias.*

*Desde el BNG vamos a votar a favor de esta moción. Consideramos que las vías del tranvía son un peligro actualmente y un hecho constatable, como dijo la señora Martínez, día sí, día también, especialmente los días de lluvia donde los coches resbalan constantemente y es un peligro. Además, vamos a votar a favor también de la moción, consideramos muy adecuado que se les dé uso a las cocheras porque para algo se recuperaron y para algo también se pagó por los tranvías, no para tener ahí muerto un espacio que puede ser muy útil para el barrio de Monte Alto, y unos tranvías por los que se pagó también dinero, y entendemos que algo habrá que hacer con ellos. Entonces, agradecemos que se acepte la moción del Partido Popular, nosotros íbamos a votar a favor... la enmienda del Partido Popular, que íbamos a votar a favor de ella y nada más. Por nuestra parte cuenten con el voto favorable del BNG.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Veira.

Señor Lema, ten a palabra.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Veira.*

*Señor Lema, tiene la palabra.*

**Señor Lema Suárez**

Ben, moitas grazas.

Estamos debatendo aquí hoxe unha desas partes menos decorosas do legado do vazquismo, tantas veces ao longo dos últimos anos comentado neste pleno, ás veces con cantos de loubanza e outras veces como se comentou tamén previamente na cuestión do Ofimático xa neste pleno, e neste, é outro caso e tamén estamos nesa parte menos decorosa, por non dicir case catastrófica, do legado do vazquismo. Poderiamos engadir outras

***Señor Lema Suárez***

*Bien, muchas gracias.*

*Estamos debatiendo aquí hoy una de esas partes menos decorosas del legado del vazquismo, tantas veces a lo largo de los últimos años comentado en este pleno, a veces con cantos de alabanza y otras veces como se comentó también previamente en la cuestión del Ofimático ya en este pleno, y este es otro caso en el que también estamos en esa parte menos decorosa, por no decir casi catastrófica, del legado del vazquismo. Podríamos añadir otras*

pezas máis neste balance: o ascensor de San Pedro, o Conde de Fenosa, por suposto, a Agra de San Amaro, o Castro de Elviña. Hai unha morea, digamos de..., penso de..., de razóns e de mostras dunha xestión, insisto, máis ben catastrófica do —tantas veces loubado neste pleno— legado do vazquismo.

*piezas más en este balance: el ascensor de San Pedro, el Conde de Fenosa, por supuesto, el Agra de San Amaro, el Castro de Elviña. Hay un montón, digamos de..., creo de..., de razones y de muestras de una gestión, insisto, más bien catastrófica del —tantas veces alabado en este pleno— legado del vazquismo.*

Ben, estamos ante unha obra custosa, moi custosa no seu momento e de máis que dubidosa rendibilidade social, unha obra que amosa todos os males, todos os defectos de aquelas infraestruturas planificadas para un uso exclusivamente turístico, separados do uso normal da cidadanía. Estas infraestruturas quedan aí como monstros, digamos, dunha mala planificación, dunha mala planificación dunha cidade que ten, desde logo, un elevado potencial turístico pero que, desde logo, ese elevado potencial turístico non xustifica que se acometan infraestruturas exclusivas ou preferentes para uso turístico como é esta infraestrutura deste tranvía que a ningún se lle escapa, podería ser adaptado tamén para o uso do resto da poboación se se completase o seu trazado, non unicamente polo bordo litoral da cidade da Coruña, senón tamén intentando redondealo, intentando rematar a circunferencia atravesando polo istmo da Coruña. Por exemplo, eu creo que hai moitísimas posibilidades de que este recurso sexa útil, sexa útil desde un punto de vista da mobilidade sostible, ademais tamén do que ten que ver coa propia transición enerxética, da que falarei un pouco máis adiante na miña exposición adiantando o noso voto favorable tamén á moción e á emenda.

*Bien, estamos ante una obra costosa, muy costosa en su momento y de más que dudosa rentabilidad social, una obra que muestra todos los males, todos los defectos de aquellas infraestructuras planificadas para un uso exclusivamente turístico, separados del uso normal de la ciudadanía. Estas infraestructuras quedan ahí como monstruos, digamos, de una mala planificación, de una mala planificación de una ciudad que tiene, desde luego, un elevado potencial turístico pero que, desde luego, ese elevado potencial turístico no justifica que se acometan infraestructuras exclusivas o preferentes para uso turístico como es esta infraestructura de este tranvía que a ninguno se le escapa, podría ser adaptado también para el uso del resto de la población si se completara su trazado, no únicamente por el borde litoral de la ciudad de A Coruña, sino también intentando redondearlo, intentando finalizar la circunferencia atravesando por el istmo de A Coruña. Por ejemplo, yo creo que hay muchísimas posibilidades de que este recurso sea útil, sea útil desde un punto de vista de la movilidad sostenible, además también de lo que tiene que ver con la propia transición energética, de la que hablaré un poco más adelante en mi exposición adelantando nuestro voto favorable también a la moción y a la enmienda.*

Pensamos que esa moción nos pon tamén en contexto en relación co balance que debemos facer a estas alturas das políticas de mobilidade deste concello.

*Creemos que esa moción nos pone también en contexto en relación con el balance que debemos hacer a estas alturas de las políticas de movilidad de*

Podemos dicir que houbo moito urbanismo táctico pero moi pouca planificación estratéxica e ningunha, desde logo, medida eficaz de reordenación da mobilidade.

Podiamos outra vez traer aquí o programa do Partido Socialista do ano 2019 e tiña un espazo relevante dedicado a esta cuestión da mobilidade e ver que, desde logo, non se acometeu ningunha desas medidas. A máis relevante de todas, desde logo, a reordenación do mapa de liñas do autobús. Nada sabemos e apelábase aquí a certos modelos que tamén estaban a debate durante o anterior mandato, pero a verdade é que o Partido Socialista que no anterior mandato tiña certa obsesión en cada pleno para preguntar sobre esta cuestión que estimaban tan urxente, pois resulta que chegando ao final deste mandato, máis ben o que vemos é un balance equivalente a cero no que se refire ao elemento máis transcendental na mobilidade urbana da Coruña que é a reordenación das liñas de autobús.

Tampouco sabemos, e é outra cuestión moi relevante, cal vai ser a liña, a relación que a futuro este goberno estableza respecto da finalización do contrato da Compañía de Tranvías **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —grazas, vou rematando, señor Borrego— respecto da cuestión da finalización do contrato que dalgunha maneira somete a cidade ao seu contratista, que é a empresa Compañía de Tranvías. Eu creo que é hora de inverter a relación entre a cidade e a empresa contratista da Compañía de Tranvías e que o mellor xeito de facelo é internalizando este servizo. Este creo que é, desde logo, un dos grandes retos da nosa cidade para futuro. Penso que a ninguén se lle escapa que temos un

*este ayuntamiento. Podemos decir que hubo mucho urbanismo táctico pero muy poca planificación estratégica y ninguna, desde luego, medida eficaz de reordenación de la movilidad.*

*Podíamos otra vez traer aquí el programa del Partido Socialista del año 2019 y tenía un espacio relevante dedicado a esta cuestión de la movilidad y ver que, desde luego, no se acometió ninguna de esas medidas. La más relevante de todas, desde luego, la reordenación del mapa de líneas del autobús. Nada sabemos y se apelaba aquí a ciertos modelos que también estaban a debate durante el anterior mandato, pero la verdad es que el Partido Socialista que en el anterior mandato tenía cierta obsesión en cada pleno por preguntar sobre esta cuestión que estimaban tan urgente, pues resulta que llegando al final de este mandato, más bien lo que vemos es un balance equivalente a cero en lo que se refiere al elemento más trascendental en la movilidad urbana de A Coruña que es la reordenación de las líneas de autobús.*

*Tampoco sabemos, y es otra cuestión muy relevante, cuál va a ser la línea, la relación que a futuro este gobierno establezca respecto de la finalización del contrato de la Compañía de Tranvías* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—gracias, voy finalizando, señor Borrego— respecto de la cuestión de la finalización del contrato que de alguna manera somete a la ciudad a su contratista, que es la empresa Compañía de Tranvías. Yo creo que es hora de invertir la relación entre la ciudad y la empresa contratista de la Compañía de Tranvías y que la mejor manera de hacerlo es internalizando este servicio. Este creo que es, desde luego, uno de los grandes retos de nuestra ciudad para futuro. Creo que a nadie se le escapa que*

servicio deficitario, que é moi difícil, por non dicir imposible, adaptalo ás necesidades reais da poboación no que ten que ver coa conexión, por exemplo, coas **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** —e agora si que xa vou rematando— pero, en definitiva, o noso balance de políticas de mobilidade é máis ben pobre e pensamos que temos retos pendentes, entre eles o máis urxente ter un servizo de mobilidade a través da compañía de autobuses ao servizo da cidade e non á inversa, que é a relación que temos agora mesmo.

*tenemos un servicio deficitario, que es muy difícil, por no decir imposible, adaptarlo a las necesidades reales de la población en lo que tiene que ver con la conexión, por ejemplo, con las* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *—y ahora sí que ya voy finalizando— pero, en definitiva, nuestro balance de políticas de movilidad es más bien pobre y pensamos que tenemos retos pendientes, entre ellos el más urgente tener un servicio de movilidad a través de la compañía de autobuses al servicio de la ciudad y no a la inversa, que es la relación que tenemos ahora mismo.*

Nada máis e grazas.

*Nada más y gracias.*

**Ás once horas e vinte e un minutos entran no Salón de Sesións a señora alcaldesa, que se reincorpora á Presidencia, as señoras Cameán Calvete e Gallego Neira e o señor Celemín Santos.**

***A las once horas y veintiún minutos entran en el Salón de Sesiones la señora alcaldesa, que se reincorpora a la Presidencia, las señoras Cameán Calvete y Gallego Neira y el señor Celemín Santos.***

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Lema. Non está o señor Lage pero bueno, como levaba vostede dous minutos, era por non estirar a situación.

*Muchas gracias, señor Lema. No está el señor Lage pero bueno, como llevaba usted dos minutos, era por no estirar la situación.*

Polo Partido Popular, señora Cendán.

*Por el Partido Popular, señora Cendán.*

**<u>Señora Cendán Gayoso</u>**

***<u>Señora Cendán Gayoso</u>***

Grazas.

*Gracias.*

Compartindo a mesma preocupación que a señora Soneira, adianto xa o noso voto favorable para que o Goberno municipal cubra os raís do antigo tranvía turístico, unha actuación necesaria para garantir a seguridade dos viandantes e ciclistas, e evitar o aumento de cifras como as que temos dende 2016, con máis de 20 accidentes de circulación, algúns con

*Compartiendo la misma preocupación que la señora Soneira, adelanto ya nuestro voto favorable para que el Gobierno municipal cubra los raíles del antiguo tranvía turístico, una actuación necesaria para garantizar la seguridad de los viandantes y ciclistas, y evitar el aumento de cifras como las que tenemos desde 2016, con más de 20 accidentes de*

feridos graves.

En novembro de 2019 este goberno decidiu non recuperar este tranvía turístico. Os técnicos municipais consideraron que o alto custo de restablecer o servizo, dado o deterioro da vía e a necesidade de repoñer parte da catenaria, non facía pertinente recuperalo. A inicios de 2021 comezaron a desenvolverse certas tarefas en certas zonas para darlle cobertura ás estruturas polas que circulaba mais non foron rematadas. É por iso que instamos, tal e como dicta a moción, a que se realicen estes traballos.

Sen embargo, se ben é certo que imos apoiala, tamén o é que consideramos ao estudala que podiamos ser máis ambiciosos. O noso tranvía circulou 14 anos cun éxito considerable, nos seus mellores tempos tivo miles de usuarios. Desde un punto de vista turístico foi unha iniciativa que á xente lle encantaba e que mesmo chegou a converterse nun símbolo da nosa cidade. A decisión sobre o seu futuro tomouse baixo criterios técnicos e económicos mais non así sobre os seus vestixios, entendendo por eles as naves construídas diante da Torre de Hércules e as propias máquinas. No tocante ás naves, o seu interior foi deseñado para que funcionase como un museo vivo coa vontade de ser visitadas mentres se realizaba o mantemento das máquinas, do que non perder detalle grazas ás pasarelas elevadas, pero a estrutura é metálica, o teito acumula auga e cos anos e a salitre apareceron óxido e buracos, charcos e verdín, quedando en estado ruinoso, non chegando a corrixirse os defectos dunha infraestrutura que resulta agora perigosa. E no tinxinte ás máquinas, podería expoñerse xunto a outros vehículos históricos, máis aínda nunha cidade que abandeirou os museos científicos.

*circulación, algunos con heridos graves.*

*En noviembre de 2019 este gobierno decidió no recuperar este tranvía turístico. Los técnicos municipales consideraron que el alto coste de restablecer el servicio, dado el deterioro de la vía y la necesidad de reponer parte de la catenaria, no hacía pertinente recuperarlo. A inicios de 2021 comenzaron a desarrollarse ciertas tareas en ciertas zonas para darles cobertura a las estructuras por las que circulaba pero no fueron finalizadas. Es por eso que instamos, tal y como dicta la moción, a que se realicen estos trabajos.*

*Sin embargo, si bien es cierto que la vamos a apoyar, también lo es que consideramos al estudiarla que podíamos ser más ambiciosos. Nuestro tranvía circuló 14 años con un éxito considerable, en sus mejores tiempos tuvo miles de usuarios. Desde un punto de vista turístico fue una iniciativa que a la gente le encantaba y que incluso llegó a convertirse en un símbolo de nuestra ciudad. La decisión sobre su futuro se tomó bajo criterios técnicos y económicos pero no así sobre sus vestigios, entendiendo por ellos las naves construidas delante de la Torre de Hércules y las propias máquinas. En lo tocante a las naves, su interior fue diseñado para que funcionara como un museo vivo con la voluntad de ser visitadas mientras se realizaba el mantenimiento de las máquinas, del que no perder detalle gracias a las pasarelas elevadas, pero la estructura es metálica, el techo acumula agua y con los años y el salitre aparecieron óxido y agujeros, charcos y verdín, quedando en estado ruinoso, no llegando a corregirse los defectos de una infraestructura que resulta ahora peligrosa. Y en lo tocante a las máquinas, podría exponerse junto a otros vehículos históricos, más aún en una*

*ciudad que abanderó los museos científicos.*

Somos coñecedores de que este goberno aínda non ten un plan para darlles utilidade nin ás cocheiras, ou cuadras, termo que tanto lle gusta á nosa alcaldesa, e tampouco aos coches do tranvía turístico. A inicios de 2021 pasaban a formar parte do patrimonio do Concello ambas, trala liquidación do contrato que matiña coa Compañía de Tranvías, titular da concesión. Cremos que, tanto a infraestrutura como os vehículos deberían ser obxecto de sendos proxectos de recuperación e conservación do patrimonio material, industrial e cultural da nosa cidade, motivo polo que presentamos unha emenda de adición na que instamos ao Goberno municipal a acometer un plan de uso para a instalación tendo en conta as coñecidas demandas da Asociación de veciños de Monte Alto para dedicalo a actividades sociais e culturais no barrio e a converter os antigos tranvías en elementos expositivos. Grazas, señora Soneira, pola súa sensibilidade na aceptación da mesma.

*Somos conocedores de que este gobierno aún no tiene un plan para darles utilidad ni a las cocheras, o cuadras, término que tanto le gusta a nuestra alcaldesa, y tampoco a los coches del tranvía turístico. A inicios de 2021 pasaban a formar parte del patrimonio del Ayuntamiento ambas, tras la liquidación del contrato que mantenía con la Compañía de Tranvías, titular de la concesión. Creemos que, tanto la infraestructura como los vehículos deberían ser objeto de sendos proyectos de recuperación y conservación del patrimonio material, industrial y cultural de nuestra ciudad, motivo por el que presentamos una enmienda de adición en la que instamos al Gobierno municipal a acometer un plan de uso para la instalación teniendo en cuenta las conocidas demandas de la Asociación de vecinos de Monte Alto para dedicarlo a actividades sociales y culturales en el barrio y a convertir los antiguos tranvías en elementos expositivos. Gracias, señora Soneira, por su sensibilidad en la aceptación de la misma.*

O obxectivo, con ánimo de ser propositivos a unha política turística e cultural estanca ou inexistente na Coruña, sería ilustrar un pequeno paseo pola historia, mostrando ao público as orixes, características e funcionamento deste singular medio de transporte turístico. Renderíamos así certa homenaxe a un material histórico ao que se lle pode, se hai vontade de goberno, dar un uso continuado. Téñano moi presente, aínda que sei que nin o contemplan, á vista, tanto do baixísimo nivel de cumprimento programático en materia turística como dos anuncios inconclusos dende Fitur aos que xa nos ten acostumados a nosa alcaldesa.

*El objetivo, con ánimo de ser propositivos a una política turística y cultural estanca o inexistente en A Coruña, sería ilustrar un pequeño paseo por la historia, mostrando al público los orígenes, características y funcionamiento de este singular medio de transporte turístico. Rendiríamos así cierto homenaje a un material histórico al que se le puede, si hay voluntad de gobierno, dar un uso continuado. Ténganlo muy presente, aunque sé que ni lo contemplan, a la vista, tanto del bajísimo nivel de cumplimiento programático en materia turística como de los anuncios inconclusos desde Fitur a los que ya nos tiene acostumbrados nuestra alcaldesa.*

É certo que A Coruña é un *mast* que non un *must*, e é por iso que deberían recoller este guante, un de tantos que o PP lles lanzou ao longo dun duro mandato cos seus socios de goberno para converter estes elementos patrimoniais e industriais nun bo reclamo cultural **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** e nun atractivo produto turístico, un turismo baseado naquelas experiencias ligadas ao coñecemento de testemuñas, memoria e pegadas do traballo do paseo Marítimo, un turismo co que xerar marca de cidade e fornecer a conciencia local con respecto á conservación do patrimonio tanxible e intanxible, combinando vellos e novos elementos nun proceso de rexeneración urbana. Hai que ter en conta que a marca Coruña atrae turismo, que a conciencia fortalece o sentimento coruñés e que a cultura atrae a cultura. Concelleiros, outra cultura é posible. Grazas.

*Es cierto que A Coruña es un "mast" que no un "must", y es por eso que deberían recoger este guante, uno de tantos que el PP les lanzó a lo largo de un duro mandato con sus socios de gobierno para convertir estos elementos patrimoniales e industriales en un buen reclamo cultural* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *y en un atractivo producto turístico, un turismo basado en aquellas experiencias ligadas al conocimiento de testigos, memoria y huellas del trabajo del paseo Marítimo, un turismo con el que generar marca de ciudad y suministrar la conciencia local con respeto a la conservación del patrimonio tangible e intangible, combinando viejos y nuevos elementos en un proceso de regeneración urbana. Hay que tener en cuenta que la marca Coruña atrae turismo, que la conciencia fortalece el sentimiento coruñés y que la cultura atrae cultura. Concejales, otra cultura es posible. Gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas. Turno para o señor Díaz.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias. Turno para el señor Díaz.*

***<u>Señor Díaz Gallego</u>***

*Si, señora Cendán, chama a atención que falen do éxito do tranvía cando foi un goberno do Partido Popular o que abandonou o servizo e fixo absolutamente irrecuperable o tranvía para o servizo turístico que daba. Abandonárono en 2011, catro anos sen facer nada, deixárono nun estado absoluto de ruína e abandono e, por culpa dese goberno do Partido Popular, do que, reitero unha vez máis, formaba parte o candidato Lorenzo, hoxe non hai tranvía turístico en Coruña, co cal, ben, o seu discurso non deixa de ser, cando menos, rechamante.*

**<u>Señor Díaz Gallego</u>**

Sí, señora Cendán, llama la atención que hablen del éxito del tranvía cuando fue un gobierno del Partido Popular el que abandonó el servicio e hizo absolutamente irrecuperable el tranvía para el servicio turístico que daba. Lo abandonaron en 2011, cuatro años sin hacer nada, lo dejaron en un estado absoluto de ruina y abandono y, por culpa de ese gobierno del Partido Popular, del que, reitero una vez más, formaba parte el candidato Lorenzo, hoy no hay tranvía turístico en Coruña, con lo cual, bueno, su discurso no deja de ser, cuando menos, llamativo.

*Adiantar —como non pode ser doutro xeito— o voto favorable á presente moción relativa ao estado das vías do tranvía por concordar, tanto coa parte expositiva onde se fai un relatorio moi certeiro do proceso que nos levou ao momento no que estamos, como coa parte resolutiva. Un proceso que se inicia, como dicía, coa decisión do Partido Popular, do Goberno do Partido Popular do señor Negreira, de suprimir o tranvía turístico e continúa co deixamento no que tiveron o sistema de tranvía turístico durante eses 4 anos ese mesmo goberno e o goberno que lle sucedeu, goberno de Marea Atlántica, con esas vías que quedaron absolutamente abandonadas e que, como outros tantos temas foi este goberno, o Goberno de Inés Rey o que tivo que facer fronte ao problema acometendo parcialmente a cobertura destas vías do tranvía e planificando a cubrición ou retirada das vías pendentes, porque di a señora Cendán certas obras, ben, certas obras son as seguintes: dos 6,3 km de vía cubríronse xa 2,5 km no tramo entre Escravas e Aquarium, coa creación do carril bici e do carril de corredores, retiráronse tamén os postes e a catenaria do tranvía, elementos que, ademais, tamén tiñan problemas de seguridade, así como as marquesiñas do tranvía que non eran compartidas co servizo de bus urbano. 250.000 € de investimento nesas obras. Estanse, tamén, cubrindo as vías do tranvía no ámbito entre o Oceanográfico e o cemiterio de Santo Amaro, aproximadamente 1,3 km, con este proxecto Eidus do paseo Marítimo, de humanización do paseo Marítimo de 2.896.000 €, que vai supoñer unha humanización do paseo e vai dar solución a este problema das vías, por tanto, máis da metade do percorrido do tranvía xa está cuberto por obras neste*

Adelantar —como no puede ser de otro modo— el voto favorable a la presente moción relativa al estado de las vías del tranvía por concordar, tanto con la parte expositiva donde se hace un relatorio muy certero del proceso que nos ha llevado al punto en el que estamos, como con la parte resolutiva. Un proceso que se inicia, como decía, con la decisión del Partido Popular, del Gobierno del Partido Popular del señor Negreira, de suprimir el tranvía turístico y continúa con la dejadez en la que tuvieron el sistema de tranvía turístico durante esos 4 años ese mismo gobierno y el gobierno que le sucedió, gobierno de Marea Atlántica, con esas vías que han quedado absolutamente abandonadas y que, como otros tantos temas ha sido este gobierno, el Gobierno de Inés Rey el que ha tenido que hacer frente al problema acometiendo parcialmente la cobertura de estas vías del tranvía y planificando la cubrición o retirada de las vías pendientes, porque dice la señora Cendán ciertas obras, bueno, ciertas obras son las siguientes: de los 6,3 km de vía se han cubierto ya 2,5 km en el tramo entre Esclavas y Aquarium, con la creación del carril bici y del carril de corredores, se han retirado también los postes y la catenaria del tranvía, elementos que, además, también tenían problemas de seguridad, así como las marquesinas del tranvía que no eran compartidas con el servicio de bus urbano. 250.000 € de inversión en esas obras. Se están, también, cubriendo las vías del tranvía en el ámbito entre el Oceanográfico y el cementerio de San Amaro, aproximadamente 1,3 km, con este proyecto Eidus del paseo Marítimo, de humanización del paseo Marítimo de 2.896.000 €, que va a suponer una humanización del paseo y va a dar solución a este problema de las vías, por lo tanto, más de la mitad del recorrido del tranvía ya está cubierto por obras en este mandato, más de la mitad frente a cero cubrición de vías en el mandato del

*mandato, máis da metade fronte a cero cubrición de vías no mandato do Partido Popular e cero cubrición de vías no mandato de Marea Atlántica, a pesar de que ambos sinalan que é un problema tremendísimo. Temos xa no resto dos tramos das vías do tranvía planificada a súa cubrición coa fin, como digo, de garantir a seguridade dos nosos cidadáns.*

Partido Popular y cero cubrición de vías en el mandato de Marea Atlántica, pese a que ambos señalan que es un problema tremendísimo. Tenemos ya en el resto de los tramos de las vías del tranvía planificada su cubrición con el fin, como digo, de garantizar la seguridad de nuestros ciudadanos.

*Señor Lema, o legado do vazquismo era un tranvía turístico en pleno funcionamento. O legado dos gobernos que lle sucederon con outro signo político foi o abandono desas instalacións das que hoxe falamos, entón non confundamos á xente co debate nin erremos o tiro. En todo caso, ben, alégrame que fale deste goberno a futuro cando estamos a 100 días dunhas eleccións porque, ben, comparto que temos moito futuro como goberno.*

Señor Lema, el legado del vazquismo era un tranvía turístico en pleno funcionamiento. El legado de los gobiernos que le sucedieron con otro signo político fue el abandono de esas instalaciones de las que hoy hablamos, entonces no confundamos a la gente con el debate ni erremos el tiro. En todo caso, bueno, me alegra que hable de este gobierno a futuro cuando estamos a 100 días de unas elecciones porque, bueno, comparto que tenemos mucho futuro como gobierno.

*Como digo, é este goberno local o que tivo que tomar a decisión no canto de deixar morrer as instalacións e é este goberno local o que continuará coas obras de tapado das vías do tranvía. Moitas grazas.*

Como digo, es este gobierno local el que ha tenido que tomar la decisión en vez de dejar morir las instalaciones y es este gobierno local el que continuará con las obras de tapado de las vías del tranvía. Muchas gracias.

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Hai unha emenda do Partido Popular. Señora Soneira, non estaba ao inicio, non sei se a aceptou ou non.

*Hay una enmienda del Partido Popular. Señora Soneira, no estaba al inicio, no sé si la aceptó o no.*

A aceptou. Se incorpora a emenda e, por tanto, se procede á votación da moción integramente.

*La aceptó. Se incorpora la enmienda y, por tanto, se procede a la votación de la moción íntegramente.*

**Votación da moción presentada pola concelleira non adscrita dona Susana Soneira Lema transaccionada co Grupo Municipal do Partido Popular**

***Votación de la moción presentada por la concejala no adscrita doña Susana Soneira Lema transaccionada con el Grupo Municipal del Partido Popular***

Seguidamente, por parte da Presidencia sométese a votación a moción presentada pola concelleira non adscrita dona Susana Soneira Lema, transaccionada co Grupo Municipal do Partido Popular, sobre as vías do tranvía turístico da Coruña, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente, por parte da Presidencia se somete a votación la moción presentada por la concejala no adscrita doña Susana Soneira Lema, transaccionada con el Grupo Municipal del Partido Popular, sobre la vías del tranvía turístico de A Coruña, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (7 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (7 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Mónica Martínez Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita doña Mónica Martínez Lema (1 voto).*

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Susana Soneira Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita doña Susana Soneira Lema (1 voto).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Ben, queda aprobada por unanimidade.

*Bien, queda aprobada por unanimidad.*

**22. Moción presentada pola concelleira non adscrita dona Susana Soneira Lema, transaccionada do Grupo Municipal do Partido Popular, sobre as vías do tranvía turístico da Coruña.**

***22. Moción presentada por la concejala no adscrita doña Susana Soneira Lema, transaccionada con el Grupo Municipal del Partido Popular, sobre las vías del tranvía turístico de A Coruña.***

**Acordo**

***Acuerdo***

1.- Instar o Goberno Municipal a darlle prioridade ás obras de cobertura das vías do tranvía turístico, que aínda

*1.- Instar al Gobierno Municipal a darle prioridad a las obras de cobertura de las vías del tranvía turístico, que aún*

permanecen ao descuberto, para evitar sinistros e os riscos de seguridade que supoñen para os ocupantes dos vehículos que circulen sobre elas.

*permanecen a descubierto, para evitar siniestros y los riesgos de seguridad que suponen para los ocupantes de los vehículos que circulen sobre ellas.*

2.- Que acometa un plan para darlle uso ás instalacións do tranvía.

*2.- Que acometa un plan para darle uso a las instalaciones del tranvía.*

3.- Que lles dea uso aos antigos tranvías como elemento expositivo.

*3.- Que les dé uso a los antiguos tranvías como elemento expositivo.*

**<u>Intervencións</u>**

***<u>Intervenciones</u>***

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Ben, pasamos xa á seguinte moción do Bloque Nacionalista Galego sobre o futuro dos terreos do porto interior da Coruña e a débeda contraída polo Porto da Coruña con Puertos del Estado para construír o porto exterior de Punta Langosteira, que vai ser debatida conxuntamente coa moción da Marea Atlántica, a terceira das presentadas, para abrir unha nova fase na definición do porto interior.

*Bien, pasamos ya a la siguiente moción del Bloque Nacionalista Galego sobre el futuro de los terrenos del puerto interior de A Coruña y la deuda contraída por el Puerto de A Coruña con Puertos del Estado para construir el puerto exterior de Punta Langosteira, que va a ser debatida conjuntamente con la moción de la Marea Atlántica, la tercera de las presentadas, para abrir una nueva fase en la definición del puerto interior.*

Á moción do BNG hai unha emenda de substitución do Grupo do Partido Popular e á moción da Marea Atlántica hai, tamén, unha emenda de substitución do Grupo Popular.

*A la moción del BNG hay una enmienda de sustitución del Grupo del Partido Popular y a la moción de la Marea Atlántica hay, también, una enmienda de sustitución del Grupo Popular.*

O debate, tratándose dunha moción conxunta, será de catro minutos por quenda.

*El debate, tratándose de una moción conjunta, será de cuatro minutos por turno.*

Comeza o BNG, señor Jorquera.

*Comienza el BNG, señor Jorquera.*

**Ás once horas e vinte e nove minutos sae do Salón de Sesións o señor Díaz Gallego.**

***A las once horas y veinte minutos sale del Salón de Sesiones el señor Díaz Gallego.***

**<u>MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO</u>**

***<u>MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO</u>***

**Debate conxunto e votación separada**

***Debate conjunto y votación separada de***

**das seguintes mocións:**

**Primeira. Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o futuro dos terreos do porto interior da Coruña e a débeda contraída polo Porto da Coruña con Puertos del Estado para construír o porto exterior de Punta Langosteira.**

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda de substitución do Grupo Municipal do Partido Popular.**

**Terceira. Moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica para abrir unha nova fase na definición do futuro do porto interior.**

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda de substitución do Grupo Municipal do Partido Popular.**

**Señor Jorquera Caselas**

Grazas.

Volvemos traer a Pleno unha moción sobre o futuro dos terreos do porto interior e a débeda do Porto da Coruña, entre outros motivos, para esclarecer se realmente estamos ante un novo escenario e, de ser así, actuar en consecuencia.

Dicimos isto porque o pasado 15 de xaneiro, no marco dun debate radiofónico entre os representantes das forzas políticas representadas na Corporación, os representantes do PSOE e do PP coincidiron en que non se debía comprometer fondos do Concello para a adquisición duns peiraos que xa son públicos, a posición que sempre defendeu o BNG. Porén, esta non foi a posición que ata o de agora mantiveron a Xunta de Galicia e o Goberno municipal. É importante lembrar que a Xunta se

***las siguientes mociones:***

***Primera. Moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el futuro de los terrenos del puerto interior de A Coruña y la deuda contraída por el Puerto de A Coruña con Puertos del Estado para construir el puerto exterior de Punta Langosteira.***

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda de sustitución del Grupo Municipal del Partido Popular.***

***Tercera. Moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica para abrir una nueva fase en la definición del futuro del puerto interior.***

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda de sustitución el Grupo Municipal del Partido Popular.***

***Señor Jorquera Caselas***

*Gracias.*

*Volvemos a traer a Pleno una moción sobre el futuro de los terrenos del puerto interior y la deuda del Puerto de A Coruña, entre otros motivos, para esclarecer si realmente estamos ante un nuevo escenario y, de ser así, actuar en consecuencia.*

*Decimos esto porque el pasado 15 de enero, en el marco de un debate radiofónico entre los representantes de las fuerzas políticas representadas en la Corporación, los representantes del PSOE y del PP coincidieron en que no se debía comprometer fondos del Ayuntamiento para la adquisición de unos muelles que ya son públicos, la posición que siempre defendió el BNG. Sin embargo, esta no fue la posición que hasta ahora mantuvieron la Xunta de Galicia y el Gobierno municipal. Es importante*

comprometera a achegar 20 millóns de euros para facerse coa titularidade de Calvo Sotelo e Batería, un compromiso rexeitado polo Goberno municipal que contrapuxo a proposta de destinar 15 millóns de euros da facenda local para adquirir o 75 % destes peiraos.

**Ás once horas e trinta e un minutos sae do Salón de Sesións o señor Borrego Vázquez.**

Froito diso, en setembro do 2021, as institucións implicadas chegaron a un principio de acordo para que o Concello achegase o 75 % da valoración dos peiraos de Calvo Sotelo e Batería, a Xunta un 20 e a Autoridade Portuaria o restante 5 %. E o propio presidente da Xunta, en declaracións posteriores ao citado debate radiofónico, encargouse de matizar a posición do Partido Popular, afirmando textualmente que a Xunta de Galicia mantén o seu compromiso de facer achegas económicas para a merca dos terreos de acordo ás anualidades que se pactaron en setembro de 2021.

**Ás once horas e trinta e dous minutos entra no Salón de Sesións o señor Díaz Gallego.**

Por iso dicía que hai que clarificar se realmente estamos ante un novo escenario, porque unha cousa é que o Concello comprometa recursos para a urbanización dos terreos que fiquen liberados de actividades portuarias co obxecto de incorporalos ao espazo de desfrute público ou para dotar eses novos ámbitos de equipamentos ou servizos, e outra pagar por un simple cambio de titularidade, máxime cando existen numerosos exemplos de cesión de terreos pertencentes a portos de interese xeral de titularidade estatal sen que esta

*recordar que la Xunta se había comprometido a aportar 20 millones de euros para hacerse con la titularidad de Calvo Sotelo y Batería, un compromiso rechazado por el Gobierno municipal que contrapuso la propuesta de destinar 15 millones de euros de la hacienda local para adquirir el 75 % de estos muelles.*

***A las once horas y treinta y un minutos sale del Salón de Sesiones el señor Borrego Vázquez.***

*Fruto de eso, en septiembre del 2021, las instituciones implicadas llegaron a un principio de acuerdo para que el Ayuntamiento aportara el 75 % de la valoración de los muelles de Calvo Sotelo y Batería, la Xunta un 20 y la Autoridad Portuaria el restante 5 %. Y el propio presidente de la Xunta, en declaraciones posteriores al citado debate radiofónico, se encargó de matizar la posición del Partido Popular, afirmando textualmente que la Xunta de Galicia mantiene su compromiso de hacer aportaciones económicas para la compra de los terrenos de acuerdo a las anualidades que se pactaron en septiembre de 2021.*

***A las once horas y treinta y dos minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Díaz Gallego.***

*Por eso decía que hay que clarificar si realmente estamos ante un nuevo escenario, porque una cosa es que el Ayuntamiento comprometa recursos para la urbanización de los terrenos que queden liberados de actividades portuarias con el objeto de incorporarlos al espacio de disfrute público o para dotar esos nuevos ámbitos de equipamientos o servicios, y otra pagar por un simple cambio de titularidad, máxime cuando existen numerosos ejemplos de cesión de terrenos pertenecientes a puertos de interés general de titularidad estatal sin*

cesión tivese representado un custo para a cidade. E se coincidimos niso, entón é necesario dar pasos para facer realidade a transformación da fachada marítima, como impulsar a creación dun consorcio ou ente análogo, coa participación das distintas administracións implicadas, revisar os convenios de 2004 e o propio PXOM, que permiten uns aproveitamentos urbanísticos e terciarios en terreos portuarios que en absoluto se corresponden coas necesidades e as demandas da Coruña de hoxe e dar, tamén, pasos para avanzar na definición dos usos futuros deses terreos, contando para iso coa participación da cidadanía.

*que esta cesión hubiera representado un coste para la ciudad. Y si coincidimos en eso, entonces es necesario dar pasos para hacer realidad la transformación de la fachada marítima, como impulsar la creación de un consorcio o ente análogo, con la participación de las distintas administraciones implicadas, revisar los convenios de 2004 y el propio PGOM, que permiten unos aprovechamientos urbanísticos y terciarios en terrenos portuarios que en absoluto se corresponden con las necesidades y las demandas de A Coruña de hoy y dar, también, pasos para avanzar en la definición de los usos futuros de esos terrenos, contando para eso con la participación de la ciudadanía.*

**Ás once horas e trinta e tres minutos sae do Salón de Sesións o señor Coira Andrade.**

***A las once horas y treinta y tres minutos sale del Salón de Sesiones el señor Coira Andrade.***

Pero, dende o noso punto de vista, non abonda, non abonda porque nos sigue preocupando a lousa que ten que soportar o Porto da Coruña por mor da débeda contraída con Puertos del Estado para a construción do porto exterior de Punta Langosteira. Unha débeda pola que o Porto da Coruña, ademais, ten que pagar uns intereses claramente abusivos. Preocúpanos porque segue sendo unha hipoteca que condiciona o futuro do porto, entre outras cousas dos investimentos que o porto necesita. E o porto ten que seguir sendo o motor económico da nosa cidade. Pero a solución non é que a débeda a paguemos pola porta de atrás todas as coruñesas e coruñeses, porque se se vencella esta cuestión ao acordo de 2021, entón estaríase admitindo que ao comprometer recursos da Xunta ou do Concello para facerse coa titularidade de Batería e Calvo Sotelo, o que realmente se pretendía era contribuír ao pago da débeda do Porto. A solución non ten que

*Pero, desde nuestro punto de vista, no es suficiente, no es suficiente porque nos sigue preocupando la losa que tiene que soportar el Puerto de A Coruña a causa de la deuda contraída con Puertos del Estado para la construcción del puerto exterior de Punta Langosteira. Una deuda por la que el Puerto de A Coruña, además, tiene que pagar unos intereses claramente abusivos. Nos preocupa porque sigue siendo una hipoteca que condiciona el futuro del puerto, entre otras cosas de las inversiones que el puerto necesita. Y el puerto tiene que seguir siendo el motor económico de nuestra ciudad. Pero la solución no es que la deuda la paguemos por la puerta de atrás todas las coruñesas y coruñeses, porque si se vincula esta cuestión al acuerdo de 2021, entonces se estaría admitiendo que al comprometer recursos de la Xunta o del Ayuntamiento para hacerse con la titularidad de Batería y Calvo Sotelo, lo que realmente se pretendía era contribuir al pago de la deuda del Puerto. La solución no tiene que*

ser esta, a solución ten que ser que o Estado asuma as consecuencias dunha decisión de estado, porque volvemos lembrar que a construción do porto exterior foi unha decisión do Goberno central, en concreto, do Goberno Aznar, anunciada como compensación a Galiza polo desastre ambiental provocado polo Prestige.

*ser esta, la solución tiene que ser que el Estado asuma las consecuencias de una decisión de estado, porque volvemos a recordar que la construcción del puerto exterior fue una decisión del Gobierno central, en concreto, del Gobierno Aznar, anunciada como compensación a Galicia por el desastre ambiental provocado por el Prestige.*

No acordo de investidura subscrito entre os grupos municipais do PSdG-PSOE e o BNG, falábase explicitamente de condonación da débeda ou da procura doutras solucións financeiras que en ningún caso representen unha hipoteca para o futuro da cidade nin unha desigualdade de trato respecto das solucións dadas noutros portos de interese xeral, pois insistimos en que hai que reclamar co Porto da Coruña unha igualdade **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —xa conclúo—, insistimos en que hai que reclamar co Porto da Coruña unha igualdade de trato. O que vale para Valencia tamén vale para A Coruña e quero lembrar que a débeda de Valencia era moi superior á débeda do Porto da Coruña e foi contraída para adecuar parte dos terreos portuarios para actividades tan pouco produtivas como albergar competicións de fórmula 1 e a Copa América de Vela.

*En el acuerdo de investidura suscrito entre los grupos municipales del PSdG-PSOE y el BNG, se hablaba explícitamente de condonación de la deuda o de la búsqueda de otras soluciones financieras que en ningún caso representen una hipoteca para el futuro de la ciudad ni una desigualdad de trato respecto de las soluciones dadas en otros puertos de interés general, pues insistimos en que hay que reclamar con el Puerto de A Coruña una igualdad* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—ya concluyo—, insistimos en que hay que reclamar con el Puerto de A Coruña una igualdad de trato. Lo que vale para Valencia también vale para Coruña y quiero recordar que la deuda de Valencia era muy superior a la deuda del Puerto de A Coruña y fue contraída para adecuar parte de los terrenos portuarios para actividades tan poco productivas como albergar competiciones de fórmula 1 y la Copa América de Vela.*

Polas razóns devanditas, pedimos o voto favorábel a esta moción. Anuncio tamén o voto favorábel á moción da Marea Atlántica e non podemos aceptar a emenda presentada polo Partido Popular. Moitas grazas.

*Por las razones dichas, pedimos el voto favorable a esta moción. Anuncio también el voto favorable a la moción de la Marea Atlántica y no podemos aceptar la enmienda presentada por el Partido Popular. Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Jorquera.

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

Turno para a Marea Atlántica, señora

*Turno para la Marea Atlántica, señora*

García.

**Señora García Gómez**

Si, moi bos días a todas e a todos.

No debate do futuro portuario, que parece enquistado e dando voltas sobre si mesmo, en realidade se están producindo cambios moi transcendentes que animan a abrir unha nova fase, unha nova etapa e continuar avanzando.

Dúas décadas xa de mobilización cidadá e dun goberno local, o de Xulio Ferreiro, que se implicou directamente no futuro da fachada marítima e non en solitario, senón que involucrou, en primeiro lugar, a todos os partidos da Corporación, tamén á Deputación Provincial, tamén ao Parlamento de Galicia e elevou as demandas da Coruña ao Estado central. O resultado desa mobilización cidadá e dun goberno que se implicou ata a médula nesta cuestión é un consenso inédito en que os convenios urbanísticos de 2004 que hipotecan a fachada marítima cun pelotazo urbanístico están obsoletos e os hai que cambiar e é un consenso que chegou á cidade e chegaron todas as forzas políticas. Cómpre avanzar nesa dirección.

Recentemente, ademais, os peiraos de Batería e Calvo Sotelo abriron ao público, unha decisión que celebramos e que nos parabenizamos, realmente, de que avancemos nesa dirección que é a correcta e alí se celebran actividades culturais. Agora chega o momento de ampliar eses usos, de facelos chegar a máis persoas, de democratizar o acceso á utilización dos peiraos centrais. Non todos somos Marta Ortega, está moi ben, pero tamén toda a cidadanía ten dereito dalgunha maneira a ter o mesmo acceso

*García.*

***Señora García Gómez***

*Sí, muy buenos días a todas y a todos.*

*En el debate del futuro portuario, que parece enquistado y dando vueltas sobre sí mismo, en realidad se están produciendo cambios muy trascendentes que animan a abrir una nueva fase, una nueva etapa y continuar avanzando.*

*Dos décadas ya de movilización ciudadana y de un gobierno local, el de Xulio Ferreiro, que se implicó directamente en el futuro de la fachada marítima y no en solitario, sino que involucró, en primer lugar, a todos los partidos de la Corporación, también a la Diputación Provincial, también al Parlamento de Galicia y elevó las demandas de A Coruña al Estado central. El resultado de esa movilización ciudadana y de un gobierno que se implicó hasta la médula en esta cuestión es un consenso inédito en que los convenios urbanísticos de 2004 que hipotecan la fachada marítima con un pelotazo urbanístico están obsoletos y los hay que cambiar y es un consenso que llegó a la ciudad y llegaron todas las fuerzas políticas. Hace falta avanzar en esa dirección.*

*Recientemente, además, los muelles de Batería y Calvo Sotelo abrieron al público, una decisión que celebramos y que nos felicitamos, realmente, de que avancemos en esa dirección que es la correcta y allí se celebran actividades culturales. Ahora llega el momento de ampliar esos usos, de hacerlos llegar a más personas, de democratizar el acceso a la utilización de los muelles centrales. No todos somos Marta Ortega, está muy bien, pero también toda la ciudadanía tiene derecho de alguna manera a tener el*

á súa fachada marítima.

**Ás once horas e trinta e oito minutos entra no Salón de Sesións o señor Coira Andrade.**

Ao mesmo tempo, mentres todo isto acontece, a Autoridade Portuaria e mesmo Puertos del Estado, o presidente de Puertos del Estado, recoñecen que as perspectivas económicas do Porto da Coruña mudaron radicalmente. Para iso ten que ver a chuvia de fondos europeos que están permitindo, en primeiro lugar, a construción do porto A Langosteira, esta semana eran noticia as voladuras no acceso ao túnel do tren ao porto exterior, pero tamén todos eses investimentos vinculados co desembarco de Europa nas enerxías renovables, que están tendo, bueno, pois, están sedimentando, están precipitando no porto exterior de Punta Langosteira. O panorama cambiou tan radicalmente que o propio presidente de Puertos del Estado recoñecía que a Autoridade Portuaria sería capaz de abordar a débeda tirando, realmente, do seu volume de negocio. Non debe estar moi preocupado Puertos del Estado pola estabilidade económica do Porto da Coruña cando incrementa, incluso, os intereses que lle vai cobrar froito da suba do euríbor. Se xa trouxemos aquí en varias ocasións que a Autoridade Portuaria da Coruña pagara 40 millóns de euros simplemente en intereses, eses intereses van aumentar co prezo do diñeiro que estamos vivindo actualmente, non parece moi preocupado o Estado pola estabilidade económica do Porto da Coruña. Non sei por que o Concello da Coruña debería poñer fondos públicos do seu orzamento municipal. Pagar 20 millóns de euros por adquirir os peiraos centrais é descabellado e se non se materializou foi porque a Marea Atlántica estaba na negociación orzamentaria e puxo aí unha

*mismo acceso a su fachada marítima.*

***A las once horas y treinta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Coira Andrade.***

*Al mismo tiempo, mientras todo esto sucede, la Autoridad Portuaria e incluso Puertos del Estado, el presidente de Puertos del Estado, reconocen que las perspectivas económicas del Puerto de A Coruña cambiaron radicalmente. Para eso tiene que ver la lluvia de fondos europeos que están permitiendo, en primer lugar, la construcción del puerto A Langosteira, esta semana eran noticia las voladuras en el acceso al túnel del tren al puerto exterior, pero también todas esas inversiones vinculadas con el desembarco de Europa en las energías renovables, que están teniendo, bueno, pues, están sedimentando, están precipitando en el puerto exterior de Punta Langosteira. El panorama cambió tan radicalmente que el propio presidente de Puertos del Estado reconocía que la Autoridad Portuaria sería capaz de abordar la deuda tirando, realmente, de su volumen de negocio. No debe estar muy preocupado Puertos del Estado por la estabilidad económica del Puerto de A Coruña cuando incrementa, incluso, los intereses que le va a cobrar fruto de la subida del euríbor. Si ya trajimos aquí en varias ocasiones que la Autoridad Portuaria de A Coruña había pagado 40 millones de euros simplemente en intereses, esos intereses van a aumentar con el precio del dinero que estamos viviendo actualmente, no parece muy preocupado el Estado por la estabilidad económica del Puerto de A Coruña. No sé por qué el Ayuntamiento de A Coruña debería poner fondos públicos de su presupuesto municipal. Pagar 20 millones de euros por adquirir los muelles centrales es descabellado y si no se materializó fue porque la Marea Atlántica estaba en la negociación presupuestaria y*

liña vermella. Ese investimento ou o que sexa preciso compensa investilo na creación dun consorcio público e na reurbanización dos terreos para que sexan accesibles e presten servizos á cidadanía, non necesitamos pagar 20 millóns de euros para que, simplemente, cambien de titularidade sen que alí se mova, como dicíamos o outro día, nin unha soa xardineira. Parece que se vai abrindo o sentido común agás no Partido Popular, que pendula entre se é necesario adquirir os terreos, se non é necesario, se hai que pagar por mercar, se non hai que pagar, na radio dicimos unha cousa, ao día seguinte dicimos outra, non se sabe moi ben se está defendendo os intereses da cidade ou que intereses se están defendendo dende o Partido Popular.

Chega o momento de continuar avanzando, vimos que todos estes cambios, en realidade, eran cuestión de vontade política e dixémolo sempre e aí está a mostra, non ten moito sentido que, nos tempos nos que a Unión Europea inviste en transición ecolóxica, en resiliencia, en recuperación, en realidade na fachada marítima da Coruña se perpetre todo o contrario, non ten sentido. Por iso, traemos aquí dende Marea Atlántica un chamado a abrir unha nova fase, a ter en conta todas estas cousas que xa cambiaron no Porto da Coruña e que deben facer que avancemos e, en primeiro lugar, manifestar o noso rexeitamento a que o Concello da Coruña teña que pagar 20 millóns de euros para que simplemente cambie a titularidade duns terreos que xa son públicos, que se constitúa un consorcio público **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —e xa vou ir acabando— e que se encargue da reurbanización e da xestión dos terreos portuarios vacantes, que se desterren definitivamente os convenios do 2004 e

*puso ahí una línea roja. Esa inversión o lo que sea preciso compensa invertirlo en la creación de un consorcio público y en la reurbanización de los terrenos para que sean accesibles y presten servicios a la ciudadanía, no necesitamos pagar 20 millones de euros para que, simplemente, cambien de titularidad sin que allí se mueva, como decíamos el otro día, ni una sola jardinera. Parece que se va abriendo el sentido común excepto en el Partido Popular, que pendula entre si es necesario adquirir los terrenos, si no es necesario, si hay que pagar por comprar, si no hay que pagar, en la radio decimos una cosa, al día siguiente decimos otra, no se sabe muy bien si está defendiendo los intereses de la ciudad o qué intereses se están defendiendo desde lo Partido Popular.*

*Llega el momento de continuar avanzando, vimos que todos estos cambios, en realidad, eran cuestión de voluntad política y lo dijimos siempre y ahí está la muestra, no tiene mucho sentido que, en los tiempos en los que la Unión Europea invierte en transición ecológica, en resiliencia, en recuperación, en realidad en la fachada marítima de A Coruña se perpetre todo lo contrario, no tiene sentido. Por eso, traemos aquí desde Marea Atlántica una llamada a abrir una nueva fase, a tener en cuenta todas estas cosas que ya cambiaron en el Puerto de A Coruña y que deben hacer que avancemos y, en primer lugar, manifestar nuestro rechazo a que el Ayuntamiento de A Coruña tenga que pagar 20 millones de euros para que simplemente cambie la titularidad de unos terrenos que ya son públicos, que se constituya un consorcio público* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—y ya voy a ir acabando— y que se encargue de la reurbanización y de la gestión de los terrenos portuarios vacantes, que se destierren*

se renoven, se modifiquen incorporando unha nova ordenación que teña en conta o interese xeral, o que temos dito tantas veces, o porto como motor económico, o porto como nodo de mobilidade metropolitana, como espazo público, equipamentos aos barrios, transición enerxética e instar a Autoridade Portuaria, conxuntamente co Concello da Coruña, toda a Corporación, a reformular e democratizar os usos e o acceso aos terreos portuarios que vaian quedando vacantes.

*definitivamente los convenios del 2004 y se renueven, se modifiquen incorporando una nueva ordenación que tenga en cuenta el interés general, lo que hemos dicho tantas veces, el puerto como motor económico, el puerto como nodo de movilidad metropolitana, como espacio público, equipamientos a los barrios, transición energética e instar a la Autoridad Portuaria, conjuntamente con el Ayuntamiento de A Coruña, toda la Corporación, a replantear y democratizar los usos y el acceso a los terrenos portuarios que vayan quedando vacantes.*

Nada máis. Moitas grazas.

*Nada más. Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas. Pode pasar.

*Muchas gracias. Puede pasar.*

**Ás once horas e corenta e un minutos entra no Salón de Sesións o señor Borrego Vázquez.**

***A las once horas y cuarenta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Borrego Vázquez.***

Turno para o Partido Popular. Quen? Señor Rodríguez? Quen fala? Ai, perdón, si! Señora Soneira, perdón, señora Soneira.

*Turno para el Partido Popular. ¿Quién? ¿Señor Rodríguez? ¿Quién habla? ¡Ay, perdón, sí! Señora Soneira, perdón, señora Soneira.*

**<u>Señora Soneira Lema</u>**

***<u>Señora Soneira Lema</u>***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

O diñeiro do Concello, que é de todos os cidadáns, non se debe gastar en pagar por algo que é público e que debe reverter ao Concello para o desfrute de todos os coruñeses e coruñesas. Estou de acordo con que a débeda contraída na construción do porto exterior é un asunto independente dos terreos do porto interior. A construción do porto exterior foi unha decisión de estado e ela tiña que levar implícita a financiación da débeda sen ter que vender os terreos que se desafecten na fachada marítima que, loxicamente, son parte da cidade. Hoxe

*El dinero del Ayuntamiento, que es de todos los ciudadanos, no se debe gastar en pagar por algo que es público y que debe revertir al Ayuntamiento para el disfrute de todos los coruñeses y coruñesas. Estoy de acuerdo con que la deuda contraída en la construcción del puerto exterior es un asunto independiente de los terrenos del puerto interior. La construcción del puerto exterior fue una decisión de estado y ella tenía que llevar implícita la financiación de la deuda sin tener que vender los terrenos que se desafecten en la fachada marítima que, lógicamente, son*

en día a débeda é unha cantidade desorbitada a causa dos préstamos concedidos para facer fronte aos moitos subrecustos dunha obra mal planificada que pasou dun orzamento de 490 millóns de euros a un custo real de 1.000 millóns de euros. Por isto, considero que non ten ningún sentido que esa débeda se queira facer pagar aos coruñeses e coruñesas e, en consecuencia, vou votar si ás mocións do BNG e da Marea Atlántica e non á emenda do PP.

*parte de la ciudad. Hoy en día la deuda es una cantidad desorbitada a causa de los préstamos concedidos para hacer frente a los muchos sobrecostes de una obra mal planificada que pasó de un presupuesto de 490 millones de euros a un coste real de 1.000 millones de euros. Por esto, considero que no tiene ningún sentido que esa deuda se quiera hacer pagar a los coruñeses y coruñesas y, en consecuencia, voy a votar sí a las mociones del BNG y de la Marea Atlántica y no a la enmienda del PP.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Soneira.

Señora Martínez.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Soneira.*

*Señora Martínez.*

**Señora Martínez Lema**

Moitas grazas. Por certo, hoxe é o día da marmota.

O maior reto de desenvolvemento urbano que ten a cidade é o porto, é un reto esencial para a cidade e para a área metropolitana. Tiñámolo todos ben claro antes de empezar este mandato. Coido que así o seguimos vendo, aínda que semella que os debates ao respecto non acaban de encontrar unha saída ante a frustración de ver como pasan os anos e non avanzamos, e así van máis de 20 anos. O mandato acábase e semella que haberá que empezar no seguinte. Pode haber cambios nas institucións implicadas e iso suporá outra demora porque non debemos esquecer a importancia que teñen as persoas nas negociacións.

É a historia dun fracaso. Non dialogamos, non acordamos, adormilámonos, temos unha cidade durmida mentres Matosinhos, Xixón, Bilbao, Santander si se moven. Isto se

***Señora Martínez Lema***

*Muchas gracias. Por cierto, hoy es el día de la marmota.*

*El mayor reto de desarrollo urbano que tiene la ciudad es el puerto, es un reto esencial para la ciudad y para el área metropolitana. Lo teníamos todos bien claro antes de empezar este mandato. Creo que así lo seguimos viendo, aunque parece que los debates al respecto no acaban de encontrar una salida ante la frustración de ver cómo pasan los años y no avanzamos, y así van más de 20 años. El mandato se acaba y parece que habrá que empezar en el siguiente. Puede haber cambios en las instituciones implicadas y eso supondrá otra demora porque no debemos olvidar la importancia que tienen las personas en las negociaciones.*

*Es la historia de un fracaso. No dialogamos, no acordamos, nos adormilamos, tenemos una ciudad dormida mientras Matosinhos, Gijón, Bilbao, Santander sí se mueven. Esto se*

resolve con liderazgo e vontade política. Esta reflexión escoiteina a semana pasada nun interesante debate no que se abordou o futuro do porto interior da Coruña e a obrigada estruturación urbanística da fachada marítima no que interviron o presidente da Autoridade Portuaria, Martín Fernández Prado e Carlos Nárdiz, profesor de Urbanística na Universidade da Coruña e que dirixe o equipo creado pola Universidade para desenvolver a proposta urbanística para o desenvolvemento urbano e metropolitano da cidade, un debate no que se botou en falta ao concelleiro de Urbanismo que declinou a invitación a participar neste foro conformado por un grupo moi heteroxéneo e representativo da cidade, un debate que segue aberto a que conte coa cidadanía e co empresariado e, sobre todo, a que as administracións deixen de lado os protagonismos e busquen entenderse dunha vez por todas.

**Presidencia**

Moitas grazas.

Agora si, turno para o Partido Popular. Señor Lorenzo.

***Señor Lorenzo Torres***

*Grazas, señora alcaldesa.*

*Bo día a todos os presentes e aos que nos seguen a través da retransmisión en directo.*

*Ben, imos ver, eu creo que nunca estiven tan de acordo con todo o que se dixo aquí neste pleno ata o de agora. A verdade é que me dou conta de que é moito máis o que nos une que o que nos separa. Cando hai un problema de cidade aí estamos todos poñendo o callo e poñendo, dando a nosa opinión do que*

*resuelve con liderazgo y voluntad política. Esta reflexión la escuché la semana pasada en un interesante debate en el que se abordó el futuro del puerto interior de A Coruña y la obligada estructuración urbanística de la fachada marítima en el que intervinieron el presidente de la Autoridad Portuaria, Martín Fernández Prado y Carlos Nárdiz, profesor de Urbanística en la Universidad de A Coruña y que dirige el equipo creado por la Universidad para desarrollar la propuesta urbanística para el desarrollo urbano y metropolitano de la ciudad, un debate en el que se echó en falta al concejal de Urbanismo que declinó la invitación a participar en este foro conformado por un grupo muy heterogéneo y representativo de la ciudad, un debate que sigue abierto a que cuente con la ciudadanía y con el empresariado y, sobre todo, a que las administraciones dejen de lado los protagonismos y busquen entenderse de una vez por todas.*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Ahora sí, turno para el Partido Popular. Señor Lorenzo.*

**Señor Lorenzo Torres**

Gracias, señora alcaldesa.

Buenos días a todos los presentes y a los que nos siguen por *streaming.*

Bueno, vamos a ver, yo creo que nunca estuve tan de acuerdo con todo lo que se ha dicho aquí en este pleno hasta ahora. La verdad que me doy cuenta de que es mucho más lo que nos une que lo que nos separa. Cuando hay un problema de ciudad ahí estamos todos poniendo el callo y poniendo, dando nuestra opinión de lo

*queremos ou debemos facer. O que pasa é que hai que poñer un pouquiño de sentidiño ou sentido común e non vale falar dunha realidade virtual que a todos nos gustaría e imos falar da realidade na que nos movemos, e a realidade na que nos movemos é que temos un porto que ten unha débeda de 300 millóns de euros, que hai un convenio desde 2004 e que hai por parte desta alcaldía un ofrecemento para chegar a un acordo desde hai ano e medio, que se cambiou de opinión sen saber o porqué.*

que queremos o debemos hacer. Lo que pasa que hay que poner un poquito de sentidiño o sentido común y no vale hablar de una realidad virtual que a todos nos gustaría y vamos a hablar de la realidad en la que nos movemos, y la realidad en la que nos movemos es que tenemos un puerto que tiene una deuda de 300 millones de euros, que hay un convenio desde 2004 y que hay por parte de esta alcaldía un ofrecimiento para llegar a un acuerdo desde hace año y medio, que se ha cambiado de opinión sin saber el porqué.

*A débeda, por suposto, arrastra o futuro do porto e quizais, quizais, se este goberno municipal —antes dicía o señor Díaz Gallego que moitas cousas se conseguiron porque hai un goberno do PSOE aquí e outro en Madrid—, pois quizais se este goberno municipal tivese empuxado máis e pelexado máis e tido máis altura, teriamos conseguido que esa débeda hoxe non existise, que arrastra ao porto e lévanos a todo o demais.*

La deuda, por supuesto, arrastra el futuro del puerto y quizás, quizás, si este gobierno municipal —antes decía el señor Díaz Gallego que muchas cosas se habían conseguido porque hay un gobierno del PSOE aquí y otro en Madrid—, pues quizás si este gobierno municipal hubiera empujado más y peleado más y tenido más altura, hubiéramos conseguido que esa deuda hoy no existiera, que arrastra al puerto y nos lleva a todo lo demás.

*O que si é que van pouco a Madrid, eh? E non van en tren, porque dicir que xa chegou a alta velocidade á Coruña e non ruborizarse é de recibo, eh?. Aínda estamos a esperar polos trens Avril. Vexo que vai vostede pouco a Madrid en tren. Debe de ir máis e pelexar máis polos intereses desta cidade. Pero ben, este non é o tema.*

Lo que sí es que van poco a Madrid, ¿eh? Y no van en tren, porque decir que ya llegó la alta velocidad a La Coruña y no sonrojarse es de recibo, ¿eh?. Aún estamos esperando por los trenes Avril. Veo que va usted poco a Madrid en tren. Debe de ir más y pelear más por los intereses de esta ciudad. Pero bueno, este no es el tema.

*Pero tamén é verdade que cando o Partido Popular presentou unha emenda para que eses 300 millóns fosen condonados, o Goberno central vetou esa emenda que nin sequera se chegou a debater nos orzamentos. Gustaríame que nese momento vostedes tamén tivesen mostrado esa capacidade que teñen de influír no seu goberno central, que o teñen para outras cousas, e tivesen*

Pero también es verdad que cuando el Partido Popular presentó una enmienda para que esos 300 millones fueran condonados, el Gobierno central vetó esa enmienda que ni siquiera se llegó a debatir en los presupuestos. Me gustaría que en ese momento ustedes también hubieran mostrado esa capacidad que tienen de influir en su gobierno central, que lo tienen para otras cosas, y hubieran

*conseguido polo menos que se debatese esa emenda. E hai un convenio, hai un convenio de 2004, a ninguén nos gusta este convenio, pero o problema é que os convenios se asinan entre varios que están de acordo e non vale que un estea en desacordo.*

*Temos que sentarnos todos a falar deste problema, porque cando un toma decisións unilaterais pode ter consecuencias tamén, graves consecuencias. Lembren vostedes, señores da Marea, cando tomaron vostedes a decisión de baixar o prezo do bus. Hoxe está pendente unha sentenza que hai que abonar moitos millóns de euros, que tamén é diñeiro público deste concello, para indemnizar á compañía por unha decisión unilateral, por vostedes non negociar, por iso é moi importante negociar este convenio e non tomar decisións unilaterais.*

*E señor Iago Martínez, voulle ser serio. Mire, cada vez coincido máis con vostede, preocúpome, preocúpome porque cada vez coincido máis con vostede. Hoxe lin unha frase que me encantou: nesta cidade non hai orzamento, non ten convenios, non ten proxectos, non ten políticas, non ten debates. Ten vostede toda a razón, hai que darlla. Soamente unha cousa, unha reflexión. En dereito penal existe o cómplice necesario, que ten a mesma pena que o autor, e vostedes son cómplices necesarios deste goberno e, como vostede dicía, esperemos que o 28 de maio as decisións sexan distintas, polo ben desta cidade.*

*E por último, o acordo. Hai un acordo desta alcaldesa que presentou, enchéuselle a boca dicíndolle: o porto non se vende, o porto é dos coruñeses, nós temos xa un proxecto sobre o porto... e desde hai ano e medio non sabemos*

conseguido al menos que se debatiera esa enmienda. Y hay un convenio, hay un convenio de 2004, a nadie nos gusta este convenio, pero el problema es que los convenios se firman entre varios que están de acuerdo y no vale que uno esté en desacuerdo.

Tenemos que sentarnos todos a hablar de este problema, porque cuando uno toma decisiones unilaterales puede tener consecuencias también, graves consecuencias. Recuerden ustedes, señores de la Marea, cuando tomaron ustedes la decisión de bajar el precio del bus. Hoy está pendiente una sentencia que hay que abonar muchos millones de euros, que también es dinero público de este ayuntamiento, para indemnizar a la compañía por una decisión unilateral, por ustedes no haber negociado, por eso es muy importante negociar este convenio y no tomar decisiones unilaterales.

Y señor Iago Martínez, le voy a ser serio. Mire, cada vez coincido más con usted, me preocupo, me preocupo porque cada vez coincido más con usted. Hoy leí una frase que me encantó: en esta ciudad no hay presupuesto, no tiene convenios, no tiene proyectos, non tiene políticas, no tiene debates. Tiene usted toda la razón, hay que dársela. Solamente una cosa, una reflexión. En derecho penal existe el cómplice necesario, que tiene la misma pena que el autor, y ustedes son cómplices necesarios de este gobierno y, como usted decía, esperemos que el 28 de mayo las decisiones sean distintas, por el bien de esta ciudad.

Y por último, el acuerdo. Hay un acuerdo de esta alcaldesa que presentó, se le llenó la boca diciéndole: el puerto no se vende, el puerto es de los coruñeses, nosotros tenemos ya un proyecto sobre el puerto... y desde hace año y medio no sabemos

*nada. E de súpeto, nun programa de radio, decatámonos dun cambio total da postura, sen dar ningunha explicación ás persoas intervenientes.*

*Mire, entre as administracións debe haber unha colaboración, incluso un respecto e unha forma de actuar e, se se vai a cambiar de opinión, o mínimo é chamar primeiro ás administracións implicadas, reunilas e explicarlles o porqué dese cambio de opinión, porque un, cando se compromete a algo e falta á súa palabra, perde a credibilidade, e cando é a alcaldesa da Coruña perde a credibilidade de toda a cidadanía da Coruña e perde a credibilidade, perdón, esta cidade.*

*este plan es de los años 90. La verdad es que parece mentira que sigamos pagando las consecuencias, bueno, pues de un modelo urbanístico que caducó, realmente, que no está acorde a los tiempos. Y el desarrollo de Visma afecta pues al Viaje de Visma, a un elemento patrimonial protegido, solo en parte está protegido desde 2013 una parte de esta traída de aguas que se remonta al siglo XVIII. Posteriormente aparecieron nuevos restos, canalizaciones y restos arqueológicos que fueron protegidos inicialmente en la aprobación del Catálogo de 2018 y que creemos que habría que culminar, realmente traer a pleno la aprobación de la Segunda Separata para que el Viaje de Visma en su totalidad cuente con protección y podamos mantener un elemento patrimonial que tal y como se prevé ahora mismo en el proyecto de urbanización está arrinconado al lado de un vial, ¿no? sin saber exactamente qué queda por allí y por debajo.*

Grazas á acción cidadá conocemos moitos destes elementos. A Viaxe de Visma é un exemplo, non? de implicación da cidadanía na protección do patrimonio cultural. Outro moi bo exemplo, como xa se mencionou, pois son os murais de Lugrís. Tivemos a fortuna de ter no Pleno pasado a representantes da asociación “O mural” que levan meses, levaban meses preguntando, presentando escritos no Concello, instando a acción da autoridade local para o mantemento do mural que podía estar moi deteriorado e a verdade é que bueno, é un deses exemplos nos que a cidadanía vai por diante das administracións e gracias, pois a súa implicación se moven as cousas. A tarefa non culminou, **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** si que é certo que o Concello puido

*Gracias a la acción ciudadana conocemos muchos de estos elementos. El Viaje de Visma es un ejemplo, ¿no? de implicación de la ciudadanía en la protección del patrimonio cultural. Otro muy buen ejemplo, como ya se mencionó, pues son los murales de Lugrís. Tuvimos la fortuna de tener en el Pleno pasado a representantes de la asociación “El mural” que llevan meses, llevaban meses preguntando, presentando escritos en el Ayuntamiento, instando la acción de la autoridad local para el mantenimiento del mural que podía estar muy deteriorado y la verdad es que bueno, es uno de esos ejemplos en los que la ciudadanía va por delante de las administraciones y gracias, pues a su implicación se mueven las cosas. La tarea no culminó,* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *sí que es cierto que el Ayuntamiento pudo entrar en el*

entrar no local, no establecemento, e constatar que o mural, bueno, pois de momento non está demasiado deteriorado, pero pode deteriorarse e por iso apoiamos a demanda de que se inicien os trámites para declaralo Ben de Interese Cultural.

*local, en el establecimiento, y constatar que el mural, bueno, pues de momento no está demasiado deteriorado, pero puede deteriorarse y por eso apoyamos la demanda de que se inicien los trámites para declararlo Bien de Interés Cultural.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Turno do Partido Popular. Señor Coira.

*Turno del Partido Popular. Señor Coira.*

Poden pasar.

*Pueden pasar.*

**Ás doce horas e nove minutos entran no Salón de Sesións os señores Martínez Durán e Jorquera Caselas.**

***A las doce horas y nueve minutos entran en el Salón de Sesiones los señores Martínez Durán y Jorquera Caselas.***

***Señor Coira Andrade***

**Señor Coira Andrade**

*Moitas grazas.*

Muchas gracias.

*Bos días aos traballadores dos distintos medios de comunicación que nos acompañan, aos veciños que seguen este pleno, aos membros da Corporación e a todos os que nos seguen en directo onde queira que estean.*

Buenos días a los trabajadores de los distintos medios de comunicación que nos acompañan, a los vecinos que siguen este pleno, a los miembros de la Corporación y a todos los que nos siguen por *streaming* donde quiera que estén.

*Coñecer e poñer en valor o noso pasado axúdanos a comprender o noso presente e deseñar o noso futuro, por iso non debemos borrar as pegadas históricas da cidade do pasado, nin ignoralas, di nun dos primeiros parágrafos da parte exposición de motivos a moción que presenta o Bloque.*

Conocer y poner en valor nuestro pasado nos ayuda a comprender nuestro presente y diseñar nuestro futuro, por eso no debemos borrar las huellas históricas de la ciudad del pasado, ni ignorarlas, dice en uno de los primeros párrafos de la parte exposición de motivos la moción que presenta el Bloque.

*Desde o Grupo Municipal do Partido Popular non podemos estar máis de acordo en que hai que coñecer, previr e divulgar o que a cidade foi, que representa un patrimonio histórico e cultural da cidade, material, inmaterial*

Desde el Grupo Municipal del Partido Popular no podemos estar más de acuerdo en que hay que conocer, prevenir y divulgar lo que la ciudad fue, que representa un patrimonio histórico y cultural de la ciudad, material, inmaterial

*ou natural e irrenunciable para... e que debe ser irrenunciable para os cidadáns.*

*Cremos que as políticas culturais de Inés Rey de defensa do patrimonio non nos dan moitas esperanzas. Haberá moitos exemplos. Un concello ten a obrigación de manter, conservar e dar a coñecer os elementos da sociedade que fomos e que representan o patrimonio de todos. Protexer elementos arquitectónicos un quere entender que unha cidade que ten a zona de Pescadería e a Cidade Vella, que ten arqueólogos municipais que eu entendo que cando se piden licenzas nestas zonas os arqueólogos van, emiten informes e quero crer que todo iso vixíase e protéxese, e consérvase desde este concello, aínda que a verdade é que me xorden dúbidas, dado o estado da cidade, das rúas e prazas, e monumentos da cidade de hoxe, non se eu se vostedes preocuparanse moito, creo que non, da cidade e dos restos da cidade que fomos.*

*O patrimonio cultural fornece á sociedade dun caudal de recursos que se herdan do pasado, se crean no presente e se transmiten ás xeracións futuras. A riqueza é patrimonial, é moi fráxil e necesita de políticas claras e de modelos que a protexan.*

*Descoñezo realmente as políticas nesta materia deste concello e as políticas nesta materia da señora Rey. Lamentablemente teriamos moitos exemplos que contar respecto diso de como defendemos o patrimonio cultural desta cidade. Na Memoria de xestión, a última publicada á que este concelleiro tivo acceso, por exemplo, o Arquivo municipal que é un primeiro paso para crear o patrimonio histórico cultural desta cidade di: espazo dispoñible esgotado; necesítase persoal técnico; non se producen transferencias*

o natural e irrenunciable para... y que debe ser irrenunciable para los ciudadanos.

Creemos que las políticas culturales de Inés Rey de defensa del patrimonio no nos dan muchas esperanzas. Habrá muchos ejemplos. Un ayuntamiento tiene la obligación de mantener, conservar y dar a conocer los elementos de la sociedad que fuimos y que representan el patrimonio de todos. Proteger elementos arquitectónicos uno quiere entender que una ciudad que tiene la zona de Pescadería y la Ciudad Vieja, que tiene arqueólogos municipales que yo entiendo que cuando se piden licencias en estas zonas los arqueólogos van, emiten informes y quiero creer que todo eso se vigila y se protege, y se conserva desde este ayuntamiento, aunque la verdad es que me surgen dudas, dado el estado de la ciudad, de las calles y plazas, y monumentos de la ciudad de hoy, no sé yo si ustedes se preocuparán mucho, creo que no, de la ciudad y de los restos de la ciudad que fuimos.

El patrimonio cultural suministra a la sociedad un caudal de recursos que se heredan del pasado, se crean en el presente y se transmiten a las generaciones futuras. La riqueza es patrimonial, es muy frágil y necesita de políticas claras y de modelos que la protejan.

Desconozco realmente las políticas en esta materia de este ayuntamiento y las políticas en esta materia de la señora Rey. Lamentablemente tendríamos muchos ejemplos que contar al respecto de cómo defendemos el patrimonio cultural de esta ciudad. En la Memoria de gestión, la última publicada a la que este concejal tuvo acceso, por ejemplo, el Archivo municipal que es un primer paso para crear el patrimonio histórico cultural de esta ciudad dice: espacio disponible agotado; se necesita personal técnico; no se producen transferencias regulares ni

*regulares nin normalizadas de documentación; os envíos de documentación do Concello son totalmente irregulares; incumprimento das obrigas legais deste concello co Arquivo; mal estado do local; duras condicións de traballo no inverno; escaseza de persoal e de espazo.*

*Outros exemplos que poderiamos dicir aquí sería Castro de Elviña, no estado lamentable no que se atopa; Museo Arqueolóxico, totalmente abandonado; murallas da cidade, non hai máis que dar un paseo; Fundación Luís Seoane, que tamén é patrimonio da cidade, imos falar longamente ao longo deste pleno pola tarde. E se isto é o que pasa co patrimonio material que vemos todos, imaxínense o que pode pasar co patrimonio inmaterial.*

*Desde o Grupo Municipal do Partido Popular non podemos estar máis que a favor de preservar o patrimonio desta cidade, de vixiar que as novas urbanizacións e obras non respecten o patrimonio que se pode atopar aí e que o preserven; impulsar e recuperar todos os elementos* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *—xa termino— e como non podía ser doutra maneira, tamén apoiar a defensa e o coidado e a protección dos frescos do señor Lugrís.*

*Nada máis e moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Coira.

Pecha o debate o señor Díaz Gallego.

**Señor Díaz Gallego**

Si. Adiantar o noso voto favorable á presente moción do Bloque Nacionalista

normalizadas de documentación; los envíos de documentación del Ayuntamiento son totalmente irregulares; incumplimiento de las obligaciones legales de este ayuntamiento con el Archivo; mal estado del local; duras condiciones de trabajo en invierno; escasez de personal y de espacio.

Otros ejemplos que podríamos decir aquí sería Castro de Elviña, en el estado lamentable en el que se encuentra; Museo Arqueológico, totalmente abandonado; murallas de la ciudad, no hay más que dar un paseo; Fundación Luís Seoane, que también es patrimonio de la ciudad, vamos a hablar largamente a lo largo de este pleno por la tarde. Y si esto es lo que pasa con el patrimonio material que vemos todos, imagínense lo que puede pasar con el patrimonio inmaterial.

Desde el Grupo Municipal del Partido Popular no podemos estar más que a favor de preservar el patrimonio de esta ciudad, de vigilar que las nuevas urbanizaciones y obras no respeten el patrimonio que se puede encontrar ahí y que lo preserven; impulsar y recuperar todos los elementos ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** —ya termino— y como no podía ser de otra manera, también apoyar la defensa y el cuidado y la protección de los frescos del señor Lugrís.

Nada más y muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Coira.*

*Cierra el debate el señor Díaz Gallego.*

***Señor Díaz Gallego***

*Sí. Adelantar nuestro voto favorable a la presente moción del Bloque Nacionalista*

Galego porque, bueno, a conservación do patrimonio da cidade foi e segue a ser un dos eixos nos que se fundamenta o labor deste goberno e concretamente da Concellería de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade, unha labor que abarca ademais varias frontes. Dicía o señor Coira que non sabía en que consistía, pois ímolo explicar.

*Galego porque, bueno, la conservación del patrimonio de la ciudad fue y sigue siendo uno de los ejes en los que se fundamenta la labor de este gobierno y concretamente de la Concejalía de Urbanismo, Vivienda, Infraestructuras y Movilidad, una labor que abarca además varias frentes. Decía el señor Coira que no sabía en que consistía, pues lo vamos a explicar.*

Dende a catalogación de edificios de arquitectura moderna, senlleiros da cidade como os proxectados por Carlos Meijide e Ramón Vázquez Molezún no ensanche, a Lonxa do Gran Sol, o emblemático edificio da Citröen de Albalat que estaba condenado por una licenza de demolición concedida no mandato anterior —non hai que irse ó Vazquismo, señora García— e que logramos poñer a salvo da piqueta, ata o intenso traballo de recuperación das esculturas da cidade repoñendo nos Xardíns a estatua de Emilia Pardo Bazán de Lorenzo Coullant Varela ou os conxuntos escultóricos de Xosé Castiñeiras nas Conchiñas e San Leopoldo, o parque escultórico da Torre no que se leva invertido unha grande cantidade de fondos, ou máis recentemente a obra de Gerardo Porto no Millennium. Tamén conseguimos 1,5 % cultural, fondos por o 1,5 % cultural para a rehabilitación do Palacio da Veeduría, mercamos a Casa da Cisterna na rúa Sinagoga con importantes restos arqueolóxicos no seu interior e estamos a impulsar proxectos de mellora dos xacementos arqueolóxicos do Castro de Elviña e das ruínas de San Francisco, ambos bens de interese cultural.

*Desde la catalogación de edificios de arquitectura moderna, singulares de la ciudad como los proyectados por Carlos Meijide y Ramón Vázquez Molezún en el ensanche, la Lonja del Gran Sol, el emblemático edificio de la Citröen de Albalat que estaba condenado por una licencia de demolición concedida en el mandato anterior —no hay que irse al Vazquismo, señora García— y que logramos poner a salvo de la piqueta, hasta el intenso trabajo de recuperación de las esculturas de la ciudad reponiendo en los Jardines la estatua de Emilia Pardo Bazán de Lorenzo Coullant Varela o los conjuntos escultóricos de Xosé Castiñeiras en las Conchiñas y San Leopoldo, el parque escultórico de la Torre en el que se lleva invertida una gran cantidad de fondos, o más recientemente la obra de Gerardo Porto en el Millennium. También conseguimos 1,5 % cultural, fondos por el 1,5 % cultural para la rehabilitación del Palacio de la Veeduría, compramos la Casa de la Cisterna en la calle Sinagoga con importantes restos arqueológicos en su interior y estamos impulsando proyectos de mejora de los yacimientos arqueológicos del Castro de Elviña y de las ruinas de San Francisco, ambos bienes de interés cultural.*

Con respecto ós elementos mencionados de forma expresa na moción, indicar que no que afecta ó Sector 2 de San Pedro de Visma, Arqueta dos Frades, xa é un

*Con respecto a los elementos mencionados de forma expresa en la moción, indicar que en lo que afecta al Sector 2 de San Pedro de Visma, Arqueta*

elemento catalogado polo PXOM da Coruña cunha contorna de protección que garante a súa conservación e que tanto o percorrido da viaxe nesa zona da cidade como a coñecida "Tarrea da Arqueta" están situados en espazos públicos de cesión ó Concello. Polo tanto, traballaremos na conservación dos elementos dos que xa se ten constancia dentro da urbanización e estaremos atentos ós restos que poidan aparecer durante a execución das obras. A Viaxe de Visma neses terreos é unha vez sae da Arqueta dos Frades circulaba soterrada seguramente sen máis configuración que un simple cano, según os estudos publicados.

Este mesmo luns, nunha reunión cos veciños de Visma e Ventorrillo, xa tivemos ocasión de comunicarlle estes temas así como o de manter na medida do posible o trazado do Camiño de Visma-A Gramela nos espazos públicos do novo barrio.

No que respecta ó Polígono de San Amaro, indicar que as obras de urbanización aprobadas definitivamente contan cos informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia, que no mes de abril informou solicitando ós promotores unha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural, avaliación que foi aportada pola Xunta de Compensación no mes de outubro e que tivo, como digo, informe favorable da Xunta, administración competente en materia de patrimonio cultural nesa zona da cidade e que será a encargada de vixiar da posible aparición de restos arqueolóxicos ou patrimoniais no ámbito. Estaremos igualmente vixiantes como administración local.

Dito isto, por parte do Concello

*de los Frades, ya es un elemento catalogado por el PGOM de A Coruña con un entorno de protección que garantiza su conservación y que tanto el recorrido del viaje en esa zona de la ciudad como la conocida "Tarrea da Arqueta" están situados en espacios públicos de cesión al Ayuntamiento. Por lo tanto, trabajaremos en la conservación de los elementos de los que ya se tiene constancia dentro de la urbanización y estaremos atentos a los restos que puedan aparecer durante la ejecución de las obras. El Viaje de Visma en esos terrenos es una vez sale de la Arqueta dos Frades circulaba enterrada seguramente sin más configuración que un simple caño, según los estudios publicados.*

*Este mismo lunes, en una reunión con los vecinos de Visma y Ventorrillo, ya tuvimos ocasión de comunicarle estos temas así como el de mantener en la medida de lo posible el trazado del Camino de Visma-A Gramela en los espacios públicos del nuevo barrio.*

*En lo que respecta al Polígono de San Amaro, indicar que las obras de urbanización aprobadas definitivamente cuentan con los informes favorables de la Dirección General de Patrimonio Cultural de Galicia, que en el mes de abril informó solicitando a los promotores una evaluación del impacto del proyecto sobre el patrimonio cultural, evaluación que fue aportada por la Junta de Compensación en el mes de octubre y que tuvo, como digo, informe favorable de la Xunta, administración competente en materia de patrimonio cultural en esa zona de la ciudad y que será la encargada de vigilar de la posible aparición de restos arqueológicos o patrimoniales en el ámbito. Estaremos igualmente vigilantes como administración local.*

*Dicho esto, por parte del Ayuntamiento*

traballaremos na mencionada sinalización que recolle a moción coa finalidade de que non se perda a memoria do patrimonio da cidade xa desaparecido nos diferentes procesos de crecemento da mesma.

Por último, no que respecta ós murais de Urbano Lugrís e como xa tivo ocasión de contestarlle a miña compañeira Yoya Neira á representante do colectivo no pasado Pleno, este goberno municipal iniciou coa propiedade os requirimentos de conservación dos inmobles e con eles dos propios murais meses antes de que o colectivo denunciase o seu estado de abandono. Neste caso —outras veces si que pasa pero neste caso— a administración foi por diante, non?, concretamente en marzo de 2021. A este inicio de expediente seguiron novos trámites e multas, e continuaron o pasado 27 do 11 cando envíaselle unha comunicación á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre a situación de abandono na que presumiblemente se atopaban os dous inmobles que fai supoñer un incumprimento do deber de conservación, en particular do conxunto de murais de Urbano Lugrís que se atopa no interior do local comercial. O pasado venres 27 técnicos da Concellaría de Urbanismo e de Cultura e especialistas na conservación de murais como os de Urbano Lugrís tiveron ocasión de acceder ó inmoble coa propiedade, comprobando que os murais conservaban a súa integridade e estamos xa a traballar nun informe detallado de cada un deles que permita determinar as medidas a tomar. Cómpre sinalar, en todo caso, a total disposición da propiedade para acceder ó edificio sempre que sexa necesario para elaborar ditos informes.

Polo tanto, por parte deste goberno local queda acreditado o total interese e

*trabajaremos en la mencionada señalización que recoge la moción con la finalidad de que no se pierda la memoria del patrimonio de la ciudad ya desaparecido en los diferentes procesos de crecimiento de la misma.*

*Por último, en lo que respeta a los murales de Urbano Lugrís y como ya tuvo ocasión de contestarle mi compañera Yoya Neira a la representante del colectivo en el pasado Pleno, este gobierno municipal inició con la propiedad los requerimientos de conservación de los inmuebles y con ellos de los propios murales meses antes de que el colectivo denunciara su estado de abandono. En este caso —otras veces sí que pasa pero en este caso— la administración fue por delante, ¿no?, concretamente en marzo de 2021. A este inicio de expediente siguieron nuevos trámites y multas, y continuaron el pasado 27 del 11 cuando se le envía una comunicación a la Dirección General de Patrimonio Cultural sobre la situación de abandono en la que presumiblemente se encontraban los dos inmuebles que hace suponer un incumplimiento del deber de conservación, en particular del conjunto de murales de Urbano Lugrís que se encuentra en el interior del local comercial. El pasado viernes 27 técnicos de la Concejalía de Urbanismo y de Cultura y especialistas en la conservación de murales como los de Urbano Lugrís tuvieron ocasión de acceder al inmueble con la propiedad, comprobando que los murales conservaban su integridad y estamos ya trabajando en un informe detallado de cada uno de ellos que permita determinar las medidas a tomar. Hace falta señalar, en todo caso, la total disposición de la propiedad para acceder al edificio siempre que sea necesario para elaborar dichos informes.*

*Por lo tanto, por parte de este gobierno local queda acreditado el total interés y*

disposición para conseguir que os murais da rúa Olmos se recuperen e que dende logo que a obra de Urbano Lugrís, non só estes murais, como se menciona na moción, senón toda a que se recolla na cidade e que está catalogada toda polo Plan Especial do Casco Vello, poidan ter a máxima protección.

*disposición para conseguir que los murales de la calle Olmos se recuperen y que desde luego que la obra de Urbano Lugrís, no solo estos murales, como se menciona en la moción, sino toda la que se recoja en la ciudad y que está catalogada toda por el Plan Especial del Casco Viejo, puedan tener la máxima protección.*

Reitero, polo tanto, o noso voto favorable.

*Reitero, por lo tanto, nuestro voto favorable.*

Grazas.

*Gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Díaz.

*Muchas gracias, señor Díaz.*

Procedemos á votación desta moción.

*Procedemos a la votación de esta moción.*

**<u>Votación da segunda moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego</u>**

***<u>Votación de la segunda moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego</u>***

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre patrimonio, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente, por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre patrimonio, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (7 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (7 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, queda aprobada por unanimidade da Corporación.

*Muchas gracias, queda aprobada por unanimidad de la Corporación.*

**25. Moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre patrimonio.**

***25. Moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre patrimonio.***

**Acordo**

***Acuerdo***

Instar o Goberno local a:

1.- Avanzar na tramitación da separata número 2 da Modificación Puntual do PXOM para a incorporación de elementos novos no Catálogo co obxectivo de a aprobar inicialmente durante o primeiro trimestre de 2023.

2.- Reformular o Proxecto de Urbanización do SURT1 San Pedro de Visma (Sector 2) de cara a:

a) Eliminar o tramo de viario que separa o espazo libre Z1 EL-PC e o Z1-EL-4.

b) Protexer e poñer en valor de xeito coherente os elementos descubertos e potenciais da Viaxe de Visma atendendo ó informe do arqueólogo municipal e ó réxime do SURT 2 San Pedro de Visma recollido na normativa do PXOM que indica a "incorporación na medida do posíbel do curso fluvial de San Pedro de Visma nos espazos libres de edificación do sector".

c) Vincular a Arqueta dos Frades e o segundo elemento descuberto na finca denominada Tarrea da Arqueta nun mesmo espazo e reformular o proxecto de musealización da arqueta para incluír o segundo elemento así como incluír na

*Instar al Gobierno local a:*

*1.- Avanzar en la tramitación de la separata número 2 de la Modificación Puntual del PGOM para la incorporación de elementos nuevos en el Catálogo con el objetivo de aprobarla inicialmente durante el primer trimestre de 2023.*

*2.- Replantear el Proyecto de Urbanización del SURT1 San Pedro de Visma (Sector 2) de cara a:*

*a) Eliminar el tramo de vía que separa el espacio libre Z1 EL-PC y el Z1-EL-4.*

*b) Proteger y poner en valor de manera coherente los elementos descubiertos y potenciales del Viaxe de Visma atendiendo al informe del arqueólogo municipal y al régimen del SURT 2 San Pedro de Visma recogido en la normativa del PGOM que indica la "incorporación en la medida del posible del curso fluvial de San Pedro de Visma en los espacios libros de edificación del sector".*

*c) Vincular la Arqueta de los Frades y el segundo elemento descubierto en la finca denominada Tarrea de la Arqueta en un mismo espacio y replantear el proyecto de musealización de la arqueta para incluir el segundo elemento así como incluir en la*

urbanización a traza da viaxe entre ambos para entendelos correctamente.

*urbanización la traza del viaje entre ambos para entenderlos correctamente.*

3. Vixiar arqueoloxicamente as obras de urbanización do PEH3.01 Santo Amaro.

*3. Vigilar arqueológicamente las obras de urbanización del PEH3.01 San Amaro.*

4. Impulsar nos espazos libres do PEH3.01 Santo Amaro, a través de sinais explicativos, un proxecto de recuperación da memoria dos elementos arquitectónicos e etnolóxicos desaparecidos: batería de Durmideiras, castelo de Santo Amaro, capela de Santo Amaro e fonte de Santo Amaro ou do Picho.

*4. Impulsar en los espacios libres del PEH3.01 San Amaro, a través de señales explicativas, un proyecto de recuperación de la memoria de los elementos arquitectónicos y etnológicos desaparecidos: batería de Durmideiras, castillo de San Amaro, capilla de San Amaro y fuente de San Amaro o del Picho.*

5. Apoiar a petición da Asociación Cultural O Mural e a dirixirse á Xunta de Galiza para solicitar a declaración BIC dos frescos de Urbano Lugrís sitos no número 25 a rúa dos Olmos.

*5. Apoyar la petición de la Asociación Cultural O Mural y a dirigirse a la Xunta de Galicia para solicitar la declaración BIC de los frescos de Urbano Lugrís sitos en el número 25 la calle de los Olmos.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Facemos unha pausa de 12 minutos. Ás 12:30 retomamos a sesión.

*Hacemos una pausa de 12 minutos. A las 12:30 retomamos la sesión.*

**Ás doce horas e dezasete minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión, que se retoma ás doce horas e trinta e nove minutos cos mesmos asistentes relacionados ut supra a excepción do señor Martínez Durán, que non se atopa presente no Salón de Sesións.**

***A las doce horas y diecisiete minutos la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión, que se retoma a las doce horas y treinta y nueve minutos con los mismos asistentes relacionados ut supra a excepción del señor Martínez Durán, que no se encuentra presente en el Salón de Sesiones.***

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Ben, retomamos a sesión coa terceira e última moción das presentadas polo Bloque Nacionalista Galego sobre o fomento dos modelos de xestión do lixo.

*Bien, retomamos la sesión con la tercera y última moción de las presentadas por el Bloque Nacionalista Galego sobre el fomento de los modelos de gestión de la basura.*

Ten a palabra o señor Jorquera.

*Tiene la palabra el señor Jorquera.*

**Terceira. Moción sobre o fomento dos modelos de xestión do lixo que aposten**

***Tercera. Moción sobre el fomento de los modelos de gestión de la basura que***

**decididamente pola redución, reciclaxe e reutilización.**

***apuesten decididamente por la reducción, reciclaje y reutilización.***

<u>**Señor Jorquera Caselas**</u>

<u>***Señor Jorquera Caselas***</u>

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Antes de centrarme na defensa desta moción, teño que admitir que estou tentado de presentar unha autoemenda, un punto de engádega que recollendo, creo, que o sentir da maioría da Corporación, para que se poña calefacción, pero bueno, en calquera caso, centrándome xa na cuestión, porque é unha cuestión que cremos que é moi importante, a finalidade desta moción é promover un modelo de xestión e tratamento do lixo que aposte decididamente pola redución reciclaxe e reutilización, e son varias as causas que a fundamentan.

*Antes de centrarme en la defensa de esta moción, tengo que admitir que estoy tentado de presentar una autoenmienda, un punto de adición que recogiendo, creo, que el sentir de la mayoría de la Corporación, para que se ponga calefacción, pero bueno, en cualquier caso, centrándome ya en la cuestión, porque es una cuestión que creemos que es muy importante, la finalidad de esta moción es promover un modelo de gestión y tratamiento de la basura que apueste decididamente por la reducción reciclaje y reutilización, y son varias las causas que la fundamentan.*

A primeira, a nosa preocupación polo presente e futuro de Nostián. Se falamos do presente, máis do 60 % das toneladas de lixo tratadas van parar ó vertedoiro e polo que se refire á materia orgánica, apenas un 31 % transfórmase en compost que debido a súa baixa calidade tamén é derivado ó vertedoiro.

*La primera, nuestra preocupación por el presente y futuro de Nostián. Si hablamos del presente, más del 60 % de las toneladas de basura tratadas van a parar al vertedero y por lo que se refiere a la materia orgánica, apenas un 31 % se transforma en compost que debido su baja calidad también es derivado al vertedero.*

**Ás doce horas e corenta minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.**

***A las doce horas y cuarenta minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.***

Parece evidente á vista destes datos que a planta de Nostián dista moito de acadar os obxectivos que a dotan de razón de ser, porén no anteproxecto e no estudo de viabilidade da explotación da futura planta contémplase a previsión de que ó final do período de vixencia do novo contrato, a porcentaxe de refugallos con destino ó vertedoiro ascenda a máis do 30 %, o triple do obxectivo fixado na normativa actual. Como xa temos manifestado, non entendemos que

*Parece evidente a la vista de estos datos que la planta de Nostián dista mucho de conseguir los objetivos que la dotan de razón de ser, sin embargo en el anteproyecto y en el estudio de viabilidad de la explotación de la futura planta se contempla la previsión de que al final del período de vigencia del nuevo contrato, el porcentaje de desechos con destino al vertedero ascienda a más del 30 %, el triple del objetivo fijado en la normativa actual. Como ya hemos manifestado, no*

levemos tres anos esperando pola nova licitación porque sei que había que adaptar os novos pregos ós cambios habidos na lexislación estatal e europea e a resultante sexa que non se van cumprir os obxectivos de redución de refugallos. Esa é unha das razóns polas que presentamos alegacións ó anteproxecto de Nostián.

*entendemos que llevemos tres años esperando por la nueva licitación porque parece ser que había que adaptar los nuevos pliegos a los cambios habidos en la legislación estatal y europea y la resultante sea que no se van a cumplir los objetivos de reducción de desechos. Esa es una de las razones por las que presentamos alegaciones al anteproyecto de Nostián.*

Para acadar un obxectivo máis ambicioso cremos que é imprescindíbel unha mellora significativa das cifras de separación e tamén de reciclaxe en orixe. Para conseguilo é necesario desenvolver campañas de información, sensibilización e educación ambiental orientadas ó conxunto da cidadanía e polo que se refire á materia orgánica, cremos que se debe contemplar unha separación específica para grandes produtores, como mercados municipais ou grandes distribuidoras alimentarias, apostar por modelos de recollida como o denominado "porta a porta" especialmente para grandes xeracións de fracción orgánica e tamén incentivar a compostaxe individual e colectiva que permita reciclar unha parte cada vez maior dos residuos orgánicos en orixe, e isto ten a ver coa segunda causa que fundamenta esta moción, porque se estamos de acordo cos criterios anteriores, parece lóxico que se lle dea o máximo apoio ás iniciativas de compostaxe comunitaria que alén do seu carácter exemplar, sexan irradiadoras das ventaxas deste modelo, mais o caso é que non se está facendo.

*Para conseguir un objetivo más ambicioso creemos que es imprescindible una mejora significativa de las cifras de separación y también de reciclaje en origen. Para conseguirlo es necesario desarrollar campañas de información, sensibilización y educación ambiental orientadas al conjunto de la ciudadanía y por lo que se refiere a la materia orgánica, creemos que se debe contemplar una separación específica para grandes productores, como mercados municipales o grandes distribuidoras alimentarias, apostar por modelos de recogida como el denominado "puerta a puerta" especialmente para grandes generaciones de fracción orgánica y también incentivar el compostaje individual y colectivo que permita reciclar una parte cada vez mayor de los residuos orgánicos en origen, y esto tiene que ver con la segunda causa que fundamenta esta moción, porque si estamos de acuerdo con los criterios anteriores, parece lógico que se le dé el máximo apoyo a las iniciativas de compostaje comunitario que más allá de su carácter ejemplar, sean irradiadoras de las ventajas de este modelo, pero el caso es que no se está haciendo.*

Unha destas iniciativas é a promovida pola escola infantil "A Caracola" no barrio de Novo Mesoiro. Esta escola infantil municipal é un exemplo na promoción da economía circular con iniciativas como un comedor escolar

*Una de estas iniciativas es la promovida por la escuela infantil "A Caracola" en el barrio de Novo Mesoiro. Esta escuela infantil municipal es un ejemplo en la promoción de la economía circular con iniciativas como un comedor escolar*

baseado en produtos de tempada, de proximidade e ecolóxicos. Ó abeiro desta iniciativa a comunidade educativa participa desde 2015 nun programa municipal de compostaxe producindo compost a partir dos restos de cociña para usalos nas hortas e o xardín. Para avanzar no desenvolvemento deste proxecto precisan de composteiros, para poder atender a demanda da súa cociña, e de material estruturante para a compostaxe ou no seu defecto dunha trituradora para restos de poda, porén, malia tratarse dunha prestación incorporada ó contrato municipal de recollida de lixo, esta solicitude non está sendo atendida, pese ó seu impacto positivo, non só no ambiental, senón tamén no económico, reducindo de xeito significativo o lixo que é necesario recoller e tratar. **(Óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**.

*basado en productos de temporada, de proximidad y ecológicos. Al amparo de esta iniciativa la comunidad educativa participa desde 2015 en un programa municipal de compostaje produciendo compost a partir de los restos de cocina para usarlos en las huertas y el jardín. Para avanzar en el desarrollo de este proyecto necesitan composteros, para poder atender la demanda de su cocina, y de material estructurante para el compostaje o en su defecto de una trituradora para restos de poda, sin embargo, a pesar de tratarse de una prestación incorporada al contrato municipal de recogida de basura, esta solicitud no está siendo atendida, pese a su impacto positivo, no solo en lo ambiental, sino también en lo económico, reduciendo de manera significativa la basura que es necesario recoger y tratar.* ***(Se oye una señal acústica indicativo de la finalización del tiempo de intervención)****.*

En particular, este centro non bota residuo orgánico ó contedor xa que todo o que xera vai ás súas composteiras e non se beneficia do desconto correspondente na factura mensual. Por iso na parte dispositiva desta moción, á parte de instar a promover un modelo de xestión e tratamento de residuos sólidos urbanos que aposte pola redución, reciclaxe e reutilización conforme os criterios que expuxen ó longo da intervención, solicitamos tamén que se lle dea o máximo apoio ás iniciativas de compostaxe comunitaria e con tal fin, que se provea a escola infantil municipal "A Caracola" do material necesario co obxecto de que poda seguir desenvolvendo o seu exemplar proxecto de compostaxe comunitario.

*En particular, este centro no echa residuo orgánico al contenedor ya que todo lo que genera va a sus composteras y no se beneficia del descuento correspondiente en la factura mensual. Por eso en la parte dispositiva de esta moción, aparte de instar a promover un modelo de gestión y tratamiento de residuos sólidos urbanos que apueste por la reducción, reciclaje y reutilización conforme los criterios que expuse a lo largo de la intervención, solicitamos también que se le dé el máximo apoyo a las iniciativas de compostaje comunitario y con tal fin, que se provea a la escuela infantil municipal "A Caracola" del material necesario con el objeto de que pueda seguir desarrollando su ejemplar proyecto de compostaje comunitario.*

Polas razóns expresadas solicitamos o voto favorábel a esta moción. Grazas.

*Por las razones expresadas solicitamos el voto favorable la esta moción. Gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno da señora Soneira.

**Señora Soneira Lema**

Grazas.

As principais formas de fomentar unha xestión sostible do lixo son educar a cidadanía sobre o impacto ambiental de producir e descartar grandes cantidades de lixo, promover a participación cívica para crear unha conciencia colectiva sobre o tema e fomentar o reciclaxe e a reutilización dos materiales. Todo esto, sen dúbida, é o máis importante porque a partir de aí se entra no recorrido industrial do lixo e todo é cuestión de establecer os métodos e medios técnicos adecuados para procesalo.

Vou apoiar a moción porque propón accións que considero importantes para conseguir avanzar na xestión sostible do lixo, insistindo en que as campañas de concienciación que se fagan sexan proxectadas con intelixencia e cos recursos adecuados para conseguir os obxectivos. Se non se profundiza nisto quedará como unha mensaxe máis dos moitos que recibimos a diario coa publicidade.

**Presidencia**

Rematou?

**Señora Soneira Lema**

Si.

**Presidencia**

Señora Martínez, o seu turno.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Turno de la señora Soneira.*

***Señora Soneira Lema***

*Gracias.*

*Las principales formas de fomentar una gestión sostenible de la basura son educar a la ciudadanía sobre el impacto ambiental de producir y descartar grandes cantidades de basura, promover la participación cívica para crear una conciencia colectiva sobre el tema y fomentar el reciclaje y la reutilización de los materiales. Todo esto, sin duda, es lo más importante porque a partir de ahí se entra en el recurrido industrial de la basura y todo es cuestión de establecer los métodos y medios técnicos adecuados para procesarlo.*

*Voy a apoyar la moción porque propone acciones que considero importantes para conseguir avanzar en la gestión sostenible de la basura, insistiendo en que las campañas de concienciación que se hagan sean proyectadas con inteligencia y con los recursos adecuados para conseguir los objetivos. Si no se profundiza en esto quedará como un mensaje más de los muchos que recibimos a diario con la publicidad.*

***Presidencia***

*¿Finalizó?*

***Señora Soneira Lema***

*Sí.*

***Presidencia***

*Señora Martínez, su turno.*

**Señora Martínez Lema**

Si, moitas grazas.

Simplemente anunciar o meu voto a favor.

**Presidencia**

Moitas grazas.

Turno para a Marea Atlántica, señora García.

**Señora García Gómez**

Si, moitas grazas.

Desgrazadamente a planta de Nostián moitas veces é protagonista de malas noticias e eu creo que deberíamos poñer énfase tamén nas boas, e é que en primeiro lugar, ter unha planta de tratamento de residuos tan próxima é unha vantaxe. Nos evita ter que pagar para transportar o lixo por Galicia adiante, a nós e máis ós concellos da área metropolitana, pero é que ademais a planta de Nostián recupera tres veces máis envases que a media galega e ademais, pois por exemplo, no mandato pasado se incrementou un 30 % a reciclaxe, pero se incrementou case un 300 % a produción de electricidade a través do biogás, non? e estas son cuestións que hai que lembrar porque a discusión é se o modelo de Nostián é posible ou é imposible, e por suposto que é posible. Non só é posible, senón que ademais é ventaxoso e hai que defendelo a capa e espada. A nós o que nos preocupa son, pois catro anos perdidos, catro anos de parálise onde non avanzamos, non se modernizou a planta, non se melloraron as instalacións, senón que parece que retrocedimos camiño e chegan noticias alarmantes.

***Señora Martínez Lema***

*Sí, muchas gracias.*

*Simplemente anunciar mi voto a favor.*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Turno para la Marea Atlántica, señora García.*

***Señora García Gómez***

*Sí, muchas gracias.*

*Desgraciadamente la planta de Nostián muchas veces es protagonista de malas noticias y yo creo que deberíamos poner énfasis también en las buenas, y es que en primer lugar, tener una planta de tratamiento de residuos tan próxima es una ventaja. Nos evita tener que pagar para transportar la basura por Galicia adelante, a nosotros y a los ayuntamientos del área metropolitana, pero es que además la planta de Nostián recupera tres veces más envases que la media gallega y además, pues por ejemplo, en el mandato pasado se incrementó un 30 % el reciclaje, pero se incrementó casi un 300 % la producción de electricidad a través del biogás, ¿no? y estas son cuestiones que hay que recordar porque la discusión es si el modelo de Nostián es posible o es imposible, y por supuesto que es posible. No solo es posible, sino que además es ventajoso y hay que defenderlo a capa y espada. A nosotros lo que nos preocupa son, pues cuatro años perdidos, cuatro años de parálisis donde no avanzamos, no se modernizó la planta, no se mejoraron las instalaciones, sino que parece que retrocedimos camino y llegan noticias alarmantes.*

O lixo está á intemperie dende hai meses, segundo está denunciando a plantilla. Denuncian tamén o deterioro das instalacións; está a planta inmersa, unha vez máis, en conflitividade laboral; a concesión xa leva tres anos en prórroga forzosa e hai unha demora, bueno, pois que é difícil de entender, pero é que ademais hoxe nas preguntas escritas que lle presentaba ó Goberno se recoñece que non se lle está solicitando a Albada que devolva 11 millóns de euros que cobrou de máis, froito doutra decisión lamentable do Partido Socialista. Entonces bueno, pois realmente esta parálise nos preocupa, máis alá de que o modelo de Nostián sexa viable ou inviable, que é viable, por suposto que o é.

*La basura está a la intemperie desde hace meses, según está denunciando la plantilla. Denuncian también el deterioro de las instalaciones; está la planta inmersa, una vez más, en conflictividad laboral; la concesión ya lleva tres años en prórroga forzosa y hay una demora, bueno, pues que es difícil de entender, pero es que además hoy en las preguntas escritas que le presentaba al Gobierno se reconoce que no se le está solicitando a Albada que devuelva 11 millones de euros que cobró de más, fruto de otra decisión lamentable del Partido Socialista. Entonces bueno, pues realmente esta parálisis nos preocupa, más allá de que el modelo de Nostián sea viable o inviable, que es viable, por supuesto que lo es.*

Cando por fin o Goberno local publica despois de tres anos o anteproxecto, pois nos preocupamos, e nos preocupamos dende a Marea Atlántica, en primeiro lugar, porque parece que se deterioran as relacións co Consorcio das Mariñas. O Consorcio das Mariñas se entera pola prensa de decisións moi relevantes que comprometen, bueno, pois a súa fidelización e que permanezan utilizando este modelo ata final da concesión. E nos enteramos tamén de que o Goberno local prevé incorporar un quinto contenedor, un quinto contenedor para os envases que non é nin necesario, nin é obrigatorio. A Unión Europea non obriga a ter un contenedor de envases, obriga a ter un contenedor para materia orgánica e na Coruña xa existe. Non me vou estender aquí porque logo virá unha pregunta oral.

*Cuando por fin el Gobierno local publica después de tres años el anteproyecto, pues nos preocupamos, y nos preocupamos desde la Marea Atlántica, en primer lugar, porque parece que se deterioran las relaciones con el Consorcio de As Mariñas. El Consorcio de As Mariñas se entera por la prensa de decisiones muy relevantes que comprometen, bueno, pues su fidelización y que permanezcan utilizando este modelo hasta final de la concesión. Y nos enteramos también de que el Gobierno local prevé incorporar un quinto contenedor, un quinto contenedor para los envases que no es ni necesario, ni es obligatorio. La Unión Europea no obliga a tener un contenedor de envases, obliga a tener un contenedor para materia orgánica y en A Coruña ya existe. No me voy a extender aquí porque luego vendrá una pregunta oral.*

A moción do Bloque Nacionalista Galego que imos apoiar dende Marea Atlántica vai máis alá da planta de Nostián. Fala tamén doutras estratexias de residuos, non? facendo mención por exemplo, pois á compostaxe caseira na

*La moción del Bloque Nacionalista Galego que vamos a apoyar desde Marea Atlántica va más allá de la planta de Nostián. Habla también de otras estrategias de residuos, ¿no? haciendo mención por ejemplo, pues al compostaje*

escola infantil "A Caracola". Neste sentido, bueno, hai que decir que aí tamén lamentamos que foran catro anos en branco, e vou dicir tamén o que nos contestou o Goberno local cando lle preguntamos se estaban aplicando prestacións do contrato de recollida de lixo que estamos pagando. Estamos pagando cun contrato de case 12 ou 13 millóns de euros ó ano. Preguntábamos se se ampliaran, se estaban saíndo todos os equipos necesarios e previstos no contrato para a recollida de voluminosos e aparatos eléctricos e non foron capaces de dicirnos que estaban saíndo todos. A verdade é que non houbo cambios, din. Se non houbo cambios, mal porque no contrato anterior saían menos, saían menos equipos previstos.

*casero en la escuela infantil "A Caracola". En este sentido, bueno, hay que decir que ahí también lamentamos que hayan sido cuatro años en blanco, y voy a decir también lo que nos contestó el Gobierno local cuando le preguntamos si estaban aplicando prestaciones del contrato de recogida de basura que estamos pagando. Estamos pagando con un contrato de casi 12 o 13 millones de euros al año. Preguntábamos si se habían ampliado, si estaban saliendo todos los equipos necesarios y previstos en el contrato para la recogida de voluminosos y aparatos eléctricos y no fueron capaces de decirnos que estaban saliendo todos. La verdad es que no hubo cambios, dicen. Si no hubo cambios, mal porque en el contrato anterior salían menos, salían menos equipos previstos.*

Estase implementando a recollida porta a porta na hostelería con contenedores con chave? Non. Estase implementando a recollida de poda de parcelas privadas? Non. Servicio de compostaxe caseira, está en marcha? —estámolo pagando, eh?— Non. Está implementándose o servizo de compostaxe comunitaria? Non. Estase implementando **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —e vou ir acabando— o servizo de recollida selectiva da materia orgánica de acceso voluntario e restrinxido?

*¿Se está implementando la recogida puerta a puerta en la hostelería con contenedores con llave? No. ¿Se está implementando la recogida de poda de parcelas privadas? No. Servicio de compostaje casero, ¿está en marcha? —lo estamos pagando, ¿eh?— No. ¿Está implementándose el servicio de compostaje comunitario? No. ¿Se está implementando* ***(se oye una señal acústica indicativo de la finalización del tiempo de intervención)*** *—y voy a ir acabando— el servicio de recogida selectiva de la materia orgánica de acceso voluntario y restringido?*

Todo esto son prestacións que están incluídas no contrato actual de recollida de lixo grazas ó traballo da Marea Atlántica no mandato pasado. Non se están implementando. Entonces eu pregunto: entonces se lle está descontando da empresa? Non. Se está aplicando un control de calidade? Non.

A marcha atlética nos Cantóns, o Teresa Herrera de fútbol, os trofeos Bandeira de Traíñas e o Miguelito de judo tamén se celebrarán aquí. Acabamos de ter na cidade a Copa Princesa de voleibol, un campionato nacional que recalou por primeira vez na Coruña con Inés Rey ao fronte da Área de Deportes.

*La marcha atlética en los Cantones, el Teresa Herrera de fútbol, los trofeos Bandera de Traineras y el Miguelito de judo también se celebrarán aquí. Acabamos de tener en la ciudad la Copa Princesa de voleibol, un campeonato nacional que recaló por primera vez en A Coruña con Inés Rey al frente del área de Deportes.*

Teremos o campionato de España de triatlón e paratriatlón, o campionato de España de salvamento e socorrismo, o día do deporte na cidade, A Coruña 10, a Youth League de karate e moitos eventos máis. Eventos que chegarán á Coruña grazas a que a nosa alcaldesa decidiu que

*Tendremos el campeonato de España de triatlón y paratriatlón, el campeonato de España de salvamento y socorrismo, el día del deporte en la ciudad, A Coruña 10, la Youth League de karate y muchos eventos más. Eventos que llegarán a A Coruña gracias a que nuestra alcaldesa decidió*

o Concello fixese, tamén no económico, un esforzo sen precedentes.

*que el Ayuntamiento hiciera, también en lo económico, un esfuerzo sin precedentes.*

Isto non é autocompracencia. Como en todo na vida, sempre hai marxe de mellora e niso estamos. Se non tivésemos unha pandemia que afectou durante dous anos severamente á actividade deportiva nesta cidade, seguramente o escenario sería outro. Mais a tivemos, coa mobilización de recursos que supuxo para este concello. Os nosos plans de promoción do deporte a todos os niveis seguen intactos, mais o que non se fixo nos últimos anos non o podemos facer nun mes.

*Esto no es autocomplacencia. Como en todo en la vida, siempre hay margen de mejora y en eso estamos. Si no hubiéramos tenido una pandemia que afectó durante dos años severamente a la actividad deportiva en esta ciudad, seguramente el escenario sería otro. Pero la tuvimos, con la movilización de recursos que supuso para este ayuntamiento. Nuestros planes de promoción del deporte a todos los niveles siguen intactos, mas lo que no se hizo en los últimos años no lo podemos hacer en un mes.*

Teña por certo, igual que aconteceu na Área de Cultura, que o feito de que a nosa alcaldesa estea á fronte da Área de Deportes suporá un revulsivo para darlle ao deporte o pulo que precisa nesta cidade.

*Tenga por cierto, igual que ocurrió en el Área de Cultura, que el hecho de que nuestra alcaldesa esté al frente del Área de Deportes supondrá un revulsivo para darle al deporte el impulso que precisa en esta ciudad.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Turno para o BNG coa segunda das súas preguntas sobre o modelo de Nostián.

*Turno para el BNG con la segunda de sus preguntas sobre el modelo de Nostián.*

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

**Segunda. Pregunta de resposta oral sobre o modelo de Nostián**

***Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre el modelo de Nostián***

**Señor Jorquera Caselas**

***Señor Jorquera Caselas***

Grazas.

*Gracias.*

Que xestións fixo a alcaldesa para

*¿Qué gestiones hizo la alcaldesa para*

defender o modelo Nostián?

**Señora Fontán Prado**

Señor Jorquera, a nosa alcaldesa fixo, fai e seguirá a facer todo aquelo que entenda que redunda en beneficio dos coruñeses e no progreso da nosa cidade.

**Señor Jorquera Caselas**

Señora concelleira, non me corresponde a min determinar quen responde ás preguntas, pero quizá o lóxico sería que esta pregunta a contestase a propia alcaldesa ou, no seu defecto, se puidese estar, o voceiro do Goberno municipal. Digo isto porque as cuestións que motivan esta preguntan sobardan as competencias da súa área. Estamos a falar da relación con outras administracións.

Primeira cuestión que fundamenta esta pregunta, que xestións fixo a alcaldesa para que se contemplase a excepción coruñesa para a asegurar a vixencia do medo húmido-seco? Non estamos a falar dunha cuestión menor, señora concelleira. Renunciar ao modelo húmido-seco significa que os cidadáns non só teremos que separar o vidro, o papel e o cartón, os restos orgánicos e a fracción restante de inorgánicos, agora teremos que separar tamén latas, botellas de plástico, briks, tapas e outros envases lixeiros para depositalos nun novo colector específico, cando antes a separación se facía en planta. Significa que nas rúas haberá que instalar un contedor máis, o quinto. Iso despois de que a comezos deste mandato se adxudicase o novo contrato de limpeza e mantemento de contedores, que conlevou a renovación dos colectores existentes na nosa cidade.

*defender el modelo Nostián?*

***Señora Fontán Prado***

*Señor Jorquera, nuestra alcaldesa hizo, hace y seguirá haciendo todo aquello que entienda que redunda en beneficio de los coruñeses y en el progreso de nuestra ciudad.*

***Señor Jorquera Caselas***

*Señora concejala, no me corresponde a mí determinar quien responde a las preguntas, pero quizá lo lógico sería que esta pregunta la contestase la propia alcaldesa o, en su defecto, si pudiera estar, el portavoz del Gobierno municipal. Digo esto porque las cuestiones que motivan esta preguntan exceden las competencias de su área. Estamos hablando de la relación con otras administraciones.*

*Primera cuestión que fundamenta esta pregunta ¿Qué gestiones hizo la alcaldesa para que se contemplase la excepción coruñesa para asegurar la vigencia del miedo húmedo-seco? No estamos hablando de una cuestión menor, señora concejala. Renunciar al modelo húmedo-seco significa que los ciudadanos, no solo tendremos que separar el vidrio, el papel y el cartón, los restos orgánicos y la fracción restante de inorgánicos, ahora tendremos que separar también latas, botellas de plástico, briks, tapas y otros envases ligeros para depositarlos en un nuevo contenedor específico, cuando antes la separación se hacía en planta. Significa que en las calles habrá que instalar un contenedor más, el quinto. Eso después de que a comienzos de este mandato se adjudicara el nuevo contrato de limpieza y mantenimiento de contenedores, que conllevó la renovación dos contenedores existentes en nuestra ciudad.*

En definitiva, significa máis gasto e máis ocupación do espazo público en prexuízo dos peóns e en prexuízo tamén —que tome nota o señor Antonio Deus— das prazas de aparcamento.

*En definitiva, significa más gasto y más ocupación del espacio público en perjuicio de los peatones y en perjuicio también —que tome nota o señor Antonio Deus— de las plazas de aparcamiento.*

Renunciar ao modelo húmido-seco significa tamén engadir aínda máis complicacións ao proceso de tratamento dos residuos en Nostián, pero ademais non hai razóns ambientais que o xustifiquen. Acaso non ten un impacto ambiental a ocupación do espazo público e o transporte separado do contido deses novos contedores para o seu tratamento en planta? Pero é que ademais, os datos indican que co modelo húmido-seco se recicla moito máis. Entón, por que ese ofuscamento en renunciar ao modelo húmido-seco?

*Renunciar al modelo húmedo-seco significa también añadir aún más complicaciones al proceso de tratamiento dos residuos en Nostián, pero además no hay razones ambientales que lo justifiquen ¿Acaso no tiene un impacto ambiental la ocupación del espacio público y el transporte separado del contenido de esos nuevos contenedores para o su tratamiento en planta? Pero es que además, los datos indican que con el modelo húmedo-seco se recicla mucho más. Entonces ¿Por qué ese ofuscamiento en renunciar al modelo húmedo-seco?*

Non é unha cuestión opcional, hai unha lei que cumprir. Foi o que dixo a alcaldesa, pero non é certo. Lei de residuos, artigo 25.6: *Non obstante o establecido no apartado 1, o Ministerio, previa valoración da Comisión de Coordinación en Materia de Residuos, poderá exceptuar regulamentariamente a obriga de recoller por separados os residuos, sempre que cumpra polo menos unha das seguintes condicións*. E pasa a enumeralas e enumera, entre elas, que a recollida conxunta de determinados residuos non afecten á súa aptitude para a reutilización ou a reciclaxe; que a recollida separada non proporcione mellor resultado ambiental se se ten en conta o impacto ambiental global da xestión do fluxo de residuos de que se trate e que a recollida separada implique uns custos económicos desproporcionados. Todas estas excepcións son de aplicación ao modelo da Coruña. Solicitouse acollerse a esta excepción? Porque, segundo as nosas noticias, Córdoba o fixo e vai seguir co

*No es una cuestión opcional, hay una ley que cumplir. Fue o que dijo la alcaldesa, pero no es cierto. Ley de residuos, artículo 25.6:* No obstante lo establecido en el apartado 1, el Ministerio, previa valoración de la Comisión de Coordinación en Materia de Residuos, podrá exceptuar reglamentariamente la obligación de recoger por separados los residuos, siempre que cumpla al menos una de las siguientes condiciones. *Y pasa a enumerarlas y enumera, entre ellas, que la recogida conjunta de determinados residuos no afecten a su aptitud para la reutilización o el reciclaje; que la recogida separada no proporcione mejor resultado ambiental si se tiene en cuenta el impacto ambiental global de la gestión del flujo de residuos de que se trate y que la recogida separada implique unos costes económicos desproporcionados. Todas estas excepciones son de aplicación al modelo de A Coruña ¿Se solicitó acogerse a esta excepción? Porque, según nuestras noticias, Córdoba lo hizo y va a seguir con el modelo húmedo-seco, igual*

modelo húmido-seco, igual que o fixo Pontevedra para que se tivese presente a singularidade do modelo de Pontevedra á hora de implantar as zonas de baixas emisións. E non só se contemplou a excepción de Pontevedra, senón que Pontevedra é hoxe recoñecida como cidade modelo en baixas emisións.

*que lo hizo Pontevedra para que se tuviera presente la singularidad del modelo de Pontevedra a la hora de implantar las zonas de bajas emisiones. Y no solo se contempló la excepción de Pontevedra, sino que Pontevedra es hoy reconocida como ciudad modelo en bajas emisiones.*

Pero antes de rematar, señora concelleira, formulamos tamén outra cuestión. Están de acordo os Concellos do Consorcio das Mariñas na implantación do quinto colector? Convocou a alcaldesa unha mesa de alcaldes da comarca para falar disto e tamén do futuro de Nostián? Porque a viabilidade futura da planta de Nostián depende da participación do Consorcio e, que nós saibamos, a mesa de alcaldes segue sen convocarse.

*Pero antes de finalizar, señora concejala, formulamos también otra cuestión ¿Están de acuerdo los Ayuntamientos del Consorcio de As Mariñas en la implantación del quinto contenedor? ¿Convocó la alcaldesa una mesa de alcaldes de la comarca para hablar de esto y también del futuro de Nostián? Porque la viabilidad futura de la planta de Nostián depende de la participación del Consorcio y, que nosotros sepamos, la mesa de alcaldes sigue sin convocarse.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Señora Fontán Prado**

***Señora Fontán Prado***

Ben. Señor Jorquera, sempre dixemos que o modelo húmido-seco é o modelo que leva esta cidade no seu ADN e porén nos sentimos moi orgullosos de que fose un Goberno municipal socialista o que votase a andar a planta de Nostián.

*Bien. Señor Jorquera, siempre dijimos que el modelo húmedo-seco es el modelo que lleva esta ciudad en su ADN y por lo tanto nos sentimos muy orgullosos de que fuera un Gobierno municipal socialista el que echase a andar la planta de Nostián.*

O mandato de Inés Rey arrancou coa vontade que a nova planta se licitaría ao longo do mesmo e obedecería a ese a modelo, e coido que as veces que o repetín neste pleno son máis aínda que as que vostede mesmo me interpelou. Non vou a entrar aquí de novo a enumerar a normativa que se foi aplicando durante os anos, mesmo os anos da covid, en que se estivo a facer e traballar nos pregos. Vamos a retrotraernos ao máis inmediato.

*El mandato de Inés Rey arrancó con la voluntad que la nueva planta se licitaría a lo largo del mismo y obedecería a ese modelo, y creo que las veces que lo repetí en este pleno son aún más que las que usted mismo me interpeló. No voy a entrar aquí de nuevo a enumerar la normativa que se fue aplicando durante los años, incluso los años de la covid, en que se estuvo haciendo y trabajando en los pliegos. Vamos a retrotraernos a lo más inmediato.*

En novembro de 2021, diante do Anteproxecto de lei estatal de tratamento

*En noviembre de 2021, ante el Anteproyecto de ley estatal de tratamiento*

de residuos, e tras examinar as directivas comunitarias, a Concellaría de Medio Ambiente fai o encargo dun informe de avaliación e xustificación do modelo húmido-seco implantado na nosa cidade. Sendo conscientes de que o modelo húmido-seco estaba sendo aplicado en outras zonas do Estado, e tras entrar en contacto con eles, mantendo diversas xuntanzas telemáticas, en decembro de 2021 aprobamos o manifesto conxunto de entidades representantes do dito modelo. O manifesto é público e o encabezaba esta cidade.

*de residuos, y tras examinar las directivas comunitarias, la Concejalía de Medio Ambiente hace el encargo de un informe de evaluación y justificación del modelo húmedo-seco implantado en nuestra ciudad. Siendo conscientes de que el modelo húmedo-seco estaba siendo aplicado en otras zonas del Estado, y tras entrar en contacto con ellos, manteniendo diversas reuniones telemáticas, en diciembre de 2021 aprobamos el manifiesto conjunto de entidades representantes de dicho modelo. El manifiesto es público y lo encabezaba esta ciudad.*

Entre febreiro e abril de 2022 continuaron os contactos e por suposto o envío do devandito manifesto ao MITECO, tendo contactos co mesmo e con diferentes deputados e compoñentes que estaban ao tanto do desenrolo deste modelo.

*Entre febrero y abril de 2022 continuaron los contactos y por supuesto el envío de dicho manifiesto al MITECO, teniendo contactos con el mismo y con diferentes diputados y componentes que estaban al tanto del desarrollo de este modelo.*

En abril de 2022 apróbase a lei, que parece dar cabida ao noso modelo nas excepcionalidades que formula e á que vostede fixo referencia.

*En abril de 2022 se aprueba la ley, que parece dar cabida a nuestro modelo en las excepcionalidades que formula y a la que usted hizo referencia.*

En xuño de 2022 esta concelleira desprázase ao MITECO para, entre outros asuntos, tratar do modelo húmido-seco. Namentras, seguiamos a traballar no anteproxecto da planta, tendo en conta todas as variables que tiñamos xa enriba da mesa.

*En junio de 2022 esta concejala se desplaza al MITECO para, entre otros asuntos, tratar del modelo húmedo-seco. Mientras, seguíamos trabajando en el anteproyecto de la planta, teniendo en cuenta todas las variables que teníamos ya encima de la mesa.*

En setembro de 2022, por parte do MITECO se traslada a esta concelleira que, tendo en conta que as excepcionalidades son tratadas no seo da Comisión Nacional de Residuos, e que finalmente quen dá ou quen denega as autorizacións ambientais integradas son as comunidades autónomas, deberiamos contar, senón co seu apoio, alomenos non coa oposición da Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio

*En septiembre de 2022, por parte del MITECO se traslada a esta concejala que, toda vez que las excepcionalidades son tratadas en el seno de la Comisión Nacional de Residuos, y que finalmente quien da o quien deniega las autorizaciones ambientales integradas son las comunidades autónomas, deberíamos contar, sino con su apoyo, al menos no con la oposición de la Xunta de Galicia a través de la Consellería de*

Ambiente.

*Medio Ambiente.*

A mediados de outubro de 2022 prodúcese unha xuntanza entre a Consellería de Medio Ambiente e a representación municipal. Manifféstanse por parte da Consellería de Medio Ambiente as reticencias hacia o noso modelo, argumentando unha serie de circunstancias que para eles non estabamos a cumprir e que teñen que ver co cumprimento final dos obxectivos, mais quédase en seguir falando.

*A mediados de octubre de 2022 se produce una reunión entre la Consellería de Medio Ambiente y la representación municipal. Se manifiestan por parte de la Consellería de Medio Ambiente las reticencias hacia nuestro modelo, argumentando una serie de circunstancias que para ellos no estábamos cumpliendo y que tienen que ver con el cumplimiento final de los objetivos, mas se queda en seguir hablando.*

A estas alturas xa tiñamos coñecemento de que os concellos de Cataluña pertencentes ao modelo húmido-seco non contaban co apoio da Generalitat e, polo mesmo, abandonaban o modelo.

*A estas alturas ya teníamos conocimiento de que los ayuntamientos de Cataluña pertenecientes al modelo húmedo-seco no contaban con el apoyo de la Generalitat y, por lo mismo, abandonaban el modelo.*

O 5 de decembro, tanto a alcaldesa como esta concelleira recibimos a comunicación da conselleira de Medio Ambiente informándonos de que non contemplaba a nosa excepcionalidade e, polo mesmo, deberiamos abandonar o modelo húmido-seco, a pesares de que no anteproxecto do plan autonómico fale —e siga a falar— de complementariedade, algo que non alcanzamos a entender.

*El 5 de diciembre, tanto la alcaldesa como esta concejala recibimos la comunicación de la conselleira de Medio Ambiente informándonos de que no contemplaba nuestra excepcionalidad y, por lo mismo, deberíamos abandonar el modelo húmedo-seco, a pesar de que en el anteproyecto del plan autonómico hable —y siga hablando— de complementariedad, algo que no alcanzamos a entender.*

Finalmente é o propio MITECO quen fai uns días nos dá traslado de que, froito do análise duns datos do tratamento de residuos da nosa planta do ano 2020 —que ao noso xuízo poden estar máis o menos cuantificados—, na Comisión Nacional de Residuos se entende que non temos cabida nesa excepcionalidade.

*Finalmente es el propio MITECO quien hace unos días nos da traslado de que, fruto del análisis de unos datos del tratamiento de residuos de nuestra planta del año 2020 —que a nuestro juicio pueden estar más o menos cuantificados—, en la Comisión Nacional de Residuos se entiende que no tenemos cabida en esa excepcionalidad.*

Así pois, señor Jorquera, como xa anunciou a alcaldesa, froito da normativa aplicable, que esixe e tende á homoxeneización en todo o territorio do Estado, o modelo húmido-seco non será de aplicación na planta de tratamento de

*Así pues, señor Jorquera, como ya anunció la alcaldesa, fruto de la normativa aplicable, que exige y tiende a la homogeneización en todo el territorio del Estado, el modelo húmedo-seco no será de aplicación en la planta de*

residuos sólidos urbanos de Nostián.

*tratamiento de residuos sólidos urbanos de Nostián.*

Respecto do que vostede me pregunta referente ás relacións co Consorcio, lle direi que mesmo esta concelleira, durante todo este tempo, si tivo a nivel técnico contactos co Consorcio, pero comprenderá vostede que as relacións institucionais entre alcaldes e a axenda da alcaldesa da cidade correspóndelle a ela e, polo tanto, ese tipo de relación non me corresponde a min.

*Respecto de lo que usted me pregunta referente a las relaciones con el Consorcio, le diré que incluso esta concejala, durante todo este tiempo, sí tuvo a nivel técnico contactos con el Consorcio, pero comprenderá usted que las relaciones institucionales entre alcaldes y la agenda de la alcaldesa de la ciudad le corresponde a ella y, por lo tanto, ese tipo de relación no me corresponde a mí.*

En todo caso, o Consorcio é coñecedor de todas estas circunstancias.

*En todo caso, el Consorcio es conocedor de todas estas circunstancias.*

Nada máis. Moitas gracias.

*Nada más. Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Terceira e última pregunta do BNG, sobre a Fundación Luís Seoane.

*Tercera y última pregunta del BNG, sobre la Fundación Luís Seoane.*

Señora Veira.

*Señora Veira.*

**Terceira. Pregunta de resposta oral sobre a Fundación Luís Seoane.**

***Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre la Fundación Luís Seoane.***

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Si.

*Sí.*

Entende o Goberno local o seu papel en todo o que podería ser e non é a Fundación Luis Seoane?

*¿Entiende el Gobierno local su papel en todo lo que podría ser y no es la Fundación Luis Seoane?*

**Señor Borrego Vázquez**

***Señor Borrego Vázquez***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Boas tardes. Permítame dicirlle antes de nada —por se acaso si lles ocorre plantexar que sexa eu quen resposte a esta cuestión e non o portavoz—, pois

*Buenas tardes. Permítame decirle antes de nada —por si acaso se les ocurre plantear que sea yo quien responda a esta cuestión y no el portavoz—, pues decirles*

dicirlles que precisamente nese metaverso que algúns desta cámara indican sobre un Goberno roto, descoordinado e sen comunicación, o que ocorre é que cando as circunstancias obrigan a que o noso portavoz non poida estar hoxe por exemplo aquí, pois todo o equipo de Goberno traballe precisamente para ser conscientes das diferentes cuestións que competen a áreas, incluso das que non teñen competencias.

*que precisamente en ese metaverso que algunos de esta cámara indican sobre un Gobierno roto, descoordinado y sin comunicación, lo que ocurre es que cuando las circunstancias obligan a que nuestro portavoz no pueda estar hoy por ejemplo aquí, pues todo el equipo de Gobierno trabaje precisamente para ser conscientes de las diferentes cuestiones que competen a áreas, incluso de las que no tienen competencias.*

A partir de aí, dicirlle que si, que a Fundación Luís Seoane, que é unha fundación privada de interese público, foi creada no ano 1996. Foi creada no mandato dun alcalde socialista, Francisco Vázquez, cun concelleiro socialista, José Luis Méndez Romeu. Así que podo afirmarlle que si, que o Goberno local entende perfectamente o que ten que ser e o papel que ten que marcar na Fundación Luís Seoane.

*A partir de ahí, decirle que sí, que la Fundación Luís Seoane, que es una fundación privada de interés público, fue creada en el año 1996. Fue creada en el mandato de un alcalde socialista, Francisco Vázquez, con un concejal socialista, José Luis Méndez Romeu. Así que puedo afirmarle que sí, que el Gobierno local entiende perfectamente lo que tiene que ser y el papel que tiene que marcar en la Fundación Luís Seoane.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Pois, hai unhas semanas, Xabier Seoane dimitiu como membro do padroado da Fundación Luís Seoane e fixo públicos os motivos da súa renuncia, e os motivos da súa marcha son os mesmos que levaron a que desde o BNG trasladásemos a Pleno, en febreiro de 2021, unha moción para instar ao Goberno local a que dunha vez se animase a impulsar a Fundación Luís Seoane porque ás veces, e como poden comprobar pola pregunta que lles facemos, temos a sensación de que este Goberno e a súa alcaldesa —teoricamente tamén concelleira de Cultura— esquecen que a Alcaldía ostenta a Presidencia do padroado, e esquecen que a principal fonte de financiamento da Fundación é o Concello da Coruña, e esquecen que foi precisamente o Concello da Coruña quen

*Pues, hace unas semanas, Xabier Seoane dimitió como miembro del patronato de la Fundación Luís Seoane e hizo públicos los motivos de su renuncia, y los motivos de su marcha son los mismos que llevaron a que desde el BNG trasladáramos a Pleno, en febrero de 2021, una moción para instar al Gobierno local a que de una vez se animara a impulsar la Fundación Luís Seoane porque a veces, y como pueden comprobar por la pregunta que les hacemos, tenemos la sensación de que este Gobierno y su alcaldesa —teóricamente también concejala de Cultura— olvidan que la Alcaldía ostenta la Presidencia del patronato, y olvidan que la principal fuente de financiación de la Fundación es el Ayuntamiento de A Coruña, y olvidan que fue precisamente el Ayuntamiento de A Coruña quien creó la Fundación Luís Seoane.*

creou a Fundación Luís Seoane.

Esquecen que María Elvira Fernández López, a viúva de Luís Seoane, foi ao Concello da Coruña a quen lle doou o arquivo epistolar e documental e un importantísimo legado pictórico —óleos, obra gráfica, debuxos, bosquexos, primeiras edicións realizadas por el— co fin de constituír un espazo enfocado cara o estudo da obra de Luís Seoane, e algunhas desas obras, por certo, xa non se poden expoñer pola deixadez no mantemento do edificio.

*Olvidan que María Elvira Fernández López, la viuda de Luís Seoane, fue al Ayuntamiento de A Coruña a quién le donó el archivo epistolar y documental y un importantísimo legado pictórico —óleos, obra gráfica, dibujos, bocetos, primeras ediciones realizadas por él— con el fin de constituir un espacio enfocado al estudio de la obra de Luis Seoane, y algunas de esas obras, por cierto, ya no se pueden exponer por la dejadez en el mantenimiento del edificio.*

E digo que o esquecen porque utilizan a Fundación Luís Seoane para calquera cousa menos para os fins para os que foi creada. Faría ben o Goberno local, e particularmente a alcaldesa —reitero, presidenta do Padroado—, en escoitar e apoiar o Padroado, que quere facer cumprir os estatutos da Fundación.

*Y digo que lo olvidan porque utilizan la Fundación Luís Seoane para cualquier cosa menos para los fines para los que fue creada. Haría bien el Gobierno local, y particularmente la alcaldesa —reitero, presidenta del Patronato—, en escuchar y apoyar al Patronato, que quiere hacer cumplir los estatutos de la Fundación.*

Miren, a moción foi aprobada por unanimidade —unha máis—, mais temos que lamentar que non se cumprisen os acordos que se recollían nela.

*Miren, la moción fue aprobada por unanimidad —una más—, pero tenemos que lamentar que no se cumplieran los acuerdos que se recogían en ella.*

Miren, demandabamos o acondicionamento dun edificio en mal estado —ao final foi nos orzamentos e parece que iso polo menos si vai adiante—, pero tamén reclamabamos cuestións moi importantes, como que o Goberno local deseñase a posta en valor do legado e obra de Luís Seoane, que é motivo do nacemento da Fundación Luís Seoane, como un elemento de atracción cultural da nosa cidade e unha ferramenta de proxección da Coruña no eido das artes plásticas.

*Miren, demandábamos el acondicionamiento de un edificio en mal estado —al final fue en los presupuestos y parece que eso por lo menos sí va adelante—, pero también reclamábamos cuestiones muy importantes, como que el Gobierno local diseñara la puesta en valor del legado y obra de Luís Seoane, que es motivo del nacimiento de la Fundación Luís Seoane, como un elemento de atracción cultural de nuestra ciudad y una herramienta de proyección de A Coruña en el campo de las artes plásticas.*

Pediamos que o Goberno local impulsase, man a man co Padroado, a definición dun proxecto museístico para

*Pedíamos que el Gobierno local impulsara, mano a mano con el Patronato, la definición de un proyecto*

converter a Fundación Luís Seoane nun centro de referencia da arte contemporánea galega, e por desgraza, como digo, a moción non se cumpriu e vemos como este é o enésimo síntoma da ausencia absoluta de política cultural digna de tal nome do Goberno de Inés Rey.

*museístico para convertir la Fundación Luís Seoane en un centro de referencia del arte contemporáneo gallego, y por desgracia, como digo, la moción no se cumplió y vemos como este es el enésimo síntoma de la ausencia absoluta de política cultural digna de tal nombre del Gobierno de Inés Rey.*

Este goberno local non se apea do grande espectáculo, dos macroeventos, pero non mira para a cidade, para o talento, para a potencia das súas institucións e infraestruturas culturais, para o seu tecido de base.

*Este gobierno local no se apea del gran espectáculo, de los macroeventos, pero no mira hacia la ciudad, hacia el talento, hacia la potencia de sus instituciones e infraestructuras culturales, hacia su tejido de base.*

E non mira, e voulle dicir por que. Porque celebraron, como se tal cousa, o 25 aniversario de Viñetas desde o Atlántico; non reaccionaron diante da marcha dun membro do padroado da Fundación Luis Seoane; non traballaron en todo o mandato para recuperar o proxecto artístico do Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa —despois Naturgy, etcétera—; que nin se molesta en lles procurar espazos municipais a colectivos e entidades que fan cultura na nosa cidade; que non impulsa a visibilización de artistas da cidade; que dá bolsas de creación artística que se converten en auténticos rompedeiros de cabeza, mais que logo non se aproveitan, non se expoñen e non se distribúen o resultado desas bolsas. Non lles dan importancia ou non se manifestan nin sequera —que aínda non vin unha manifestación ningunha— diante da proposta de que se recoñeza a cidade como unha cidade literaria diante da Unesco.

*Y no mira, y le voy a decir por qué. Porque han celebrado, como si tal cosa, el 25 aniversario de Viñetas desde el Atlántico; no reaccionaron ante la marcha de un miembro del patronato de la Fundación Luís Seoane; no trabajaron en todo el mandato para recuperar el proyecto artístico del Museo de Arte Contemporáneo Unión Fenosa —después Naturgy, etcétera—; que ni se molesta en procurarles espacios municipales a colectivos y entidades que hacen cultura en nuestra ciudad; que no impulsa la visibilización de artistas de la ciudad; que da becas de creación artística que se convierten en auténticos rompederos de cabeza, pero que luego no se aprovechan, no se exponen y no se distribuyen el resultado de esas bolsas. No les dan importancia o no se manifiestan ni siquiera —que aún no vi ninguna manifestación— ante la propuesta de que se reconozca la ciudad como una ciudad literaria delante de la Unesco.*

Realmente están vostedes ausentes na política cultural real na nosa cidade.

*Realmente están ustedes ausentes en la política cultural real en nuestra ciudad.*

**<u>Señor Borrego Vázquez</u>**

***<u>Señor Borrego Vázquez</u>***

Moitas gracias.

*Muchas gracias.*

A Fundación Luis Seoane, esquecen que foi, efectivamente, o legado de Maruxa a instancias deste concello. Igual esquecen esa puntualización, que é moi importante, pero bueno.

*La Fundación Luís Seoane, olvidan que fue, efectivamente, el legado de Maruxa a instancias de este ayuntamiento. A lo mejor olvidan esa puntualización, que es muy importante, pero bueno.*

A Fundación é unha das poucas entidades culturais que funciona nesta cidade; que ten convenios de coprodución con museos e centros de arte en toda España; que produce itinerancias coa propia obra de Seoane aquí en España, en Galicia e no estranxeiro; que organiza congresos sobre o exilio, sobre as artes e a educación; que creou grupos de estudos, por exemplo, onde se abordan cuestión que van desde o colonialismo ata os movementos migratorios; que acolle e promove proxectos culturais referentes en Galicia e tamén no Estado español.

*La Fundación es una de las pocas entidades culturales que funciona en esta ciudad; que tiene convenios de coproducción con museos y centros de arte en toda España; que produce itinerancias con la propia obra de Seoane aquí en España, en Galicia y en el extranjero; que organiza congresos sobre el exilio, sobre las artes y la educación; que creó grupos de estudios, por ejemplo, donde se abordan cuestión que van desde el colonialismo hasta los movimientos migratorios; que acoge y promueve proyectos culturales referentes en Galicia y también en el Estado español.*

E por suposto, non descoida para nada o eido local das súas posibilidades, traballando con entidades culturais: o Festival de cine S8, o Fanzine Fest, Modulartec, FFoco —ao que a Fundación e Concello lle deron un valioso impulso— e tamén con asociacións —igual lles soan— como a Alexandre Bóveda, non? Que desde logo nestes momento colabora coa propia Fundación nunha iniciativa que se levou a cabo durante a pandemia que se chama Lenzos e partituras, que está exposto actualmente na Fundación. Parece ser que eles, na Alexandre Bóveda, si que entenden o papel que fai o Concello coa entidade.

*Y por supuesto, no descuida para nada el ámbito local de sus posibilidades, trabajando con entidades culturales: el Festival de cine S8, el Fanzine Fest, Modulartec, FFoco —al que la Fundación y Ayuntamiento le dieron un valioso impulso— y también con asociaciones —a lo mejor les suenan— como la Alexandre Bóveda ¿no? Que desde luego en estos momentos colabora con la propia Fundación en una iniciativa que se llevó a cabo durante la pandemia que se llama Lienzos y partituras, que está expuesto actualmente en la Fundación. Parece ser que ellos, en la Alexandre Bóveda, sí que entienden el papel que hace el Ayuntamiento con la entidad.*

Se se refire vostede ao noso papel con respecto ao mantemento do edificio, pois tamén lle dicimos que si. Xa están licitadas as obras de reparación da climatización, que se abordarán nos vindeiros meses. E por certo, climatización que leva sen funcionar

*Si se refiere usted a nuestro papel con respecto al mantenimiento del edificio, pues también le decimos que sí. Ya están licitadas las obras de reparación de la climatización, que se abordarán en los próximos meses. Y por cierto, climatización que lleva sin funcionar*

desde o ano 2013. Eu non recordo neste pleno que tivésemos noticias sobre que se interesasen vostedes neste tema nos últimos dez anos, así que hai que preguntarse se igual nestes dez anos entenderon vostedes cal era o seu papel para defender a institución, ou se simplemente se enganchan agora a este carro que parece arrancar do ruído preelectoral. Isto sería unha mágoa, efectivamente, porque sería relativizar moitísimo a importancia, obxectivo e pensamento de quen nomea a esta institución, a Fundación Luis Seoane, plantexando un tema electoralista de moi baixa catadura.

O propio Seoane... Eu non son quen de dar consellos, pero creo que esta frase, que é del, poderiámola aplicar precisamente hoxe en moitas facetas da nosa vida, non?: en pintura débense abrir os ollos antes de abrir a boca.

Nada máis e moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Borrego, señora Veira.

Rematan as preguntas do BNG. Pasamos ás da Marea Atlántica. Primeira delas tamén sobre a Fundación Luis Seoane.

Señor Martínez.

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA ATLÁNTICA**

**Segunda. Pregunta de resposta oral sobre a Fundación Luis Seoane**

**Señor Martínez Durán**

*desde el año 2013. Yo no recuerdo en este pleno que tuviésemos noticias sobre que se interesasen ustedes en este tema en los últimos diez años, así que hay que preguntarse si igual en estos diez años entendieron ustedes cuál era su papel para defender a la institución, o si simplemente se enganchan ahora a este carro que parece arrancar del ruido preelectoral. Esto sería una lástima, efectivamente, porque sería relativizar muchísimo la importancia, objetivo y pensamiento de quien nombra a esta institución, la Fundación Luis Seoane, planteando un tema electoralista de muy baja catadura.*

*El propio Seoane... Yo no son quien de dar consejos, pero creo que esta frase, que es de él, la podríamos aplicar precisamente hoy en muchas facetas de nuestra vida ¿no?: en pintura se deben abrir los ojos antes de abrir la boca.*

*Nada más y muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Borrego, señora Veira.*

*Finalizan las preguntas del BNG. Pasamos a las de la Marea Atlántica. Primera de ellas también sobre la Fundación Luís Seoane.*

*Señor Martínez.*

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DE LA MAREA ATLÁNTICA***

***Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre la Fundación Luís Seoane***

***Señor Martínez Durán***

Como pensa abordar a alcaldesa, como presidenta do Padroado, a crise na Fundación Luis Seoane?

*¿Cómo piensa abordar la alcaldesa, como presidenta del Patronato, la crisis en la Fundación Luís Seoane?*

**Señor Borrego Vázquez**

***Señor Borrego Vázquez***

Bueno, na pregunta falaban vostedes da crise, e crise é unha coxuntura de cambios en calquera estado dunha realidade organizada pero inestable, suxeita a evolución. Unha definición interesante que se pode atopar incluso na Wikipedia.

*Bueno, en la pregunta hablaban ustedes de la crisis, y crisis es una coyuntura de cambios en cualquier estado de una realidad organizada pero inestable, sujeta a evolución. Una definición interesante que se puede encontrar incluso en la Wikipedia.*

**Señor Martínez Durán**

***Señor Martínez Durán***

Que tal, señor Borrego? Non esperaba eu velo por aquí. Estiven... Na ruleta das competencias de Cultura... Levo todo o día dándolle voltas a ver quen me contesta esta vez. Pois, señor Borrego, eu encantado. Que pasa? Que nótase. Nótase. Non é nada persoal, é que, claro, vostede non ten absolutamente nada que ver coa xestión da área cultural e non ten absolutamente nada que ver coa Fundación Luis Seoane e o seu padroado.

*¿Qué tal, señor Borrego? No esperaba yo verlo por aquí. Estuve... En la ruleta de las competencias de Cultura... Llevo todo el día dándole vueltas a ver quién me contesta esta vez. Pues, señor Borrego, yo encantado ¿Qué pasa? Que se nota. Se nota. No es nada personal, es que, claro, usted no tiene absolutamente nada que ver con la gestión del área cultural y no tiene absolutamente nada que ver con la Fundación Luís Seoane y su patronato.*

Claro, falamos de crise porque hai unha crise na Fundación Luis Seoane e é unha crise que non provoca a dimisión de Xabier Seoane, senón que a dimisión de Xabier Seoane evidencia que hai esa crise, agrava esa crise e debería provocar algún tipo de reacción por parte do Goberno municipal.

*Claro, hablamos de crisis porque hay una crisis en la Fundación Luís Seoane y es una crisis que no provoca la dimisión de Xabier Seoane, sino que la dimisión de Xabier Seoane evidencia que hay esa crisis, agrava esa crisis y debería provocar algún tipo de reacción por parte del Gobierno municipal.*

Hoxe hai aquí un tema rodante, que dá voltas e aparece e reaparece, que é o da responsabilidade política. Nós estamos falando de responsabilidade política. Non confundir coa reseña hemerográfica, que nos conte quen era concelleiro cando se creou. Nós xa sabemos como se creou a Fundación Seoane, coñecemos os seus estatutos —parece que mellor que o Goberno

*Hoy hay aquí un tema rodante, que da vueltas y aparece y reaparece, que es el de la responsabilidad política. Nosotros estamos hablando de responsabilidad política. No confundir con la reseña hemerográfica, que nos cuente quién era concejal cuando se creó. Nosotros ya sabemos cómo se creó la Fundación Seoane, conocemos sus estatutos —parece que mejor que el Gobierno municipal—,*

municipal—, coñecemos a historia, como chegamos ata aquí. Xa o colmo é que confunda responsabilidade política cunha definición de Wikipedia.

*conocemos la historia, cómo llegamos hasta aquí. Ya el colmo es que confunda responsabilidad política con una definición de Wikipedia.*

Hai unha crise na Fundación Seoane manifestada —vostede non o sabe porque non forma parte do Padroado— manifestada de maneira reiterada no Padroado. Había unha parte que tiña que ver co estado do edificio, cos problemas de filtración, co efecto e co impacto que iso ten nos fins fundacionais da Seoane. E é que impide... É un factor que se suma a outros factores que están a impedir que a Fundación Seoane cumpra con eses obxectivos para os que está mandatada. Ese problema é o máis fácil de solucionar.

*Hay una crisis en la Fundación Seoane manifestada —usted no lo sabe porque no forma parte del Patronato— manifestada de forma reiterada en el Patronato. Había una parte que tenía que ver con el estado del edificio, con los problemas de filtración, con el efecto y con el impacto que eso tiene en los fines fundacionales de la Seoane. Y es que impide... Es un factor que se suma a otros factores que están impidiendo que la Fundación Seoane cumpla con esos objetivos para los que está mandatada. Ese problema es el más fácil de solucionar.*

Dicía vostede —supoño que por descoñecemento— que ninguén se acordara dos problemas de filtracións nos dez últimos anos. Vese que nin sequera escoita á directora da Fundación, que hai uns días recordaba que o proxecto para a solución deses problemas foi un proxecto encargado polo Goberno de Xulio Ferreiro. Así que algúns si que nos lembramos deses problemas nos últimos dez anos. Agora o que había era que licitar ese proxecto, contratar a obra e solucionar o problema.

*Decía usted —supongo que por desconocimiento— que nadie se había acordado de los problemas de filtraciones en los diez últimos años. Se ve que ni siquiera escucha a la directora de la Fundación, que hace unos días recordaba que el proyecto para la solución de esos problemas fue un proyecto encargado por el Gobierno de Xulio Ferreiro. Así que algunos sí que nos acordamos de esos problemas en los últimos diez años. Ahora lo que había era que licitar ese proyecto, contratar la obra y solucionar el problema.*

A súa escasa dilixencia en facer isto —licitar, adxudicar, contratar e reparar por fin o edificio— é inversamente proporcional á teimosía da Marea Atlántica. Nós incorporamos ese investimento nos orzamentos de 2020, de acordo co Goberno municipal. Como vostedes non o executaron, aínda o volvemos incluír nos orzamentos de 2022, e agora por fin, a última hora, xa, digamos, co asunto da Seoane de novo no debate público, parece que si, que acordaron e que e se avanza na

*Su escasa diligencia en hacer esto —licitar, adjudicar, contratar y reparar por fin el edificio— es inversamente proporcional al empecinamiento de la Marea Atlántica. Nosotros incorporamos esa inversión en los presupuestos de 2020, de acuerdo con el Gobierno municipal. Como ustedes no lo ejecutaron, aún volvimos a incluirlos en los presupuestos de 2022, y ahora por fin, a última hora, ya, digamos, con el asunto de la Seoane de nuevo en el debate público, parece que sí, que acordaron y que y se avanza en la*

contratación. Pero esa é unha parte do problema. Esa é unha parte do problema. A outra, a máis difícil de resolver, é que hai discrepancias serias e sostidas no propio Padroado.

*contratación. Pero esa es una parte del problema. Esa es una parte del problema. La otra, la más difícil de resolver, es que hay discrepancias serias y sostenidas en el propio patronato.*

Algúns membros do padroado entramos e saímos —é dicir, que somo efémeros, somos pasaxeiros, afortunadamente para a Fundación—, pero hai outros que levan moito tempo e que teñen ademais un papel maior que os que estamos alí en representación do noso grupo municipal durante un tempo no temos responsabilidades públicas, aínda que sexa na oposición. E nese padroado hai, diría, unha falta de confianza no proxecto estratéxico da Fundación Luis Seoane. E isto non é ningún segredo e a alcaldesa sábeo, porque preside o Padroado e está alí. Vostede se cadra non, porque non pertence ao Padroado. Se ten manifestado nos últimos catro anos moitas veces e os membros do padroado abordamos esa cuestión e chegamos a un acordo. Chegamos a un acordo para intentar afrontalo, abrir un debate no Padroado, unha reflexión estratéxica, definir o rumbo da Fundación. Evidentemente hai unha dirección na Fundación, pero o Padroado ten que poder decidir o rumbo estratéxico da Fundación. Ese acordo non se cumpriu e cando Xabier Seoane abandona o padroado, de algunha maneira está poñendo en evidencia que non se abordou o problema (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**).

*Algunos miembros del patronato entramos y salimos —es decir, que somos efímeros, somos pasajeros, afortunadamente para la Fundación—, pero hay otros que llevan mucho tiempo y que tienen además un papel mayor que los que estamos allí en representación de nuestro grupo municipal durante un tiempo en el que tenemos responsabilidades públicas, aunque sea en la oposición. Y en ese patronato hay, diría, una falta de confianza en el proyecto estratégico de la Fundación Luís Seoane. Y esto no es ningún secreto y la alcaldesa lo sabe, porque preside el Patronato y está allí. Usted a lo mejor no, porque no pertenece al Patronato. Se ha manifestado en los últimos cuatro años muchas veces y los miembros del patronato hemos abordado esa cuestión y hemos llegado a un acuerdo. Hemos llegado a un acuerdo para intentar afrontarlo, abrir un debate en el Patronato, una reflexión estratégica, definir el rumbo de la Fundación. Evidentemente hay una dirección en la Fundación, pero el patronato tiene que poder decidir el rumbo estratégico de la Fundación. Ese acuerdo no se cumplió y cuando Xabier Seoane abandona el patronato, de alguna manera está poniendo en evidencia que no se abordó el problema (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**).*

Remato xa, alcaldesa.

*Termino ya, alcaldesa.*

Se cadra, de telo abordado en tempo cando se acordou, hoxe non teriamos que lamentar que unha persoa tan importante para a figura de Seoane e para a

*A lo mejor, de haberlo abordado en tiempo cuando se acordó, hoy no tendríamos que lamentar que una persona tan importante para la figura de Seoane y*

Fundación como Xabier Seoane dimitise, que é francamente triste. E dá igual que as competencias en materia de Cultura leven catro anos nunha ruleta. Iso non pode ser escusa para que o Goberno municipal, que ademais ten a Presidencia do Padroado, mire para outro lado.

*para la Fundación como Xabier Seoane dimitiera, que es francamente triste. Y da igual que las competencias en materia de Cultura lleven cuatro años en una ruleta. Eso no puede ser excusa para que el Gobierno municipal, que además tiene la Presidencia del Patronato, mire para otro lado.*

Nada máis. Moitas grazas.

*Nada más. Muchas gracias.*

**Señor Borrego Vázquez**

***Señor Borrego Vázquez***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Bueno, señor Martínez, a ver. É que penso que para a segunda premisa, para que unha cousa poida andar, o que ten que existir é esa cousa e desde logo, se xa como parece son coñecedores da evolución dos problemas de climatización da Luis Seoane —polo menos no mandato anterior—, e recordámoslle o que diximos hai un momentiño, que levamos desde o 2013 con este problema, pois menos mal que se fixo a Fundación como se fixo por parte de quen a fixo, porque hai un lugar onde polo menos se pode resgardar a nivel técnico o arquivo, garantindo a súa conservación.

*Bueno, señor Martínez, a ver. Es que pienso que para la segunda premisa, para que una cosa pueda andar, lo que tiene que existir es esa cosa y desde luego, si ya como parece son conocedores de la evolución de los problemas de climatización de la Luís Seoane —por lo menos en el mandato anterior—, y le recordamos lo que dijimos hace un momentito, que llevamos desde el 2013 con este problema, pues menos mal que se hizo la Fundación como se hizo por parte de quien la hizo, porque hay un lugar donde por lo menos se puede resguardar a nivel técnico el archivo, garantizando su conservación.*

Evidentemente, a realidade do asunto é que desde 2013 pasaron dez anos, dous mandatos, e claro, vir agora aquí a falar de dilixencia ou de vontade, cando todo o que pasaba era que vostedes, por moito que propuxeran ao principio falar deste tema, non foron capaces de levar a cabo o investimento da climatización porque non era capaces de organizar nin sequera a súa inestable evolución. Porque hai recordarlles que non podían executar os proxectos de investimentos financeiros sostibles, que eran os que plantexaban para arranxar o tema da climatización da Luis Seoane, porque non eran capaces de cumprir os períodos medios de pago aos

*Evidentemente, la realidad del asunto es que desde 2013 pasaron diez años, dos mandatos, y claro, venir ahora aquí a hablar de diligencia o de voluntad, cuando todo lo que pasaba era que ustedes, por mucho que propusieran al principio hablar de este tema, no fueron capaces de llevar a cabo la inversión de la climatización porque no era capaces de organizar ni siquiera su inestable evolución. Porque hay recordarles que no podían ejecutar los proyectos de inversiones financieras sostenibles, que eran los que planteaban para arreglar el tema de la climatización de la Luis Seoane, porque no eran capaces de*

provedores deste Concello. Entón, a súa xestión non cumpría as normas marcadas pola lei para poder realizar estes investimentos e arranxar este problema. Claro, agora que pasa? Que chega a alcaldesa, Inés Rey, e o que fai é, non abordar ningunha crise; xestionar e dar resposta ás necesidades primarias da instalación e corrixir o que hai que corrixir primeiro.

*cumplir los períodos medios de pago a los proveedores de este Ayuntamiento. Entonces, su gestión no cumplía las normas marcadas por la ley para poder realizar estas inversiones y arreglar este problema. Claro ¿ahora qué pasa? Que llega la alcaldesa, Inés Rey, y lo que hace es, no abordar ninguna crisis; gestionar y dar respuesta a las necesidades primarias de la instalación y corregir lo que hay que corregir primero.*

**Ás dezaseis horas e cincuenta minutos sae do Salón de Sesións o señor Varela Vázquez.**

***A las dieciséis horas y cincuenta minutos sale del Salón de Sesiones el señor Varela Vázquez.***

